**ACTA Nº 7/2018 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE LALÍN DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2018. EXPEDIENTE PLN/2018/7.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

Dª. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
Dª. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. Mª JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
Dª. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
Dª. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
Dª. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
Dª. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
Dª. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
Dª. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO non ADSCRITO)

**SECRETARIO:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTOR:** D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

**ÍNDICE:**


1.- Expediente 3376/2018. Aprobación, se procede, das Actas Nº 5/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 27 04 2018 e Nº 6/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 25 05 2018.................................................................................... Páx.4

2.- Expediente 3373/2018. Decretos da Alcaldía. Dación de conta. Pleno 29062018.................................................................................................... Páx.4

3.- Expediente 2886/2018. Expediente da liquidación do orzamento do ano 2017: Dación de conta.................................................................................... Páx.19

4.- Expediente 3399/2018. Expte. de Crédito Extraordinario Nº5-P/2018................. Páx.20

5.- Expediente 3414/2018. Expte. de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito Nº6-P/2018.................................................................................... Páx.26

6.- Expediente 3419/2018. Expte. de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito Nº7-P/2018.................................................................................... Páx.37

7.- Expediente 3396/2018. Relación de facturas ao Pleno Recoñecemento extraxudicial Nº 10/2018............................................................................ Páx.65

8.- Expediente 3398/2018. Modificación das Bases de Execución do Orzamento.... Páx.71

9.- Expediente 3404/2018. Ampliación cantidade Global do Orzamento Municipal destinada a gratificacións extraordinarias por traballos fora da xornada laboral.................................................................................................... Páx.80

10.- Expediente 1574/2017. Corrección non expediente de Modificación Puntual nº 15-PXOM .................................................................................................... Páx.83

11.- Expediente 2764/2018.Comparecencia do Alcalde para que dea explicacións sobre os investimentos en saneamentos e abastecementos de auga non presente mandato.................................................................................... Páx.85

12.- Expediente 3422/2018. Moción do Grupo de Goberno para reiterarlle ao Ministerio de Fomento a realización de diversas actuacións de arranxo e mellora de infraestruturas e servizos en Lalín...................................................... Páx.92

13.- Expediente 3432/2018. Moción do Grupo de Goberno para reiterarlle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que asuma a Xestión do Conservatorio Municipal de Lalín...................................................... Páx.95

14.- Expediente 3430/2018. Moción do PP para esixir ao Goberno Municipal que habilite unha partida económica para axudar aos veciños de A Veiga a afrontar a reparación das campás e o cambio da teitume da Igrexa de San Ramón.................................................................................................... Páx.109

15.- Expediente 3431/2018. Moción do PP para esixir ao Goberno que solicite á Federación Ecoloxista Galega un informe sobre as posibles afeccións da planta de triturado de pneumáticos de RACSO ao entorno natural das cinco parroquias colindantes co Polígono.................................................... Páx.119

16.- Expediente 3417/2018. Moción do concelleiro non adscrito solicitando a emisión dun informe xurídico relativo aos insultos proferidos polo Alcalde á súa

persoa nunha sesión plenaria........................................................................ Páx.132

17.- Expediente 3323/2018. Moción do concelleiro non adscrito suxerindo pautas para a mellora do desenvolvemento do traballo en algúns departamentos do Concello........................................................................ Páx.142

18.- Expediente 1247/2018. Concesión de Bonificación do ICIO do 95 % a Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria............... Páx.149

19.- Expediente 3681/2018. Solicitude de comparecencia da Concelleira Dª. Lara Rodríguez Peña........................................................................ Páx.151

20.- Rogos e preguntas........................................................................ Páx.154

Sendo as **nove horas** do venres, **día 29 de xuño de 2018**, xuntáronse non salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luis Cuíña Aparicio, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar  a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na nonrmativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, D. Cesar López Arribas.

Actúa como Interventor, D. Fidel García Martul.

O Concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Nicolás González Casares, incorpórase non punto terceiro da orde do día.

A Concelleira do PSdeG-PSOE, Dª. Celia Alonso Caramés, incorpórase non punto décimo terceiro da orde do día.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse non estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

**1.- EXPEDIENTE 3376/2018. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 5/2018 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 04 2018 E Nº 6/2018 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 25 05 2018.**

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas N.º 5/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2018 e N.º 6/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2018.

De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

non habendo observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, un (1) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, acordouse aprobar actas N.º 5/2018, da sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2018 e N.º 6/2018 da sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2018, ordenándose a súa transcrición ao libro de actas.

**2.- EXPEDIENTE 3373/2018. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA. Pleno 29062018.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

**3.- EXPEDIENTE 2886/2018. EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2017: DACIÓN DE CONTA.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Podo?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si. É unha dación de conta en todo caso.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Bos días solo unha cuestión de orde, queriamos desde o grupo do Partido Popular, queriámoslle agradecer e que nos parece ben, que recapacitasen, e que nos entregasen o expediente completo da liquidación do orzamento do ano 2017 despois das comisións informativas e de facer esa petición, ou esa presión, pois parécenos ben que ratificasen e que nola entregasen un día despois para poder facer o expediente completo. Tamén lle queremos deixar constancia de que anque a liquidación agora xa a temos, estamos tamén atentos ós prazos que o concello debe cumprir, e vostedes saben que a conta xeral debería estar sometida a informa da comisión especial de contas antes do día 1 de junio, e esa data xa pasou, esa cuestión, bueno, comenteina co señor interventor, ó que lle agradezo tamén publicamente as súas explicacións, o que está claro, e que nese tema tamén van vostedes fora de prazo, nada máis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moitas gracias. Seguinte punto por favor. Perdón, unha cousa solo, por alusión, Señor Interventor, quere explicar algunha cuestión?

**D. Fidel García Martul**. non, es una cuestión que he comentado con el señor concejal.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moitas gracias. Si, Concelleira de Facenda.

**Dª. Teresa Varela Fisreus.** Mire, vamos a ver, por alusión ós seus prazos, bueno, xa os falamos con Fidel ninguén o fixo ben. Non se escoita. Non se escoita. En ningún momento houbo nada que ocultar, e dicir, facilitouse ipso facto por correo electrónico, e despois meteuse na orde do día, en todo momento estivo a documentación a disposición. Non se escoita. Eu pensei que fora un problema meu de que me olvidara de entregar, ou calquera cousa, entón volvín sobre os pasos anteriores, e non existía nin como punto non orde do día, solo se daba conta do decreto. Non se escoita.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.**Non se escoita. Tamén chamaba a atención que non se convocara esa comisión, pero buenon, quedou aclarado.

**O Concello Pleno quedou enterado do expediente da liquidación do orzamento 2017, documentos e contido do mesmo.**

***Incorpóranse á sesión o Concelleiro D. Nicolás González Casares (PSdeG-PSOE), quedando o grupo socialista con 2 membros e sendo 20 o número total de asistentes.***

**4.- EXPEDIENTE 3399/2018. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº5-P/2018.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 20/06/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparici**o. Concelleira de Facenda.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Bueno pois trátase de dotar o cofinanciamento das escolas infantís de Lalín… sobre o Polígono por un importe de e esta achega correspóndese co acordado. O acordo foi firmado non 2016 previsto a alza.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** algunha intervención?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, ben, antes de nada preguntar ó señor interventor este abonon de cofinanciamento das garderías se é financiadamente sostible, se se pode pagar con cargo a remanentes.

**D. Fidel García Martul.** Vamos a ver..

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero vai con cargo a remanente?

**D. Fidel García Martul**. A tesourería de libre disposición.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ah, de libre disposición.

**D. Fidel García Martul.** Non se escoita.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ben , vou resumir o máximo posible: o día 13 do 6, é dicir, o 13 deste mes, o alcalde asina os decretos de aprobación dea liquidación, o 25 presenta á comisión informativa case catrocentos mil euros de proxectos, interproxectos e partidas con cargo a remanente sen negociar absolutamente nada connosco, iso do 13 ó 25. O 26 entréganos a liquidación, 13 días despois de aprobala, e despois de presionar moito nas comisións informativas. Logo vemos que onte nos convidan a unha reunión para o día 3 de xullo, para negociar, convídanos 15 días despois? Recoñecía que é o que teñen aí, e cal é a cantidade, e de que nos non temos ningún coñecemento como quedou patente nas comisións informativas que deberiamos.. polo tanto, pretende negociar os remanentes connosco 20 días despois de haber aprobado por decreto e 5 días despois de presenciar o pleno de hoxe, e pretende sentarse connosco a negociar, cando xa non pleno de hoxe vai disposto catrocentos mil euros do mesmo, é dicir, unha vez máis pretenden tomarnos por parvos. Nóos dixémoslle por activa e por pasiva, que non iamos a permitir que nos tomase o pelo, con cargo ó remanente, dixémosllo por activa e por pasiva, se os proxectos que vostedes queren sacar adiante, e os que están pendentes que se aprobaron, algúns neste Pleno..non se van ter en conta, pois non temos nada que falar, pregunteille sobre ...e dixéronme que non había problema, si non plan concellos van a contar connosco, e dixeron que si, que non había problema, non contaron absolutamente nada connosco, unha vez máis tomáronons o pelo, enganáronos, non

nons chamaron para nada do plan concellos, nada, a pesar de haber mocións aprobadas, algunha delas por unanimidade pedindo que con cargo ó plan concellos se fixera iso ou aquelo, non solo e agora eu advertinlles claramente de que si pasaban de nos, non plan concellos, que nos iamos ser moito máis rigorosos á hora de negociar o superávit, neste caso os remanentes, se seguen facendo caso omiso, e traendo por urxencia, as comisións do outro día, uns paquetes...supón inverter catrocentos mil euros, mirade, nos nisto, como non punto seguinte, na maioría das cousas podemos estar de acordo, e que nos tomen o pelo máis, polo tanto eu pido que retiren este punto da orde do día si queren, teñen dereito a non facelo, que retiren este punto da orde do día para mellor estudio e que poidamos ver nunha mesa…Non se escoita. Ee senón votaremos todos en contra, e polo tanto, creo que como estamos convencidos de que non queren ser legais connosco....alá vostedes si os queren retirar, a nos isto, utilizar estes 115.650 euros pa isto parécenos razoable, pero pedimos que se aprace, eu pido si é .....se podemos facer unha emenda por parte do grupo popular pa retirar este punto da orde do día e que quede pendente precisamente de negociación que queren facer connosco que probablemente xa che digo que neste caso estamos de acordo, e senón verémonos obrigados...deste goberno, e dicir, que pretende tomarnos o pelo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Agora vai falar o tenente alcalde pa dicir unha serie de cousas, eu non teño ningún problema, supoño que o goberno, o resto dos meus compañeiros en retirar, onte trasladóusenos ante a petición de sentarnos a negociar que non querían sentarse a negociar, entendo isto..Escoita... nós queremos negociar, xa que consideramos que son cousas absolutamente necesarias para os veciños, non é para apuntarse ningún tanto ningún goberno, dependendo de todo o que lle vaia dicir agora. Se están dispostos a sentarse, nos encantados, son cousas necesarias para os veciños de Lalín, nada máis, pásolle a palabra o tenente alcalde.

**D. Nicolás González Casares.** Eu quería puntualizar outra cousa, non pasado Pleno cando trouxemos a subvención da exposición de cans, vostede dixo, cando teñades outra cousa deste tipo, tipo subvencións, avisade, creo que está recollido na acta, entón eu non mesmo pleno díxenlle: mire, para o seguinte pleno xa vaian contando que hai... Non se escoita...para a adaptación dun coche. Vale, iso díxeno eu non anterior pleno e está gravado, vale, pero non so iso senón que o día…

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Isto non é este punto; isto é do punto seguinte.

**D. Nicolás González Casares.** Pero e que estamos falando? Vou falar deste punto, vale, ben. Eu o día 19 de Xuño un pouquiño adiantándome sabendo que había necesidade de liquidar as escolas infantís, por certo acaba de chegar hoxe por rexistro de entrada a liquidación, vale, acabo de velo agora mesmo non gestiona, que acaba de chegar a liquidación, poño, mándolles a vostedes un mail, vale, e dicir unha copia, falo con Paz, e digo: Ola Paz, infórmote do seguinte: están montando os expedientes para pleno; algúns irán por vía ordinaria, comisións informativas, e outros igual non chegan e van por urxencia.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Con que data é iso?

**D. Nicolás González Casares**. 19 de Xuño. Pero en liñas xerais, é o seguinte: aportación municipal ó consorcio para pago anual das garderías 115 mil euros. A

aportación sairá do remanente de tesourería. Seguinte punto: obras varias de melloras nas garderías municipais, diferentes obras pedidas polos traballadores das mesmas e o consorcio, na súa maioría destinadas a solventar humidades e espazos exteriores, 79 mil euros a aportación sairá do superávit municipal, isto lévase agora, para poder facer os arranxos canto antes, se da tempo non verán, difícil, senón terá que ser nas vacacións de Nadal, polo menos o interior e cuestións exteriores que se lle poden facer en calquera época, subvención... Non se escoita.....non sei que...consta da Feira do Cabalo, suplemento de crédito para ampliación da cantidade destinada a asociacións sen ánimo de lucro dotada inicialmente con 15 mil proponse ampliar. Se da tempo, que o dubido, trataría de levar este pleno a acordo e crear de novo as subvencións para infravivenda con cargo do remanente, que foi a moción vosa que se aprobou non pleno, se non da tempo, trataremos de levalo ó pleno do mes de xullo, calquera cousa que queirades aclarar sobre estes temas ou falar, negociar, etc, estou a vosa disposición, este mail envíase polo falado non anterior pleno, cando foia subvención do da caza, polo menos vos advirto destas cousas, eu creo que na miña parte cumprín, e na do goberno que rexento, e dicir, tampouco foi unha cuestión tan sorpresiva, isto dos pagos das garderías, tamén o ano pasado tivémolo que traer a Pleno, máis que nada para liquidarlle ó consorcio en tempo e forma, eu estou completamente de acordo en negociar con vostedes, sentarme a negociar, pero estas cousas que viñeron aquí, digamos que teñen uns certos prazos e unha certas urxencias, non son caprichos nin intentos de escamotear como queda ben acreditado, agora, se hai que pasara uns días e hai que facer un pleno extraordinario ou o que sexa, agora, isto tampouco o podemos deixar pasar, porque agora que entrou a liquidación tamén temos uns prazos pa liquidar, de acordo, e eses prazos hai que cumprilos. Se temos que facer unha modificación presupostaria, con todo o que iso conleva de exposición pública, publicacións en boletíns, eu solo pido non demorar moito ó que nos poñamos de acordo, primeiro nunhas cousas logo noutras, polo menos naquilo que é esencial, como eu supoño que son estes expedientes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón. Solo unha cousa. Ademais do que di o tenente alcalde nos non temos problema en retirar isto para negocialo con vostedes, pero claro que gustaríanos aquí o compromiso por parte de vostedes de que estes puntos concretos, que vamos a ter o apoio para poder aprobalos por consenso vostedes mesmos están dicindo que consideran que son razoables, e dicir, que non pareza unha manobra de dilación non tempo para poder facer isto e nons encantados de aceptar a súa enmenda en este caso, vale.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A pregunta que quero facerlle ao tenente alcalde: hai algún prazo para pagarlle iso á Xunta ou pode esperar un mes? É dicir, vamos a ver. Nós con este punto en principio estamos de acordo, nós non estamos de acordo de que non se sentara connosco, pero estamos de acordo co punto, si pero vamos a ver. Eu o que lle quero dicir e que dixen por activa e por pasiva, e levamos un ano repetindo que non pasara o do ano pasado este ano e volve pasar exactamente igual, e dicir vostedes traen remanentes sen haberse sentado connosco e que conforme non pleno anterior vostede dixo iso porque eu lle advertía o que ía pasar, porqué non volo dixo antes?

**D. Nicolás González Casares.** Como antes? Eu cumprín cando teño a nonicia.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero se está lendo os correos electrónicos que lle

mandou hai tempo.

**D. Nicolás González Casares.** Vamos a ver, o que non me podo é adiantar ó futuro, eu en canto puiden, e en canto teño coñecemento.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu fágolle unha pregunta: si retrasar isto un mes, para o Pleno ten algún prexuízo para o concello?

**D. Nicolás González Casares.** A ver, Señor Crespo; chegou a liquidación hoxe. non puiden vela acaba de entrar polo rexistro.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Aínda hoxe?

**D. Nicolás González Casares.** Agora mesmo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Entón non terá ningún problema, digo eu.

**D. Nicolás González Casares.** Si dan un mes para pagar non, se dan 2 igual si, e dicir, depende por que hai que xerar,

**D. Xosé Crespo Iglesias**. Pero canto dan para pagar á Xunta.

**D. Nicolás González Casares.** E que non o sei, acaba de entrar a notificación, porque este é o primeiro prazo dentro de pouco chegará o segundo, porque agora chegarán aproximadamente 56 mil euros, creo que chega agora a primeira liquidación, en breve chegará a segunda, porque se liquidan en base, é dicir, que temos uns prazos, eu entendo que e a parte, mire vostede que ganancia política lle podemos sacar nons a estes remanentes, que é un pago obrigado, por certo, pago obrigado nun convenio non que en certa medida estamos en desacordo, xa non tanto non pago senón na reclamación dos atrasos, pero desde logo vostedes nunca tiveron que pagar esas cantidades, a que non? Agora páganon moitos concellos de Galicia e a nós,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Daría para un pleno o porque se pagaron estas cantidades e os problemas que houbo entre a Xunta e nos con respecto o consorcio.

**D. Nicolás González Casares.** O que quero dicirlle,

**D. Xosé Crespo Iglesias**. Eu se quere explícollo pero non vale a pena.

**D. Nicolás González Casares.** O que quero dicirlle, e que é un pago obrigatorio, é como si nos devengaran, pois unha cuestión totalmente obrigatoria, como a cota da FEGAMP, son cuestións que son obrigatorias, e as que nós, rédito político pouco lle podemos sacar, vostede me entende? É pagar unha cota, nin máis nin menos, unha cota que antes non se pagaba, antes non estaba consignada nos orzamentos, porque é unha cousa nova que xurdiu o ano pasado, quero lembrar ademais, que o ano pasado a liquidación chegou un pouquiño máis tarde, porque era o primeiro ano que o facían, e fixemos tamén o mesmo, a modificación proposta creo que foi non mes de Agosto ou a finais de Xullo ou finais de Agosto, aínda estaba Marta aquí, vale? E dicir que, eu lles pediría que si que negociemos isto, pero esta cuestión, eu pídolles e solicítolles, vale, porque a parte creo que fomos suficientemente previsores non planon

de que sabemos que isto é  unha necesidade, non é un capricho, e a parte, se me dixeran, e que van facer non sei que, non sei canto, pero é para pagar unha cota.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Teresa que queres dicir?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ben, pois sen que sirva de precedente, non incumprín a nonsa palabra pero si determinado que isto efectivamente pode ter que ver, ou ten que ver directamente co tema dunha negociación que se fixo entre a Fgamp e máis a Xunta de Galicia, neste punto que non estabamos da cordo, por esa disposición formal de non se haber sentado connosco, vámoslo a pasar, vamos votar a favor, vamos cambiar a intención de voto que tiñamos desde o grupo Popular para que isto vaia para adiante por que efectivamente é un acordo que hai e supoño que isto é igual pa todos os concellos de Galicia que estean metidos cas Galescolas

**D. Nicolás González Casares.** Eu se queren agora ao acabar o Pleno pásolles a liquidación que entrou polo rexistro, vale? Que non a vin.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A liquidación será isto mesmo que ven aquí non?

**D. Nicolás González Casares.** Non pero bueno, digamos, a factura, por así dicilo, vale?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Bueno, pero supón,

**D. Nicolás González Casares.** Igual entrou a segunda.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É o importe este de 115 mil euros?

**D. Nicolás González Casares.** Ese é o importe pero eles mandan dúas liquidacións, primeiro cincuenta e pico,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vale pois entón estamos da cordo con este punto con esa matización e do remanente de este anon quedan, digamos apartados 115 mil euros que lle reclamo unha vez mais que tiveron moito tempo pa sentarse connosco anque vostede me diga o que me diga, despois llo direi non punto seguinte, non punto seis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ben.

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Alguén máis quere intervir?

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 5-P/2018, a financiar

con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais procedente do peche do exercicio 2017, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, é necesario dotar a correspondente aplicación orzamentaria para o cofinanciamento das Escolas Infantís de Lalín-Pontiñas e a do Polígono-, xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; para dar cumprimento ao disposto na Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que regula non seu artigo 69 o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e poder facer fronte á achega municipal correspondente ao exercicio 2018; segundo os datos que constan na 1ª liquidación 2018 emitida polo Consorcio e non Informe da Asesoría Xurídica de Servizos Socias que consta neste expediente é necesario dotar unha achega municipal por importe de 115.650 € (correspondente coa contía de 900 €/praza/ano *nº prazas das Escolas Infantís) para o cofinanciamento das Escolas Infantís de Lalín-Pontiñas e do Polígono

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado con baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 0.323.45390.02 | Funcionamento centros docentes ensinon prescolar e primario.<br>Cofinanciamento Escolas Infantís de Lalín: Pontiñas e Polígono xestionadas Consorcio Galego Servizos Igualdade e Benestar. | 115.650 |

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 115.650,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2017, reflectido contablemente non concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.O importe do RLTGX que está sendo utilizado e o que supera o importe do superávit, polo que poderá ser usado como fonte de financiación cos límites previstos non TRLRFL e non RD 500/1990, con efectos tanto na estabilidade como na regra de gasto.

TOTAL BAIXAS 115.650,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto,

de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles non departamento de intervención do Concello, previo anuncio non Boletín Oficial da Provincia e non taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados non apartado anterior, se **durante o citado período non se presentaran reclamacións.**

## 5.- EXPEDIENTE 3414/2018. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº6-P/2018.

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Alcaldía, de data 22/06/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuiña Aparicio.** Teresa adiante.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Ben trátase de dotar a aplicación orzamentaria para a concesión dunha subvención nominativa ....para a protección.... de Lalín e a súa comarca por importe de 8.200 euros, estes cartos van a servir para poder adaptar integramente o vehículo que esta asociación acaba de adquirir, o concello asumiría o custe íntegro destes gastos de por a plataforma e adaptar o vehículo para que poidan trasladar ás persoas de mobilidade reducida, ben as que están internas na residencia como as do centro de día que presenten mobilidade reducida e teñan necesidade de utilizar cadeiras de rodas, e por outro lado tratase de suplementar a dotación orzamentaria destinada a concesión das subvencións ás entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións non ámbito de servicios sociais, a cantidade que se suplementaría sería de 7800, hai un incremento con respecto, porque tamén foi unha partida suplementada o anon pasado, e en total así poderíanse destinar a estas sociedades sen ánimo de lucro 22.800, é unha subvención de concorrencia competitiva, e está, solicitados 34.932,30 a ampliación do crédito nesta partida, o que fai é un aumento a hora de concesións as distintas entidades, e dariamos deste xeito unha resposta efectiva as demandas que presentan estas asociacións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias, algunha intervención. Entendo que non. Votos a..,

**Dª Paz Pérez Asorey**. Si, si,

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. Ah, perdón desculpa, non te vía.

**Dª Paz Pérez Asorey.** Bos días

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Bo día.

**Dª Paz Pérez Asorey.** Nesta proposta presentada, a intervención vai ser en relación as dúas propostas, a que se refire as subvencións ás entidades, nada que dicir estamos de acordo porque entendemos que os criterios xa están baremados, y correctamente, e polo que respecta a subvención para a compartindo o obxectivo desta financiación que vai a permitir o desprazamento das persoas con mobilidade reducida, acaba de explicar que é o coste íntegro desa adaptación, polo que a nós nós consta, ese non é o custe íntegro, o coste íntegro supera a cantidade mencionada de 8.200 euros, polo cal, é a información que nós temos, co cal nós pediríamos unha votación separada, nas subvencións e entidades sociais nada temos que dicir, apoiámola, pero na proposta..... a nosa proposta do grupo popular sería incrementar o dobre esa subvención porque nos parece que non se corresponde co solicitado.

**Dª Teresa Varela Fisreus.** Aquí hai unha factura non expediente,

**D. Nicolás González Casares.** Eu quero puntualizar que e o que solicitan eles, o coche costou máis, evidentemente o coche custou máis, pero a adaptación do coche foi o que solicitaron eles, e dicir, e a solicitude que fan eles.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Non, e que dentro do expediente consta unha factura que pon: transformación en vehículo adaptado para transporte de persoas de mobilidade reducida, dun vehículo Peugeot Boxer L2H2 con bastidor X de 7.860 máis o IVA co cal fai un montante de 8.174,40 factura que está dentro do expediente.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si pero, non....notificación pedindo a máxima subvención, e nós o que estamos da cordo e con darlle máis subvención, nós queremos que se lle dea o dobre de subvención, non 8.000, senón 16.000 euros.

**D. Nicolás González Casares.** Bueno, pero, vamos a ver, non sei, haberá que facer,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eles mandaron un escrito aquí, polo menos, a min dixéronmo eu non o sei.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** No expediente non consta.

**D. Nicolás González Casares.** Eu, a verdade, que esa parte...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estará noutra parte.

**D. Nicolás González Casares.** Eu senteime con eles varias veces e quedamos nunha subvención de 8.200 euros, vale, é non que quedamos, de feito mire vostede, hai aí, tírase da subvención da feira do cabalo, si pediran máis tirabamos máis, de feito cóllese o sobrante da feira do cabalo, para subvencións sen ánimo de lucro, vale, é dicir, eles pediron 8.200, nós dámoslle 8.200.

**D. Xosé Crespo Iglesias**. Pero que queda esa pendente para o próximo Pleno,

aclaramos ese punto que non está claro,

**D. Nicolás González Casares.** Pero terá que ir a cargo de remanente,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Apróbase o das entidades, apróbase o dos sete mil e pico euros que van para as entidades sen ánimo de lucro, e deixase pendente o do coche para aclaralo, porque eu non teño a mesma información ca vostedes.

**D. Nicolás González Casares.** Pois entón si me permite vou propoñer outra cousa complementaria a iso, como hai 16.000 euros da subvención da feira do cabalo, vale que senón quedarían sen executar, e as entidades sen ánimo de lucro, esas bases necesitan máis dos 7.200 euros, propoño dedicar os 16.000 mil euros a ampliar as subvencións sen ánimo de lucro e as necesidades que salgan do da ... que vaian a remanentes de libre disposición, si iso é posible, si me pode confirmar o señor interventor.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non, non, nós mantemos iso, simplemente nós estamos da cordo co que nons dan pas asociacións sen ánimo de lucro

**D. Nicolás González Casares.** Claro pero o que che estou dicindo é ampliar en vez dos 7.200 que van para entidades sen ánimo de lucro ou 7.800, amplialo a 16.000 porque hai necesidades, porque a concorrencia competitiva o pide, vale, e logo, nonvo expediente, facer o da PALC, digo para que non queden aí colgando, 8.000 euros da feira do cabalo, da subvención da feira do cabalo sen utilizar,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero logo porque en vez de 8.000 euros, méteselle 16.000 ó coche.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. A ver unha cousa,

**D. Nicolás González Casares.** Ao revés vale, a min váleme igual.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, perdón, unha cousa,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero que queden as dúas cousas negociadas, se estamos da cordo non vai haber ningún problema, ampliamos as 8.000 para o coche da APALC, ampliamos 8.000, máis ampliamos 8.000 pas asociación sen ánimo de lucro, ningún problema.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. Eu pido que retiremos isto, porque o que non é serio e que a nós en reunións se nos diga que se necesitan oito mil e pico euros, e que nons veña a oposición, que non dubido da súa palabra, dicíndonos que é o dobre, entón imos,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu dixéronme a máxima subvención, non 8.000 euros

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** non digo que estea mentindo, en absoluto, digo que non é o que negociou o goberno a petición deles, polo tanto, retiramos este punto, e volveremos a sentarnos con eles a ver si é certo o que din vostedes ou, non que en tres reunións,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Nós non temos inconveniente en aclaralo con vostede, e tan sencillo,

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Nós agora, unha asociación...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Outra historia totalmente diferente a que se negociou con eles, e que non ten ningún sentido.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O que me dixeron e que pediran a máxima subvención.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Eu non dubido o que está dicindo vostede. Eu o que digo e que este goberno non poderá funcionar así, que nós,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** E o que estou dicindo eu tamén.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É cuestión de aclaralo

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Unha cuestión de forma,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Paco por favor, non tedes a palabra ningún. Decisión miña. Retiramos este punto, ante a dúbida, e creo que é pouca seriedade por parte de alguén, non sei de quen, pero por parte de alguén sobre un acordo que temos con unha asociación que nos pide unha subvención e que chegamos ó Pleno e que a oposición di, insisto que non o dubido, que non se corresponde co que se negociou, entón retirámolo, e na próxima cuestión, na próxima vez, pois tratámolo, da cordo? Seguinte punto. En todo caso quero que conste en acta que me parece moi pouco serio, insisto, non por parte da oposición, que quede claro, eh... Espera, a ver unha cousa, o que me transmite o Tenente Alcalde é que podía afectarlle ó resto de asociacións, como Aranes, a ver explica iso.

**D. Nicolás González Casares.** Eu dicía o da concorrencia competitiva, porque a subvención xa está aberta, e está en fase,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Aprobamos esa parte e deixamos aberta a outra, vale? Vale estamos da cordo.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Porque non aprobamos iso se é unha tontería, eu de verdade, pero cantas veces me xuntei con el?

**D. Nicolás González Casares.** Tres, tres, catro.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Por que hai que retirar?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Porque me parece pouco serio.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Eu entendo. Eu non son o concelleiro delegado por iso fago esta intervención de aclaración, que é. Eu se me reúno cunha asociación, y lle digo que si ó que me solicita, paso o traballo, o traslado aquí, para a

súa aprobación, e hoxe unha cuestión de forma importante cambia todo, eu non lle vexo sentido a retiralo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O que se pode atopar a asociación, e que o que di o partido popular se corresponde coa realidade, que lle digamos que non por falta de seriedade, isto e o que pode pasar, quero dicir, porque nós fomos absolutamente leais con eles do que nos pediron, entón claro, se despois vimos con estas e nos enteramos por detrás,

**D. Juan José Cruz García.** E diralles que non, pero ti non tes a maioría neste Pleno para despois traer… digo eu,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Bueno veña.

**D. Juan José Cruz García.** Ó mellor tes que volver esa afirmación atrás, estás dicindo que lle vas dicir que non a unha asociación.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ó mellor que si.

**D. Juan José Cruz García.** Vai despazo home, vai despazo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Veña gracias. Estou sendo claro, entón,

**D. Nicolás González Casares.** Señor Crespo e Paz, o que quero dicir, aprobemos expediente, e que se despois hai que suplementarlles, me entende?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non porque despois vostedes. Non se escoita...quitamos o da PALC, apróbase o da subvención para asociacións sen ánimo de lucro, e aprobase esa parte.

**D. Nicolás González Casares.** Por iso

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O que decida Nico

**D. Xosé Crespo Iglesias.** ...Non se escoita...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu o que diga o concelleiro delegado da área veña.

**D. Nicolás González Casares.** Mira, eu o que quero e que as asociacións teñan as subvencións necesarias e teñan recursos, por iso facemos este tipo de políticas, agora , eu falo con persoas, esas persoas fan solicitudes, e esas solicitudes chegan a Pleno, e esas solicitudes chegan a pleno logo de pasar por moitas negociacións, por moitas solicitudes, por informes técnicos, vale, e por propostas que eles mesmos fan, di, "que nos dean o máximo de subvención" home o máximo de subvención… o coche en total creo que costou 90.000 euros, non lle vamos pagar os 90.000 euros, porque aparte,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Nós pedímolo dobre, non pedimos 90.000 euros.

**D. Nicolás González Casares.** Bueno e que vostedes piden o dobre porque eles

solicitaron 8.000 euros.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Claro e que este é o tema.

**D. Nicolás González Casares.** E que,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu non teño esa información perdoa.

**D. Nicolás González Casares.** Bueno, pois aí pasaron o que pasaron, vale?

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Non se escoita...sería unha factura que tamén consta non expediente.

**D. Nicolás González Casares.** E que a nós solicítannos 8.000 euros, eu acordo a parte dos 8.200 euros dime, 7.800 máis IVA, oito mil cento tal… 8.200.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. Nico, fin do tema, decide que queres que se faga e punto.

**D. Nicolás González Casares.** Polo menos, polo ben das asociacións, que polo menons se amplíe a base de subvencións competitivas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita...

**D. Nicolás González Casares.** Veña.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, perdón

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita...

**D. Nicolás González Casares.** Veña, pois polo menos aprobar, porque esas subvencións son necesarias.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita...

**D. Nicolás González Casares.** Home eu creo que o día 19 de Xuño mandei un mail e digo: calquera cousa que queirades aclarar sobre estes temas, ou falar, negociar, etc, estou a vosa disposición.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Y?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pois que iso é negociable.

**D. Nicolás González Casares.** Que eu falei o 19 de xuño, coa proposta, que eu fíxenlle a proposta o 19 de xuño, claro e que incluso podíame falar,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita.... máxima subvención.

**D. Nicolás González Casares.** A palabra máxima subvención…

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita...

**D. Nicolás González Casares.** Eu falei da adaptación do coche.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A ver perdón, a primeira, e tan sencillo como dicir, a ver perdón, vou falar eu trinta segundos, e tan sencillo como dicir que eu me reunín ca directiva da asociación da terceira idade e que me propuxeron que se pagase este elemento do coche, e dixémoslle que si dende o primeiro momento, non nos dixeron nin pagádenos o coche nin nada, este elemento trasladámolo ó goberno, ó goberno veuno ben, reuníronse despois para darlle forma tres veces, e sempre non cen por cen das ocasións estivemos da cordo, se estou dicindo algo que non se corresponda coa realidade…o cen por cen das veces eh.

**D. Nicolás González Casares.** E se tiñades desde o 19 de xuño que mandei ese mail, esa información, ou queriades amplialo tamén puidestes comunicalo e variabamos o expediente

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O que tamén se pode facer, perdón por último, mira vou facer unha última proposta, quero dicir, se hai que complementar non seguinte Pleno con algo máis traémolo sen problema ningún, pero aprobemos neste momento o que trae o goberno.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nico decide xa veña.

**D. Nicolás González Casares.** Non, non, non, eu quero que se aprobe o das asociacións, aprobamos o das asociacións e xa está agora o que eu lle solicitaba e que para as asociacións foran xa os 16.000 e logo tirar dos remanentes, pero bueno,

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Tes que cambiar o expediente, traelo outra vez non Pleno seguinte.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. Perdón os dous, non estou disposto a seguir cinco horas máis con este tema, polo tanto, votamos a parte correspondente as asociacións, e o outro que sexa o que dios queira, ou sexa que adiante, votamos a parte da… digo para que quede ben claro a parte relativa as asociacións

**D. Juan José Cruz García.** Pero logo se é o que dios quere xa retiras, perdón quero intervir, quero intervir.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si a ver.

**D. Juan José Cruz García.** Se é o que Dios quere xa retiras que vas negarlle a subvención a asociación? Agora xa te volves atrás.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Entre outras cousas Sr. concelleiro porque quen acordou con eles facilitarlle o máximo posible o seu traballo polo ben, son eu. Veña,

**D. Juan José Cruz García.** Espera que quero falar, tranquilo. Pois logo volve atrás xa non dito, cando te cabreas ou cando botas unha frase,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Volverei atrás o que me dea a real gana señor concelleiro, da cordo?

**D. Juan José Cruz García.** Pero eres un prepotente nato.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. Prepotente, tamén, apunto.

**D. Juan José Cruz García.** Terás que volver atrás, dixeches que, logo non lle darías a subvención a asociación, iso ten que quedar escrito en acta

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu non dixen semellante cousa.

**D. Juan José Cruz García.** Case ameazaches con que non lle ías dar a subvención

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que ameacei? veña

**D. Juan José Cruz García.** Non, non, ameazaches textualmente, dixeches: logo o que vai pasar… mira déixame falar non me interrompas, ti dixeches non recordo, senón que o diga o que vai poñer na acta o señor secretario, ti dixeches, o que vai pasar aquí e que si entón houbo un erro na asociación, non se lle vai dar nada e punto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira, absolutamente mentira

**D. Juan José Cruz García**. Bueno home.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Unha máis, absolutamente mentira.

**D. Juan José Cruz García.** Moi ben, teste que controlar, tranquilidade, tranquilidade, veño sosegado, tranquilidade Rafael.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Díxolle a sartén ó cazo, veña. Vamos a votar esta parte entón.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Unha cuestión nada máis, vamos a ver.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A ver, non, non, non.

**Dª Teresa Varela Fisreus.** Solo dous segundos, Rafa. Ben, hai unha cousa que se chama responsabilidade, é dicir, este o departamento de intervención para montar este expediente pasou un traballo, vai con cartos, bueno é de servizos sociais que hai os pertinentes informes coma en tódolos lados, vai con cargo e senón é así, é a...cámbiase a proposta de retención. É dicir, houbo unha subvención que despois houbo que facer doutra maneira con cartos. Entón temos ese cambio orzamentario, hai unha factura que se corresponde que está non expediente por iso importe que

falamos, y que agora saquemos todo atrás pois a verdade e que me parece un pouco irresponsable, non obstante, buenon, cada un que valore.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A min o que me parece irresponsable Teresa, e que crees que somos tontos?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vostede é membro...

**D. Xosé Crespo Iglesias...**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Solo unha pregunta, vostede é membro do Patronato da residencia Virxe das Dores?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale. Vale entón digo para dicir que non sabía nada, vamos do tema.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Que non sabia nada? Entendeuse mal. Eu non dixen que non sabia nada.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non sabía que estabamos negociando iso, sendo membro do Patronato? Con eles? Digo, non sabía?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Perdoe o que vostede negocia con calquera eu non teño porque sabelo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sendo membro do Patronato? Ou sexa, que non lle trasladaron os acordos que ten.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E como se di vostede que Medela, se entera dunha negociación que fai vostede, non se entera de ningunha.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale, vale, vale, entendido, en cambio si lle dixeron según vostede que querían o dobre non? claro, é unha cousa curiosa, veña votamos como propuxen.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** ....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Votamos como propuxen, votos a favor, veña

**D. César López Arribas.** A primeira parte non?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, a primeira parte, a outra queda pendente. Xa o digo eu gracias.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenonr.**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 6-P/2018, a financiar con cargo á baixa de crédito doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades: Proponse dotar a correspondente aplicación orzamentaria para a concesión de subvención nominativa á Asociación para a Protección de Anciáns de Lalín e a súa Comarca (APALC) para o cofinanciamento da adquisición dun vehículo adaptado para o servizo de transporte de persoas usuarias do centro residencial e centro de día xestionado pola citada asociación, especialmente daquelas con mobilidade reducida. Polo Concelleiro delegado de Benestar Social proponse a concesión de subvención por importe de 8.200 €, sendo necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2017 prorrogado para o 2018, achegándose a este expediente a solicitude de APALC así como o informe técnico xustificativo do interese ou finalidade pública que se pretende conseguir coa concesión directa desta subvención. Esta modificación supón, ademais, modificar as Bases de Execución do Orzamento 2017 prorrogado para o 2018, non que se contemplan as subvencións nominativas (Base 27).

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E aí pediron prórroga. Eu vin na prensa que lle dixeron que si que lla ían dar. Non?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, perdón. Díxerono diante de vostede que estaba eu, 20 días máis;  Díxoo *Cores Tourís.* Estaba vostede comigo na AED.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Perdóenme. Eu non lle digo... Eu pregunto; non estou dicindo que non.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero verdade que llo dixeron diante de min na AED?

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Está solicitada a prórroga.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu o prazo non o oín, pero é igual non se preocupe,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dixéronlle 20 días máis. Había algún xornalista que estaba aquí sentado ademais.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estamos pasando do 30 de outono; o 20 non; o 15 de novembro. As dúas teñen máis ou menos prazo de o 15 de novembro, non?

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Máis ou menos si.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón. Teresa: déixame un segundo. A do polígono que creemos que estamos moi moi axustados estamos dicindo en pleno. Na reunión do outro día de xeito extra oficial, díxonos o Delegado da Xunta, diante de vostede e diante de periodistas que están aí sentados, que nos ían a conceder entre 15 e 20 días máis, e que máis non ía ser posible porque tiñan que xustificar. Foi o que se dixo e vostede estaba sentado a un metro de min.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pois aceptando pulpo como animal de compañía e tendo en conta,

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** ...1:36:37.. deste mes. Polo tanto chegaría aquí ao día seguinte. O quince? Vale. Chegou o quince. Foi a primeira Xunta de Goberno que tivemos, a prórroga, solicitude de prórroga. Quero dicir que a nós é imposible ser máis áxil nesta materia e porque entendemos falando cos técnicos, que viron a memoria e o prazo de execución, que a propia memoria reflicte que é imposible cos prazos que da a Xunta acometer iso. E é imposible porque a Xunta sabe de sobra que eses prazos son este tipo de subvencións trampas nos prazos, que non é só telas feitas. A licitación hai que tela feita e xustificada, e todo o proceso completo. Por iso nós debemos tardar dous días. Na primeira xunta de goberno desde esta notificación para solicitar esa prórroga, eu non estiven nesa reunión que fala o Alcalde dela. Eu agardo que a notificación que nos chegue da Xunta non sexa de vinte días.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si que ten que ser de vinte días, porque recordo que a Xunta ten que xustificalo a Europa antes do 31 de decembro

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Acábollo de dicir eu que o dixo na reunión o delegado.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Díxoo. Entón ten que ser antes do 31 de decembro. A Xunta ten que xustificar aos concellos para que a súa vez ela xustifique alá, pero iso e o plan de pavimentación de vías públicas do polígono, non é o Marco, eh!.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Non, non. Como antes dixo vostede que dubidaba da notificación da Xunta, entrégolla agora. Está aquí. Do 14 saíu e chegaría aquí o 15.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu non dixen que dubidaba da notificación da Xunta. Digo que vamos a ver: trouxérono por urxencia e non nos dou tempo de velo, porque

vostedes non queren querelo. Trouxérono por urxencia para que non nos dera tempo de velo,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vou pedir que me traian un café.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Polo tanto… pida vostede o que queira,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Imos estar 5 horas con este punto. Leva falando media hora. Remate.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Home, porque vostedes enganáronnos, traéndonos isto por urxencia, traéndonos isto por urxencia.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nós somos o peor e eu estou detrás de todo. Veña adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Tanto no tema do polígono como os camiños veciñais que meteron non Plan Marco para que poidan suplementalo con fondos propios e aquí neste momento non tería ningún problema; punto primeiro. Méteno con remanentes para xogárnola e para tomarnos o pelo unha vez máis. Para que di, nisto non van dicir que non. Entón metémosllo coma remanentes, en vez de negociar os remanentes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa o repetiu catro veces.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, si, mire

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se lle dou máis tempo a palabra non é para que repita o mesmo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Chegado este punto, voulles a facer unha proposta: Vostedes meten con fondos propios estes dous; non os meten con fondos propios porque non o queren, e queren sisar para que quede pouco, igual que fixeron o ano pasado. O ano pasado os remanentes cargáronos, meténdoos en cousas que vostedes quixeron e traéndonolos aquí de remanguillé a última hora.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** E non serán cousas que necesitan os veciños?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, si, pero a nós tomándonos o pelo. E que mire e que nós temos aquí propostas que se aprobaron incluso por unanimidade.

**D. Nicolás González Casares.** Negociamos o superávit o ano pasado eh.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Terminou? Terminou?. Eran do ano pasado. Están esperando para as eleccións. Paréceme ben. Non se preocupen. Así como vostedes creen que nas eleccións se pode vender moito, eu dígolle o contrario. Vale, tranquilo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Home, por favor, non me faga rir.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, xa verá, tempo ó tempo. Vostedes estiveron retrasando 4 anos o último ano.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu inda vin a explanada de Maceira 10 días antes das eleccións.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Resumindo e remato. Se me deixan, visto como xogan vostedes esta partida con cartas marcadas, e visto que nos queren tomar o pelo e encima.......

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Outra vez.

**D. Xosé Crespo Iglesias. N**on me diga outra vez, respécteme.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu respecto, pero non respecta vostede ó pleno repetindo o mesmo 5 veces.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Respécteme, se quere. Visto que nos queren tomar o pelo sistematicamente, voulle a dicir unha cousa: Convocáronnos para unha reunión para negociar os remanentes o día 3. Mentres non nos mandes as memorias, eu non digo os proxectos, as memorias, do que se aprobou aquí por parte do Pleno, cousas que sexan financeiramente sostibles, póñolle por exemplo os sumidoiros de Botos, do Corpiño, de Cadrón, póñolle por exemplo as melloras dos pavillóns, todo o que se aprobou aquí, -mentres non nos manden as memorias, e cando nos manden as memorias nos convoquen para unha reunión, se queren ao día seguinte, non dean dous días para estudalo, -non me convoquen esa reunión do día tres, porque xa lle digo que non vou ir, porque vexo que me están tomando o pelo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Queda claro Sr. Crespo. Moitas gracias. Xa está, xa está.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Bueno, vólvollo dicir non seguinte punto, se quere. É mellor que o esgote aquí e despois no seguinte punto non lle digo nada. Vostedes queren negociar os remanentes?… Nada que obxectar. E nesa negociación dos remanentes non nos divide á oposición. Eu quero que nesa negociación dos remanentes estea o concelleiro non adscrito, porque é chave e o grupo popular e máis vostedes.
Se queren, a condición que eu poño, despois se queren negocien con el solo, e xa está, porque negociando con el solo xa o teñen arranxado. Pero se queren o visto bueno do PP, a min mándenme as memorias para saber o que costa todo o que levamos aprobado aquí non pleno. Cando me manden as memorias, sentámonos e dicimos: bueno, agora que temos as memorias, metemos isto, isto, isto e isto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Queda claro Sr. Crespo. Moitas gracias

**D. Xosé Crespo Iglesias**. A reunión do día 3 pola nosa parte queda sen efecto mentres non nos manden as memorias que se aprobaron neste pleno por maioría ou por unanimidade. Polo tanto nós pedimos neste punto que se voten por separado tódolos puntos. Entón na actuación da gardería pode esperar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sr. Crespo, aceptado. Non lle quero quitar a palabra. Aceptado o que está dicindo, o goberno estará o día 3 ás sete da tarde sentado

agardando por vostedes. Poden non aparecer.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu xa lle digo que non.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa bueno, pero eu lle digo que o goberno vai estar alí.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero que vamos a negociar?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Da igual. Eu dígolle que vamos estar alí. Vostede se quere vir a saudarnos, pasen por alí. Así veñen polo Concello tamén e podemos falar moitas cousas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ningún problema. Nós mandaremos un para que lle diga o que lle  acabo de dicir agora. Vamos a votar por separado?

**D. Rafael Cuíña Aparicio**. Xa lle dixen que si.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ah vale, moi ben.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non? non queredes?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se non votamos por separado, votamos en contra. Xa volo advertimos: non estamos dispostos a votar por separado por culpa de que non se perda o do polígono e por culpa de que non se perda o do Plan Marco.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Isto é absolutamente insufrible.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Home: chuléanos a nós constantemente.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É certo Sr. Crespo. Chuleamos, somos prepotentes, eu ando detrás de todo…

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Díxenllo o ano pasado eu non vou aceptar os remanentes sen negocialos previamente.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Da igual, da igual, non ten a palabra, non ten a palabra.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Bóteme fora e queda con maioría. Ah non que falta Celia.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Creo que nunca... Celia non está por un tema de saúde.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non, non. Eu non digo nada, inda que me boten...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Digo, que creo que nunca lle ameacei eu con botalo do pleno; paréceme; será a primeira vez. Polo tanto fagan o que queiran. Sr. Tenente Alcalde: veña, un minuto.

**D. Nicolás González Casares.** Eu creo que os seus argumentos nesta cuestión polo menos, no que respecta ás gardería,s cae polo seu propio peso, Sr. Crespo, porque eu coido que o 19 de xuño, o Consorcio mándanos unha comunicación...Escoite, escoite. Estou de acordo, pero é que tamén tería que estar da cordo na forma e non solo non fondo. O Consorcio manda unha comunicación de que arranxemos humidades nas garderías. Por certo, que logo podemos liquidarllas a eles, que isto non é perder os cartos. Reúnome co Consello Escolar das garderías cando toca e digo: mira imos facer o das humidades, pedide algo máis, pedide cousas que teñades necesidade, porque sempre van mandando por rexistro de entrada ou por correo electrónico as necesidades que teñan nas dúas garderías. Iso é a mediados de abril. Eu dígolle ao técnico municipal que me faga unha memoria. Vale con respecto ao das garderías. Evidentemente o técnico non é unha máquina que ma fai en dez minutos. Tarda un tempo, e o 19 de xuño, mándolle ese mail a Paz, a Paz e ao PP. Perdón, onde di, calquera cousa que queirades aclarar sobre estes temas ou falar ou negociar, estou a vosa disposición. Pero é que inda máis, o día 22 de xuño, reenvío o mail e dígolle: as comisións do luns irán por urxencia algún dos temas que lle comentei. Poño, mellora das garderías municipais, e adxunto a memoria técnica das garderías, é dicir, vai o proxecto axuntado, hai unha semana. Creo que houbo tempo e aparte a disposición a negociar que queda aí ben clara, e explico porque ten que ir o das garderías. Vale? porque as obras das garderías o conveniente e facelo cando non hai clase. Non hai clase non mes de agosto e no tempo de Nadal. Se vostedes queren retrasalo, alá vostedes. Por certo é un requirimento tamén do Consorcio

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Levamos tanto tempo con isto que o Secretario quedou sen batería na gravadora. Ou sexa, que imaxínense.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Sr. Tenente Alcalde: iso que vostede di, que pode ter razón, non se negocia nun pleno. Onde hai que decidir... Iso negociase nunha mesa antes. O dos 77.000 euros, iso negociase nunha mesa antes. E iso que vostede nos di aquí, dínolo nunha mesa. Nós poñémoslle as suxerencias que estimemos oportunas, é chegar aquí e solo votamos, que sería o correcto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que parte de que o Sr. Tenente Alcalde envioulles un mail, e que lle dixo se teñen calquera aportación, dubida tal, consúltemo… non acabou de entender? Dígame, que parte diso non entendeu?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Voulle explicar. Mire: negociar ata o de agora, que eu saiba non é mandar un mail e dicir: aí che vai iso, que é o que eu propoño. Negociar é mandar un mail, é dicir, que día nos podemos reunir, para ver este mail que che mandei, pero é que estamos negociando no pleno, cando había que ter negociado nunha mesa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón. Doulle a palabra ao concelleiro non adscrito.

**D. Juan José Cruz García.** Simplemente visualizar que non se conta comigo para nada. Ratificar que o único grupo que tivo en conta ao concelleiro non adscrito foi o grupo popular, e ofrecinme igualmente a vós para calquera negociación e non houbo ningunha chamada nin ningún convite. Polo tanto agradezo o xesto do PP, porque tamén considero que hai unha serie de obras que coñecemos todos, que xa aburrimos

ata a saciedade repetindo o de acordos plenarios incumpridos. Eu tamén na miña conversa privada co PP fixen a mesma intención de que eu baixo ningún concepto me sento a falar con ningún tipo de remanentes ata que non vexa comezar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non te preocupes que non vas estar nesa circunstancia. Non perdas o tempo.

**D. Juan José Cruz García.** Bueno, estamos bos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale, rematou?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Entón mire, Tenente Alcalde, vámoslle dar para diante tamén ó das garderías.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vamos dar paso á votación.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E mire unha cousa,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, xa está, xa está.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non nos tomen o pelo. Pensan que son moi listos. non se comprometen a nada, que se comprometen e despois non compren.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale, vale, que nos comprometemos a non tomarlles o pelo, a non chulealos e a non estar detrás de conspiracións de diferentes formacións políticas. Comprometémonos a iso. Veña: votamos por partes Sr. Secretario.

**D. Juan José Cruz García.** Escoita: quero seguir falando.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Segue, segue.

**D. Juan José Cruz García.** Non apures tanto, porque eu aquí son chave e agora mesmo ofrézolle a Paco Vilariño, ser eu chave para unha obra que pida Paco Vilariño non o PP. E o PP que acepte a obra de Paco Vilariño. Ti non te molles tanto que aquí hai xente máis valente ca ti. Non, non, non, non digo iso. Digo: ofrézolle a Paco Vilariño que empece a exercer como exerceu de control non principio do pleno e ofrézolle ao PP sentarse con Paco Vilariño a negociar os remanentes. Solo a Paco Vilariño, a ver que dis agora. Moita prepotencia chaval! Telo na túa mao negociar os remanentes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Paco despois de 40 anos de amizade, eu entendo que… veña procedemos a votar despois desta interesantisima conversa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Retirades o da Praza de Abastos para mellor estudo entón?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, non, non; non retiramos nada. O ofrecemento noso a vós e que aprobedes a parte de arriba e nós comprometémonos tamén a facer tamén o proxecto da parte de abaixo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non, vai todo xunto. Non nos fiamos de vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nós non o aceptamos iso. De acordo? Entón, votos a favor…

**O Sr. Secretario.** De toda a proposta, non?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Nico, séntate para votar. Fai o favor anda.

**O Sr. Secretario.** De toda a proposta?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, por partes, por partes. Quedamos niso.

**- "ACTUACIÓNS VARIAS NAS GARDERÍAS DO P.I. LALÍN 2000 E PONTIÑAS-LALÍN":**

Sometida a votación ordinaria a proposta relativa a esta actuación, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: dezanove (19), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC e dez (10) do PP.*
*Votos en contra: ningún.*
*Abstencións: unha (1) do Concelleiro non adscrito.*

Xa que logo, **aprobouse a modificación**.

-"**ACONDICIONAMENTO INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN"**

Sometida a votación ordinaria a proposta relativa a esta actuación, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: nove (9), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*
*Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*
*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **rexeitase a modificación**.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** 11 en contra do proxecto da Praza de Abastos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** En contra do proxecto seu.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, do proxecto dos praceiros e do goberno, efectivamente. Seguinte punto. Repito do proxecto dos praceiros e do goberno.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Iso e o que di vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si claro o proxecto fixérono os praceiros e nós

asumímolo, cal é a mentira diso?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Xa llo explicarei.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si perdón, que quere falar o Sr. Interventor.

**D. Fidel García Martul.** Un momento, vamos a ver. Al estar cambiando lo que venía en la propuesta, non solo hay que tener en cuenta el crédito, sinó la financiación. Aquí venía explicado…

**D. José Antonio Varela Quintela.** Aí ven preparado para votar todo...

**D. Fidel García Martul.** Viene preparado para votar todo. No hay problema.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** José Antonio: estamos aceptando votar por partes. Asi que, blanco y en botella, non temos problema ningún.

**D. Fidel García Martul.** Si, está bien, la financiación es con cargo a remanente de tesorería.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mala sorte José Antonio. Dalle, veña, vamos.

**D. Juan José Cruz García.** Se fai o favor, podo falar Rafael?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, agora non. Xa non estamos nese momento; estamos votando veña.

**D. Juan José Cruz García.** Pero déixame falar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Veña, adiante, adiante.

**D. Juan José Cruz García.** Íache dar posibilidade de negociación.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero e que non quero negociar contigo. Non quero nada.

**D. Juan José Cruz García.** Non queres negociar? Estás visualizando ó pobo de Lalín que non queres negociar co concelleiro non adscrito?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si, si. Exactamente iso. Non quero negociar co concelleiro non adscrito. Nin eu nin o goberno. Queda claro, verdade?

**D. Juan José Cruz García.** Non, o goberno non, eh!.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si, o goberno. Se non que diga algún que está en contra do que estou dicindo eu con toda a liberdade.

**D. Juan José Cruz García.** Pois ten coidado que non goberno hai xente que quere negociar comigo. Logo e que ti non controlas ó goberno.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Hai algún tipo de ameaza?

**D. Juan José Cruz García.** Digo ten coidado. Ten coidado que ao mellor tes a algún non grupo de goberno que negocie comigo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estou eu preocupadísimo con iso.

**- "REFORZO DO FIRME PISTA DA VEIGA (SAN RAMÓN) E MELLORA DO ACCESO AO TOXO (FONTECABALOS-SELLO)"**

Sometida a votación ordinaria a proposta relativa a esta actuación, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **aprobouse a modificación**.

**-"REPARACIÓNS DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000"**

Sometida a votación ordinaria a proposta relativa a esta actuación, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CXG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **aprobouse a modificación**.

Xa que logo, **APROBOUSE** o expediente do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 7-P/2018, que se financia con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2017, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades ,unha vez informado pola Intervención municipal,:

En concreto, trátase de dotar de crédito ás correspondentes aplicacións orzamentarias para a realización dos seguintes investimentos, previa declaración, por esta Alcaldía, como Investimentos financeiramente sostibles:

**-"ACTUACIÓNS VARIAS NAS GARDERÍAS DO P.I. LALÍN 2000 E PONTIÑAS-LALÍN",** segundo o proxecto do Arquitecto Técnico Municipal que forma parte do expediente, cun orzamento de execución por contrata por importe de 77.734,19 €

**-"REFORZO DO FIRME PISTA DA VEIGA (SAN RAMÓN) E MELLORA DO ACCESO AO TOXO (FONTECABALOS-SELLO)"** segundo o Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico municipal, cun orzamento de execución total de 122.623,82 €. Para a execución deste proxecto, por resolución do 2 de maio de 2018 do Director xeral da

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), concedeuse ao Concello de Lalín unha axuda por importe de 98.615,66 € ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 coa seguinte distribución por anualidades: Anualidade 2018: 49.307,83 € e anualidade 2019: 49.307,83 €.

A citada resolución emitiuse ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017 do Director xeral de AGADER, para a concesión directa das axudas correspondentes ao citado Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 (DOG. n.10 do 15 de xaneiro de 2018). En virtude desta resolución, para a execución do proxecto é necesario dotar unha achega municipal por importe de 24.008,16 €.

-**"REPARACIÓNS DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000",** segundo o Proxecto redactada polo Arquitecto Técnico Municipal, cun orzamento de execución por contrata de 109.253,44 €.Para a execución deste proxecto, por Resolución da Consellería de Econonmía, Emprego e Industria do 6 de xuño de 2018 concedeuse ao Concello de Lalín unha subvención para a habilitación e mellora de infraestruturas do parque empresarial, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

De acordo co disposto na citada resolución, o Concello de Lalín é beneficiario dunha subvención por importe de 87.402,75 € para o desenvolvemento do proxecto "REPARACIÓNS DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000" correspondente ao 80 % do investimento subvencionable que ascende a 109.253,44 €, sendo necesario dotar unha achega municipal por importe de 21.850,69 €.

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, para a execución, previa declaración de inversións financeiramente sostibles das obras seguintes financiadas polo importe do superávit con cargo ó remanente líquido da tesourería do 2017, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario.

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 0.323.632.39 | Funcionamento centros docentes de ensino Actuacións varias nas Garderías do P.I. Lalín 2000 | 77.734,19 |

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 77.734,19 €

1.2- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE € |
|---|---|---|
| 0.454.619.62 | Camiños veciñais. Reforzo firme pista da Veiga (S. Ramón) e mellora acceso ao Toxo (Fontecabalos-Sello), Plan de mellora de Camiños municipais 2018-2019 | 24.008,16 |
| 0.1532.619.63 | Pavimentación vías públicas. Reparacións beirarrúas, reordenación das Rotondas e sinalización Interior do Polígono Industrial Lalín 2000. | 21.850,69 |

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO 45.858,85 €.

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Superávit e Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2017, reflectido contablemente non concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles non departamento de intervención do Concello, previo anuncio non Boletín Oficial da Provincia e non taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados non apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

## 7.- EXPEDIENTE 3396/2018. RELACIÓN DE FACTURAS AO PLENO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL Nº10/2018.

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 20/06/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xuño de 2018.**

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Este recoñecemento extraxudicial é por un importe 12.190,22 euros. Trátase da aplicación da base quince do orzamento. Temos que dicir con respecto a iso o mesmo que dixen non anterior pleno: que hai crédito, que o traballo foi encargado, que se fixo o traballo e que se lle deu a conformidade. Se analizades pormenorizadamente as facturas que viñeron, vedes que moitas delas correspóndense a gastos imprevistos, por exemplo a recollida de animais, é dicir, que non sempre vai poder estar todo contratado. Incluso tamén hai facturas que veñen a recoñecemento extraxudicial, que si houbo procedemento de contratación, estou falando neste caso, por exemplo, dos pellets. Non se chegou a formalizar o contrato, si que se fixo todo o proceso de contratación. Houbo un adxudicatario, e cando se lle requiriu que aportara a documentación para firmar, non firmou. Pero si que eu creo que todos entendedes que é prioritario acometer eses gastos, e que aquí a pesar de haber un proceso que se seguiu hasta o final, que houbo adxudicación, se o adxudicatario despois na última fase non firma, iso é inesperado totalmente, por iso ven este recoñecemento.
Tamén dicirvos que este mes son 12.190 o mes pasado son 11 mil e pico euros, é dicir, andamos sempre entorno ós 12.000. Co isto vese se facedes unha comparativa ou unha porcentaxe de canto supón non orzamento. Son cantidades irrisorias. O que quere dicir que case todo está contratado, pero e que se vedes o análise das facturas é imposible ter todo contratado, porque sempre xurden imprevistos que hai que facerlle fronte e acometer eses gastos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moi ben. Intervencións?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Ben, nós pola nosa parte remitímonos á intervención que se fixo non anterior Pleno. Eu estiven reunido co Sr. Interventor, para que me explicara a modificación das bases que veñen non seguinte punto, e tamén preguntei pola modificación da base quince, que solicitamos e aprobamos en Pleno.
Esa modificación pois debía vir proposta polo Sr. Alcalde pois ca axilidade que vostedes consideren. Nós hasta que esa proposta chegue a Pleno, modificación da base quince, mantemos a mesma argumentación que fixemos non anterior Pleno e por axilidade administrativa, que entendemos o que a concelleira nos expón, por axilidade administrativa nós non vamos a causarlle ningún tipo de problema a ningunha empresa, nin queremos que ningunha empresa teña que ir, como diximos non anterior Pleno a un procedemento xudicial que ganaría seguro. Este é un tema única e exclusivamente de xestión do goberno. Entón nós vamos a facer o mesmo, a mesma argumentación, pero esta vez vouno explicar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non estamos dicindo que xa saíron os dous que necesitan...

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Por favor: Déixeme acabar, porque mire, este é un problema de vostedes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Porqué te enfadas?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Porque me enfadas Alcalde.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non fai falta enfadarte.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández**. Porque sempre queres quedar por riba, e este é un problema voso. Nós por axilidade por non causarlle ningún tipo de problema a unha empresa.....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, pero unha cousa. Porqué me dis que quero quedar por riba se non che dixen nada? Claro é que, é dicir, manteñamos as formas. Eu nunca che dixen nada como para dicirme iso. Ti mesmo.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Mire: hai un linguaxe non verbal que se lle nota cando vostede ve algo que non lle gusta.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Linguaxe non verbal?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Sempre lle da a volta. Si, si, nótaselle.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pois a partir de agora teremos en conta nos plenos a linguaxe non verbal.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Pois pódea ter en conta, porque di moito eh. Ben, entón, nós vamos a levantarnos o número de concelleiros que sexa necesario.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non nós deramos conta. Mira ti. Estamos xogando ó xadrez.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** É dicir, que vostedes por responsabilidade teñen que solventar este problema. Por responsabilidade deberían traer a modificación, a proposta, vostede, Sr. Alcalde. Vostede, era o que tiña que traer a proposta de modificación da base quince, para non meter en ningún tipo de problema a ningunha empresa. Vostedes son os que executan os gastos e son os que xestionan este Concello. Entón que lle quede claro: vostede se quere aprobar estas facturas, apróbaas co seu voto de calidade.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa, xa me din conta.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Vale? Se quere. E se non, o que teñen que facer é traer a modificación, porque a obrigación de vostede, é o único. O Alcalde, e o único que pode traer a proposta de modificación da base quince, que se aprobou non anterior pleno e vostede non a trae.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estamos da cordo.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Entón o que non pode facer é un circo deste Pleno. É que as veces da vergonza allea estar moitas veces neste Pleno. De dez puntos que levamos, a metade do pleno é xestión do goberno e sempre hai algún problema. É dicir, a ver se chegan ás mocións, porque aí si que se defenden ben.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** É de vergoña allea o pleno polo goberno, non por vostedes?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Déixeme acabar. É que non me deixa acabar. É dicir, todo son dubidas. Todo son dubidas de vostedes. Non saben o que van facer. Miran uns para outros. Nós dicímosllo claro: este é un problema de vostedes, por axilidade e por non crearlle ningún tipo de problema a ningunha empresa, nós levantámonos en proporción ao número de concelleiros que vostedes teñan, para que en segunda votación o voto de calidade sexa quen o aprobe. E teno que aprobar vostede. Entón contamos, si quere. Nós vámoslle votar en contra.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Isto é Karpov, Kasparov. Xa me dou conta. Mire: eu teño moito traballo arriba. Marchamos todos e fin.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A metade do pleno son puntos de xestión de vostedes e en tódolos puntos montan un circo sempre, e o que hai neste Pleno.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ah, quere coñecer que en cambio vós e o concelleiro non adscrito ides por libre.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Goberne. Vostede ten que gobernar. Teñen que gobernar. Son os que teñen que gobernar; non somos nós.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dacordo. Calculade ben cantos teñen que saír en función dos que estamos para que sexa o voto de calidade. Calculade ben a ver se vamos a meter a pata. A ver sumamos...

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Nós xa llo advertimos. Nós vamos a votar para que existe ese empate e sexa vostede quen desempate.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu xa sei o que pretende. Paréceme tan triste. Xa nós dimos conta non pleno pasado.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Parécelle tan triste… E porque non trae proposta da base quince?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita... Teño datos. Demostrareino.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ah si? Home, pois vaime gustar iso. Vaime gustar iso.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Pepe. Mira, perdón. Eu falei co Sr. Interventor e o informe sobre a base quince. Vostede podía telo xa, podía traer unha proposta e podiamos solventar este problema, porque hai facturas que son recorrentes.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Déixame falar solo un segundo, porque se o Sr. Interventor che dixo iso é gravísimo porque eu cando me presentou a modificación das bases, está aí Fidel, díxenlle: mire vouche solicitar a modificación da base quince, que foi a que pedimos nós outro pleno, que se modificara. Díxome, Sra. Concelleira: non teño tempo. Cando poida si que o vou facer. E eu díxenvos en comisións que non ía traer unha proposta en tanto en canto non puidera facer o informe. É así ou non,

Fidel?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Teresa: espera. Eu falei con el. Eu falei co Sr. Interventor. A pregunta era se a modificación desa base quince era posible. Cando falamos na conversa que tivemos, hai determinados aspectos que si se poden modificar. Entón, eu que vos quero dicir que, unha vez que estea ese informe, si se trae esa proposta, podedes solventar ese problema. Pero hasta que veña esa proposta aquí, o problema é voso que sodes os que gobernades. Vós tedes que gobernar, e o que non podedes é ampararvos sempre na oposición dicindo que somos os malos. É dicir, pasou no anterior pleno e volve pasar agora. Entón aquí non hai nada que ocultar. A nosa postura é clara.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algo máis?

**D. Fidel García Martul.** Hablé con el Señor Concejal y en ningún momento le dije que esa propuesta era imprescindible para modificar eso. Vamos a ver si nos aclaramos. Le dije que el informe es sobre un aspecto, que cuenta con una regulación muy escasa, que era posible la distribución de competencias, distribución de competencias que ya existe tal y como está redactada en las actuales bases de ejecución, que el límite para esa modificación de las base de ejecución del presupuesto era la distribución de competencias entre el Alcalde y el Pleno y lo que se refiere a levantamientos de reparo. Entonces en ningún caso le dije que… básicamente eso. Yo tampoco le dije que non se me hubiese presentado una propuesta. Lógicamente non se me presentó, porque, entre otras cosas, le dije que no tenía terminado ese informe. Es decir, a mi, lógicamente la Señora Concejala no puede hacer una moción, una moción incoando la tramitación de ese expediente de modificación de base de ejecución del presupuesto sin tener por escrito mi informe. De acuerdo? Es lo que le quería decir.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A nós quedounos claro sen ningún tipo de problema. Quedounos claro que si se quere modificar a base, por parte do PP, nós xa o expresamos: pedimos e aprobamos en pleno da modificación da base quince en base á súa interpretación. Uha vez que se traia esa modificación, loxicamente o panorama cambia. Ata que non se traia cada un é responsable dos seus feitos.

**D. Fidel García Martul.** Pero yo lo que le quiero decir es que la Señora Concejala, non podía decirme: inicia el trámite de modificación de la base de ejecución.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Mire, se en algún momento na miña intervención se entendeu que a Sra. Concelleira non traía a proposta porque vostede me dixera outra cousa, iso non era a miña intención. A miña intención era deixar claro que non ven a proposta, que quen a ten que facer é o Señor Alcalde en base ao que vostede diga. Ata que esa proposta chegue, loxicamente a nosa postura é a mesma que non anterior pleno e remitímonos á mesma argumentación. Tamén lle expliquei o procedemento de votación que íamos a seguir para non paralizar o Concello e para non levar ás empresas a abocalas a un proceso xudicial que ganarían seguro.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Procedemos a votación.

***Non se atopan presentes na sesión as Concelleiras Dª. Mª José Senande Méijome (PP) e Dª. Raquel Lorenzo Fernández (PP), quedando o grupo popular con 8 membros e sendo 18 o número total de asistentes.***

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: nove (9), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*
*Votos en contra: nove (9), sendo oito (8) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*
*Abstencións: dúas (2) do PP, por ausencia das Concelleiras Dª Raquel Lorenzo Fernández e Dª. María José Senande Méijome.*

De acordo co disposto nos artigos 100.2 do ROF, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e 46. 2.d) da Lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, sometida a unha nova votación o expediente, por existir empate de votos na primeira, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: nove (9), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, dous (2) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*
*Votos en contra: nove (9), sendo oito (8) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*
*Abstencións: dúas (2) do PP, por ausencia das Concelleiras Dª Raquel Lorenzo Fernández e Dª. María José Senande Méijome.*

Xa que logo, **CO VOTO DE CALIDADE DA PRESIDENCIA**, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE DO SEGUINTE TENOR**:

Como consecuencia da existencia de determinados gastos realizados:

1.- Non é posible imputalos ó orzamento do exercicio corrente debido ós principios de especialidade cuantitativa e temporal dos créditos e tendo en conta que existe unha obriga de proceder a recoñecer estes créditos pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da Administración.

2.- Noutros casos por omisión non expediente de requisitos ou falta de trámites esenciais., polo que presento o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 10/2018 por importe total de 12.190,22 €.

Tendo en conta que por parte deste Concello se debe considerar necesario proceder ó recoñecemento extraxudicial co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que efectivamente se trata de subministros prestados ó Concello durante o ano 2018.

De acordo coa Base 15 do presuposto de 2017 e prorrogado para 2018 que di : O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria non exercicio non que se realizou o gasto, ou cando existira, se se realizaron estes sen someterse ó ***procedemento xeral de contratación*****.** Fóra destes supostos, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderalle á Xunta de

Goberno Local, logo da incoación do expediente polo concelleiro delegado de Facenda.

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro**: Proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de **12.190,22 €**, segundo a relación que acompaña á proposta (**Relación nº 00031**: **12.190,22 €**).

| PROVEEDOR | CIF | CONCEPTO | DATA | ,00 |
|---|---|---|---|---|
| MATERIAL REPUESTOS PARA LALIN ARENA | B15143258 | MAQUINARIA AUTOMATICA COMERCIAL, S.L. | 26/04/2018 | 735,68 |
| MATERIAL MAQUINARIA LALIN ARENA | B15143258 | MAQUINARIA AUTOMATICA COMERCIAL, S.L. | 26/04/2018 | 261,36 |
| EFITEC 95 PARA CORTACESPED E DESBROZADORAS | B36016756 | FERVI, S.L. | 30/04/2018 | 227,90 |
| RECOLLIDA DE ANIMAIS MORTOS EN N-640 PK 188-LALIN | B15862667 | GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA S.L. | 30/04/2018 | 41,14 |
| GAS PROPANO COMERCIAL GALESCOLA NO POLÍGONO | A28559573 | GALP ENERGIA ESPAÑA, S.A.U. | 09/05/2018 | 879,31 |
| SERVIZO DE LAVANDERIA DO ALBERGUE DE MOURISCADE | G36369494 | ASOC. DE PAIS DE DISMIUIDOS PSIQUICOS DE DEZA (ASPADEZA) | 30/04/2018 | 540,72 |
| MATERIAL PARA LALIN ARENA | B94070729 | DAFI ELECTRICIDADE S.L. | 11/05/2018 | 522,08 |
| REPARACIÓNS ELÉCTRICAS non LALIN ARENA | B94070729 | DAFI ELECTRICIDADE S.L. | 11/05/2018 | 127,72 |
| ASISTENCIA MEDICA FUNCIONARIOS – MAYO 2018 | A28011864 | SEGURCAIXA ADESLAS S.A. | 01/05/2018 | 1825,60000, |
| REPOSICIÓN LUMINARIAS CAMPO FUBTOL M.ANXO CORTIZO | 52481707P | BATAN LOPEZ, ALFONSO | 15/05/2018 | 503,51 |
| ENERXIA ELECT.FEBR. - MARZO CENTRAL CALIDADE AIRE | A08431090 | GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A. | 23/04/2018 | 335,86 |
| PELLET A GRANEL PARA LALIN ARENA | B94038106 | GESTCALOR S.L. | 16/05/2018 | 3374,44 |
| CARGA, TRANSP. E RESIDUOS PTO LIMPO BARREDOIRA. | B36415818 | NAVICEIRO, S.L. | 23/05/2018 | 277,82 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CARGA E TRANSPORTE RESIDUOS PUNTO LIMPO | B36415818 | NAVICEIRO, S.L. | 25/05/2018 | 711,48 |
| ASISTENCIA MEDICA A FUNCIONARIOS – XUÑO 2018 | A28011864 | SEGURCAIXA ADESLAS S.A. | 01/06/2018 | 1825,60 |
| | | | TOTAL | 12.190,22 |

**Segundo:** Que se dea traslado da presente resolución á intervención municipal.

***Incorpóranse á sesión as Concelleiras Dª. Mª José Senande Méijome (PP) e Dª. Raquel Lorenzo Fernández (PP), quedando o grupo popular con 10 membros e sendo 20 o número total de asistentes.***

## 8.- EXPEDIENTE 3398/2018. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 20/06/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ten a palabra a Concelleira de Facenda.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Isto é mellor que o explique Fidel porque son cuestións moi técnicas e como estiveches con el valorades, eu simplemente dicirvos que polo visto non expediente é unha adaptación a un regulamento, un real decreto, o 424/2017 a novidade máis salientable que atopei eu e a comprobación das inversións ben polo interventor ou persoa na que delegue cando estas sexan superiores aos 50.000 euros e a comprobación da conformidade das facturas conforme ao contrato que se suxeita a prezos de mercado e por iso vamos a intentar que sempre sexa un funcionario o que xunto co concelleiro de área firme estas facturas e anteriormente tamén estaba a fiscalización limitada previa, queda reflectida totalmente nestas bases, e para cuestións máis técnicas case é mellor que vos aclare Fidel porque realmente…

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante.

**D. Fidel García Martul.** Basicamente ya viene recogido en el informe-proposta de intervención las razones que justifican esta modificación de las bases de ejecución del presupuesto. El 1 de Julio entra en vigor el nuevo reglamento de control interno ya que anteriormente non existía una norma similar y esta norma es mucho más exhaustiva que lo que venía en la ley de haciendas locales. Se ha tratado con estas bases de adaptar lo que era posible a las circunstancias del Ayuntamiento fundamentalmente en lo que se refiere a la comprobación de las inversiones; pero también fundamentalmente ha sido recoger en un único texto que non esté disperso todo lo que se refiere a la normativa sobre control interno. Por eso hay mucho traslado íntegro y literal del propio reglamento de control interno. Se va a realizar este control previo de legalidad fundamentalmente tomando como referencia un acuerdo del Consejo de Ministros, que se refiere a los requisitos básicos de comprobación en el

ámbito de la Administración General del Estado. Es mucho más amplio en esos requisitos de comprobación que lo que existía anteriormente, pero yo creo que son muy necesarios. También se propone en esta modificación el establecimiento de un régimen de fiscalización previa limitada, en este caso hay un plazo máximo para hacer esos informes de intervención de 5 días hábiles. De lo contrario tendrán que ser 10 días hábiles y sería prácticamente inviable un control pleno y previo de toda la fiscalización de gastos. Esa fiscalización previa limitada era lo que ya existía anteriormente en las bases de ejecución del presupuesto.

Y en relación a los ingresos también se establece dentro de los límites legales la exención de fiscalización limitada previa de los ingresos que se completa o que se completará con un control mediante auditorías posteriores. Si tienen alguna duda tienen mi despacho a disposición cuando quieran ustedes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algunha intervención?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Pola nosa parte, nada. Vamos a votar a favor porque tampouco hai moito mais que dicir. Dentro de 2 días entra en vigor o Real Decreto 424 e non vamos a ser nós os que lle empecemos, despois das explicacións que nos deu vostede, ....Entón nada que engadir pola nosa parte.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE e ACORDOU:**

**Primeiro:** Aprobar inicial a modificación das bases de execución do orzamento municipal 49 e 50 que quedarán coa seguinte redacción:

**BASE 49**
O exercicio da función interventora será desempeñado polo titular do posto de Intervención ou funcionario que o substitúa legalmente , e coa colaboración dos empregados municipais.

**BASE 50**
De conformidade co disposto non artigo 219.4 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 9 do RD. 424/2017, de 28 de abril , a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería municipal e dos seus organismos autónomos se substitúe polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

Conforme o artigo 219.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 13 do RD. 424/2017, de 28 de abril , establécese unha fiscalización e intervención limitada previa nons expedientes de gastos e pagos non que se comprobarán os requisitos seguintes:

A existencia de crédito presupuestario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.
nons casos nons que o crédito presupuestario dé cobertura a gastos con

financiación afectada , se comprobará que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fehacientes que acrediten a súa efectividade.
Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual se comprobará , ademais, si se cumpre o preceptuado non artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigacións a contraer ou nadas e non prescritas a cargo da Tesourería do Concello que cumpran os requisitos dos artigos 172 e 176 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente. En todo caso comprobarase a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención cando devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

Que se cumpren os requisitos transcendentes para cada procedemento. Consideraranse transcendentes non proceso de xestión os extremos fixados non Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades Locais, que deberán comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende.

Na intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento da obriga, ademáis:

a) Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, non seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente.
b) Que os documentos xustificativos da obrigación axústanse ás disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación. En todo caso, na documentación deberá constar:
1.º Identificación do acredor.
2.º Importe exacto da obrigación.
3.º As prestacións, servizos ou outras causas das que derive a obrigación do pago.
c) Que se comprobou materialmente, cando proceda, a efectiva e conforme realización da obra, servizo, subministración ou gasto, e que foi realizada, non seu caso, dita comprobación.

Con todo, será aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa respecto daqueles tipos de gasto e obrigacións para os gastos de contía indeterminada.

As obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa serán obxecto doutra plena con posterioridade. Ditas actuacións levarán a cabo non marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen nos termos recolleitos non título III do RD 424/2017, do 28 de abril.

Para dar cumprimento ó previsto non artigo 214 2.d) do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20 do RD. 424/2017, de 28 de abril, a intervención

da comprobación material da inversión desenvolverase conforme os seguintes criterios:

1. O Interventor solicitará do Concelleiro delegado responsable de cada área de gasto a designación de empregado municipal que lle poida asesorar nons aspectos técnicos da comprobación material. Se non se puidese facer esa designación se poderán utilizar medios externos, previa contratación administrativa.
2. As unidades xestoras do gasto suxeito a comprobación material deben solicitar do Interventor municipal ou do empregado en quen delegue o Interventor, a súa asistencia á comprobación material da inversión cando o importe da inversión sexa igual ou superior ós 50.000 €, excluído o IVE. A solicitude deberá facerse de forma que quede constancia da recepción polo destinatario e a identificación da inversión e data da recepción da inversión.
3. O resultado da comprobación material da inversión se reflexará en acta que será subscrita polos que concorran ó acto de recepción da obra, servizo ou ben que se adquira. As deficiencias que se poidan observar as medidas para subsanalas e os feitos e circunstancias relevantes do acto de recepción se recollerán na acta de recepción. En dita acta ou en informe ampliatorio, os concurrentes a recepción poderán expresar as opinións que estimen pertinentes.
4. A conformidade coas inversións feitas polo Concello requirirá de acta de conformidade si teñen un importe superior ou igual ós 50.000 € sen IVE. Se consideran inversións os gastos imputados ó capítulo 6 do orzamento municipal. O resto de obras, servizos ou adquisicións requiren de certificación de responsable da unidade tramitadora do gasto na que expresará terse feito cargo do material adquirido e identificado , ou terse feito a obra ou servizo con arreglo ás condicións xerais e particulares previamente establecidas.

A intervención formal do pago supón a seguinte comprobación:

1. As ordes de pago se dictan polo órgano competente.
2. Se axusta ó acto de recoñecemento da obriga.
3. Se axusta ó Plan de Disposición de Fondos ou informe da Tesourería municipal.
4. As minoracións nos pagos se acreditan nos acordos previos adoptados consecuencia de resolucións xudiciais ou administrativas.

A conformidade da Intervención coas anteriores actuacións só require da firma do Interventor nos documentos da orde de pago.

A intervención material do pago supón a seguinte comprobación:

1. A competencia para a realización do pago
2. A identidade do perceptor dos fondos
3. O importe recoñecido anteriormente.

A conformidade da intervención só require a firma nos documentos que autoricen a saída dos fondos e valores.

A fiscalización previa das ordes de pago a xustificar require a comprobación dos seguintes requisitos:

a) Que as propostas de pago a xustificar baséanse en orde ou resolución de autoridade competente para autorizar os gastos a que se refiran.

b) Que existe crédito e o proposto é o adecuado.

c) Que se adaptan ás normas que regulan a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo aos seus respectivos orzamentos de gastos.

d) Que o órgano pagador, a cuxo favor se libren as ordes de pago, xustificou dentro do prazo correspondente o investimento dos fondos percibidos con anterioridade polos mesmos conceptos orzamentarios. Con todo, non procederá o reparo por falta de xustificación dentro do prazo de libramentos anteriores cando, para paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública, o Presidente da Entidade autorice a expedición dunha orde de pago específica.

e) Que a expedición de ordes de pago «a xustificar» cumpre co plan de disposición de fondos da Tesourería aprobado polo Presidente da Entidade, salvo non caso de que se trate de paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública. Entenderase que se cumpre co plan de disposición de fondos da Tesourería, cando as ordes de pago a xustificar realícense con cargo a conceptos orzamentarios autorizados nas bases de execución do orzamento e acomódense ao devandito plan .

A fiscalización previa da constitución ou modificación dos anticipos de caixa fixa require a comprobación previa dos seguintes requisitos:

A existencia e adaptación ás normas que regulan a distribución por caixas pagadoras do gasto máximo asignado.

b) Que a proposta de pago baséase en resolución de autoridade competente.

Na reposición de fondos do anticipo se comprobará:

Que o importe total das contas xustificativas coincide co dos documentos contables de execución do orzamento de gastos.

b) Que as propostas de pagos baséanse en resolución de autoridade competente.

c) Que existe crédito e o proposto é adecuado.

Na intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa , se procederá da seguinte forma:

a) Comprobarase que corresponden a gastos concretos e determinados en cuxa execución se seguiu o procedemento aplicable en cada caso, que son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos, que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos ou servizos e que o pago se ha realizado a acredor determinado polo importe debido.

b) A verificación dos extremos indicados non parágrafo anterior realizarase examinando as contas e os documentos que xustifiquen cada partida, podendo utilizarse procedementos de mostraxe.

c) Os resultados da verificación reflectiranse en informe non que o órganon interventor manifestará a súa conformidade coa conta ou os defectos observados na mesma. A opinión favorable ou desfavorable contida non informe farase constar na conta examinada, sen que teña leste informe efectos suspensivos

respecto da aprobación da conta.

d) O órgano competente aprobará, non seu caso, as contas, que quedarán a disposición do órgano de control externo.

Omisión da función interventora.

Conforme ó artigo 28 do RD 424/2017, de 28 de abril, si se observara pola Intervención municipal a omisión da función interventora, o porá en coñecemento do responsable da tramitación do expediente non que se omitira e informará acerca dos seguintes extremos:

a) Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, polo menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, o concepto orzamentario e exercicio económico ao que se imputa.

b) Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, producíronse non momento en que se adoptou o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais infrinxidos.

c) Constatación de que as prestacións se han levado a cabo efectivamente e de que o seu prezo axústase ao prezo de mercado, para o que se terán en conta as valoracións e xustificantes achegados polo órgano xestor, que haberá de solicitar os asesoramentos ou informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

d) Comprobación de que existe crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

e) Posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de se se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para iso, terase en conta que o resultado da revisión do acto materializarase acudindo á vía de indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto non seu favor ou de incumprir a obrigación ao seu cargo, polo que, por razóns de economía procesual, só sería pertinente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe das devanditas indemnizacións fose inferior ao que se propón.

O acordo favorable do Alcalde ou Pleno á continuación do procedemento non eximirá da esixencia das posibles responsabilidades pola omisión da función interventora.

Corresponde ó Alcalde decidir , con informe da Intervención, si o procedemento continúa, salvo que a omisión se refira a obrigas ou gastos competencia do Pleno. Estes informes de omisión se remitirán ó Pleno e Consello de Contas .

Tramitación para o exercicio da función interventora.

Conforme ós artigos 10 a 15 do RD. 424/2017, de 28 de abril.

1. O interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en

disposición de que se dite acordo polo órgano competente.

2. O interventor fiscalizará o expediente non prazo de dez días hábiles. Este prazo reducirase a cinco días hábiles cando se declarou motivadamente a urxencia na tramitación do expediente ou se aplique o réxime especial de fiscalización e intervención limitada previa .A estes efectos, o cómputo dos prazos citados anteriormente iniciarase o día seguinte á data de recepción do expediente orixinal e unha vez dispóñase da totalidade dos documentos. Cando o interventor requira os asesoramentos xurídicos ou informes que considere necesarios así como os antecedentes e documentos precisos para o exercicio das súas funcións , suspenderase o prazo de fiscalización previsto neste artigo e quedará obrigado a dar conta da devandita circunstancia ao xestor responsable da tramitación do expediente. Poderá darse conta mediante correo electrónico ou alerta na aplicación informática GESTIONA.

3. O interventor fará constar a súa conformidade mediante sinatura non informe-proposta do expediente, relación de facturas ou escrito da intervención sen necesidade de motivala cando como resultado da verificación dos extremos aos que se estenda a función interventora, o expediente obxecto de fiscalización ou intervención axústase á legalidade.

4. Se o interventor manifestásese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito. Se o reparo afectase á aprobación ou disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nons casos establecidos non artigo 216.2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Se o reparo afecta á disposición de gastos , recoñecemento de obrigas ou ordenación de pagos procederá a formulación dun reparo suspensivo nos casos seguintes:

a) Cando o gasto propóñase a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.

b) Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obrigación ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.

c) Cando se haxan omitido requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da Entidade Local ou a un terceiro.

Cando o órgano ao que se dirixa o reparo acépteo, deberá emendar as deficiencias observadas e remitir de novo as actuacións ao interventor non prazo de quince días. Cando o órgano ao que se dirixa o reparo non o acepte, se iniciará o procedemento para resolución da discrepancia.
A Intervención poderá emitir informe favorable, pero a eficacia do acto quedará condicionada á corrección dos devanditos defectos con anterioridade á aprobación do expediente non caso de que os defectos observados non expediente derivasen

do incumprimento de requisitos ou trámites que non sexan os considerados esenciais nin ós seguintes:

a. Insuficiencia o inadecuación do crédito presupuestario.
b. Omisión da fiscalización previa dos actos que deron orixe ás ordes de pago.
c. O reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministros, adquisicións e servizos.

O responsable da tramitación do expediente remitirá ao interventor a documentación xustificativa de emendarse devanditos defectos.

De non cumplirse polo órgano xestor os condicionamentos indicados para a continuidade do expediente considerarase formulado o correspondente reparo, sen prexuízo de que nos casos nos que considere oportuno, se poida iniciar o procedemento para resolución de discrepancias.
As resolucións e os acordos adoptados que sexan contrarios aos reparos formulados conforme ao previsto neste apartado remitiranse ao Tribunal de Contas de conformidade co artigo 218.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais .
Se non se cumprisen os requisitos esixidos previstos na fiscalización e intervención limitada previa o interventor procederá a formular reparo.
O interventor poderá formular as observacións complementarias que considere convenientes, sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes. Respecto destas observacións non procederá a formulación de discrepancia.
non caso de existir discrepancias co informe de reparo suspensivo, as opinións do interventor respecto ao cumprimento das normas non prevalecerán sobre as dos órganos e responsables da xestión. Os informes emitidos por ambos se terán en conta non coñecemento das discrepancias que se expoñan, as cales serán resoltas definitivamente polo Alcalde ou polo Pleno, de acordo co previsto non artigo 217 e non apartado 2 do artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais .

Cando o órgano xestor ou responsable do expediente non acepte o reparo formulado polo interventor non exercicio da función interventora exporá ao Presidente da Entidade Local unha discrepancia mediante informe escrito e motivado xurídicamente.

Corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

3. non prazo de quince días desde a recepción do reparo, as discrepancias exporanse ao Presidente ou ao Pleno da Corporación Local, segundo corresponda, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nons que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, non seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte do Alcalde ou o Pleno será indelegable, deberá recaer non prazo de quince días e terá natureza executiva.

4. O Alcalde e o Pleno, a través do Alcalde, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

A tales efectos, o Alcalde remitirá proposta motivada de resolución da discrepancia directamente á Intervención Xeral da Administración do Estado ou ao órgano equivalente, non caso de que a Comunidade Autónoma teña atribuída a tutela financeira, concretando o extremo ou extremos acerca dos que solicita valoración. Xunto á discrepancia deberá remitirse o expediente completo. Cando o Presidente ou o Pleno fagan uso desta facultade deberán comunicalo ao órganon interventor e demais partes interesadas.

Cando as resolucións e acordos adoptados pola Entidade Local sexan contrarios ao sentido do informe do interventor ou ao do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira, incluiranse nos informes referidos nos apartados 5 e 6 seguintes.

5. Con ocasión da dación de conta da liquidación do Orzamento, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, ou, non seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitou informe, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
6. Unha vez informado o Pleno, con ocasión da conta xeral, o órganon interventor remitirá anualmente, ao Consello de Contas, todas as resolucións e acordos adoptados polo Alcalde e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, non seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitou informe de conformidade co apartado 4º, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.

Control financeiro.
O Concello está suxeito a control financeiro conforme ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril. Corresponde ó Alcalde, a proposta da Intervención municipal , a concreción da normativa anterior para o exercicio do control financeiro.

**Segundo:** Dar publicidade non BOP ó acordo de aprobación conforme ós requisitos para a aprobación do orzamento municipal.

**9.- EXPEDIENTE 3404/2018. AMPLIACIÓN CANTIDADE GLOBAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL DESTINADA A GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS POR TRABALLOS FORA DA XORNADA LABORAL.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 20/06/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xuño de 2018.**

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Pois trátase de ampliar non orzamento prorrogado esta cantidade por un importe de 45.000 euros para pagar as gratificacións de horas extraordinarias cando os traballadores teñan que facer traballos, atender a prestación de servizos públicos de interese xeral.
Inicialmente estaba dotado con 31.000 que sumando aos 45.000 que propoñemos ampliar, vaise a unha contía máxima que non excede o máximo legal para este tipo de gratificacións que serian de 76.983,26€. No momento actual está esgotada case na súa totalidade estes 30.000. Por iso se propón suplementala.
Tamén vedes non expediente que para conceder as gratificacións por horas extraordinarias, a parte das limitacións que xa nos propón o propio estatuto de traballadores, que por exemplo un traballador laboral non pode exceder dun máximo de 80 horas e todo o demais, para conceder este tipo de gratificación ten que haber unha proposta por parte do xefe de servizo. Despois vai pasar por Intervención, intervención vai fiscalizala. Vai mirar que hai crédito, vai calcular os importes, e despois si que sería cando estas gratificacións se incluirían na nómina, que tamén volve a ser fiscalizada polo Interventor e se procedería ao pago cando está firmada polo Sr. Alcalde.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Intervencións?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Ben. Nós estamos de acordo en que tódolos traballadores cando fan unha hora fora da xornada normal do seu traballo se lle pague, e se non orzamento había 30.000 euros e non chega, pois terán que suplementar esa partida. Analizamos o que son os requisitos que se piden, non Real Decreto de retribucións dos funcionarios. Ben á parte económica non lle vemos ningún tipo de problema: cumpre o límite que se marca. Pero o que si botamos de menos é que non dixeran con suxección a que criterios, pois o Alcalde ou a persoa en que delegue vai a facer esa asignación individual desas gratificacións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Hai un acordo. Dígoche. Contéstoche, se queres. Hai un acordo en mesa de negociación, que está pendente dun informe de Intervención para acordalo así. De acordo?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Entón nós iso non o temos, o artigo 6...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ah perdón, perdón, eu estaba falando da produtividade.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Claro, da produtividade, pero nós...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non se paga neste momento.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** E?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que nese momento nos se está pagando produtividade, pola cuestión que lle acabo de comentar.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Xa. Eu iso entendo, pero as gratificacións é diferente da produtividade; é un complemento.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si ten razón, as horas extras non son gratificacións son horas extras.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** A ver, pero por favor un minuto solo. Cando falamos de horas extras, estamos falando dentro do Real Decreto 861 ó que fai referencia a memoria de retribucións dos funcionarios, do artigo 6 que se chama gratificacións. Equivócome ou é certo isto? Ben. Entón se é certo iso, desde o PP o que lle dicimos e que nós estamos de acordo nun dos requisitos que pon que é o análise económico para que se cumpra ese límite; pero ese mesmo artigo ao que fai mención a memoria que nos presentan, non punto 2 pon que o Alcalde é a persoa ou en quen delegue, é a persoa que vai realizar a asignación individual desas gratificacións en base a uns criterios que teñen que vir a pleno preestablecidos. Entón como eses criterios, que teñen que vir preestablecidos, nós non os temos, nin os sabemos, o que lle vamos a pedir é que retiren este punto e que traian os criterios que pide a lexislación.

**D. Fidel García Martul.** Las bases de ejecución están...

**D. Nicolás González Casares.** E que hai un procedemento que se debe facer.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Na base 25.

**D. Nicolás González Casares.** Dígoche que hai que facer moitos papeis para chegar a unhas horas extras. Comprobación da fichaxe.....

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Na base 25, está copiado no expediente.

**D. Fidel García Martul.** Están os traballos extraordinarios fora da xornada laboral.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Pero onde está iso?

**D. Fidel García Martul.** La base 25, en bases de ejecución, base de ejecución del presupuesto.

**D. Nicolás González Casares.** Iso está aprobado en pleno.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Está aprobado en pleno pero nós non temos ese expediente.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Si mira, dentro do informe.... nóminas que forma

parte deste expediente, na páxina 4 dese informe a parte cóllese e transcríbese literalmente a base 25 de execución do orzamento municipal.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** E esa base axústase ao que di?.

**D. Fidel García Martul.** Si, si. Estes criterios son válidos y es los que se segue.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Eu pódovos dicir que a nivel político que nos fiscalizan porque na área por exemplo, na que me compete a min de facenda, eu fago un informe proposta dunha concesión máxima de horas no mes, é dicir, cando ti sabes pois máis ou menos, hai determinados traballos que teñen que saír e que van a estar traballando pola tarde y todo iso falámolo. Fago unha proposta de horas para ese mes en concreto, e despois cos fichaxes que hai, despois volvese facer un informe de cantas horas consumiron, que é cando se liquida ese importe por horas e se pasa a nómina.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Se a intervención lle vale.

**D. Fidel García Martul.** Se está fiscalizando favorablemente.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández...** Si está iso non o vin.

**D. Fidel García Martul.** Yo quería hacer un último comentario. Como le dije en la comisión informativa, este acuerdo no supone aprobar el gasto; simplemente supone fijar el límite global, que se podrá gastar más, se podrá gastar menos, o nada, porque non hay ningún compromiso. De acuerdo?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moi ben. Procedemos a votar.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenor:**

Visto o informe favorable con proposta de resolución dos servizos técnicos municipais de ampliación da cantidade global destinada a gratificacións non Orzamento do Concello de Lalín do 2017, prorrogado para 2018, constatada a necesidade de ampliar a citada contía global, dentro do límite legalmente previsto, para atender as necesidades derivadas da retribución, non seu caso, dos servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral polo persoal municipal, o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Autorizar a ampliación non Orzamento Xeral do Concello de Lalín do 2017, prorrogado para o 2018, da cantidade global destinada a asignación de gratificacións por importe de 45.000,00 euros, dentro do límite legal para este tipo de retribucións complementarias establecido non art. 6 do Real Decreto, de 25 de abril, polo se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da administración local, con motivo de necesidades organizativas do concello que xustifican a realización polo persoal municipal de traballos extraordinarios imprescindibles para atender a

prestación de servizos públicos de interese xeral.

**Segundo.-** Que polo órgano competente do Concello se tramite o correspondente expediente de modificación presupostaria.

**D. Juan José Cruz García.** Entendín todo o que oín e está correcto. Logo si está correcto pois...

**10.- EXPEDIENTE 1574/2017. CORRECCIÓN NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 15-PXOM.**

Deuse conta pola Presidencia do presente expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo, de data 20/06/2018. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 25 de xuño de 2018**.

**D. Nicolás González Casares.** Ben iso este é un expediente que se trae a este Pleno porque, mesmamente onte, e dicir, hai como cuestión de dez días desde urbanismo da Xunta chamaron ao concello dicindo que bueno que había unha pequena cuestión que era relativa a Fomento, Demarcación de Carreteras, relativa ao ruído ambiental, que había que facer estudios ao lado das carreteras, digamos en lugares residenciais.
Desde urbanismo suxeriron que incluiramos iso non texto da modificación puntual, incluso hai técnicos municipais da casa que din que non afectaría e o Sr. Secretario tamén di que bueno que non ten moito sentido incluílo, pero onte mesmo Urbanismo, mandounos a probación definitiva da modificación puntual 15, onte mesmo ás 12 da mañá, condicionada á aprobación deste elemento, de introducir non texto da modificación puntual esta aportación. Polo tanto realmente a modificación puntual está aprobada pendente de que incluamos este texto e o enviemos ao DOGA. Entón na publicación do DOGA quedaría aprobado definitivamente a modificación puntual do PXOM e entraría en vigor. Corríxame Sr. Secretario, se é así. É máis unha tramitación de tipo administrativa que de tipo política.

**O Sr. Secretario.** Si. Imos ver. Este expediente iniciouse raíz dunha conversa telefónica que mantivo a técnica de Pontevedra de Urbanismo a semana pasada, xoves ou venres, dicíndonos que sería conveniente que introducíramos aquí unha engádeda no que se refire á Modificación Puntual, en concreto ao texto definitivo que fai referencia a que a lei de carreteras esixe para as zonas residenciais, para zonas con uso residencial, a necesidade de introducir un estudio acústico de ruídos e vibracións etc.

Aquí en principio non ten moito sentido, porque o último tramo da carretera nacional N-525 é a de Bergazos, todo ese tramo. Entón a modificación puntual número 15 parece que está pensada para o solo rústico, para distancias das granxas a distintas vías. Non obstante non hai nada por escrito salvo o que sabemos: que onte aprobaron definitivamente este texto e que vai así. Non hai ningún fax, notificación, correo electrónico, e nós fiámonos e temos que aprobalo hoxe, para o luns ou martes enviar xa o texto para publicar e enviar o texto definitivo tamén a Xunta e que eles

publiquen o acordo e nós texto non BOP.

**D. Nicolás González Casares.** César estas obviando que si, que onte chegou, perdón. Estás obviando que onte chegou a notificación da resolución da aprobación.

**D. César López arribas.** Eu porque ti o dis. Eu non vin nada, ningún papel por escrito.

**D. Nicolás González Casares.** Si, pero chegou ao Concello. Paseicho por mail e está non rexistro. Vale.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algunha intervención?

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A PROPOSTA E O EXPEDIENTE do seguinte tenonr:**

Dado que dito contido non figura incorporado na normativa do documento da Modificación Puntual nº 15 del P.X.O.M. de Lalín, considerase preciso proceder á inclusión do mesmo en dita normativa e vistos os informes emitidos do **Secretario Xeral e o Arquitecto Municipal** favorables ao expediente **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a incorporación de dito contido á normativa do documento da Modificación Puntual nº 15 del P.X.O.M. de Lalín, de acordo ca seguinte expresión:

*"Para las nuevas construcciones próximas a carreteras del estado, existentes o previstas, será necesario que, con carácter previo al otorgamiento de licencias de edificación, se lleven a cabo los estudios correspondientes de determinación de los niveles sononros esperables, así como la obligatoriedad de establecer limitaciones a la edificabilidad o de disponer los medios de protección acústica imprescindibles en caso de superarse los umbrales establecidos en la Ley 37/2003, ded 17 de nonviembre, del ruido (BOE 18-11-2003) y en el RD 1367/2007, de 19 de octubre (BOE de 23/10/2007) y, en su caso, en la normativa autonómica o local. El estudio del ruido debe contener los correspondientes mapas de isófonas.*

*Los medios de protección acústica que resulten necesarios serán ejecutados con cargo a los promotores de los desarrollos, previa autorización del Ministerio de Fomento si afectaran a las zonas de protección del viario estatal, pudiendo situarse en la zona de dominio público."*

**Segundo.-** Aprobar provisionalmente o expediente da Modificación Puntual nº 15 do PXOM de Lalín coa correción indicada non apartado anterior.

**Terceiro.-** Remitir o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aos efectos oportunos.

**11.- EXPEDIENTE 2764/2018. COMPARECENCIA DO ALCALDE PARA QUE DEA EXPLICACIÓNS SOBRE OS INVESTIMENTOS EN SANEAMENTOS E ABASTECEMENTOS DE AUGAS NO PRESENTE MANDATO.**

Por parte da Presidencia iniciouse a comparecencia acordada na sesión plenaria celebrada o pasado día 25 de maio de 2018.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante coas preguntas por favor.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Bueno, nada. Van ser poucas e se me contesta claro e conciso, acabamos rápido. Non vamos a ter moito enredo. Con esta comparecencia o único que queremos é un pouco deixar as ideas claras, se pode ser por parte do goberno do traballo no saneamento e abastecementos de augas que levan feito desde que empezaron o mandato. E a miña primeira pregunta é: Cantos saneamentos levan postos en funcionamento nos tres anons que leva vostede de Alcalde ata o día e hoxe?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vostede Alcalde...

**D. José Antonio Varela Quintela.** Ti de Alcalde, se queres.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non era polo trato, era por... Da igual é unha chorrada. Bueno, temos en marcha os seguintes. Se quere cóntolle como está cada un e así creo que podemos ir avanzando: o de Vilar do Río, está o oprego feito que non dou tempo a facelo pola lei antiga e houbo que cambialo a lei nonva con bastantes dificultades por certo, e xa está o prego redactado, o de Zobra, hai dúas baixas temerarias que esta semana, entendo que hoxe neste momento deben estar practicamente resoltas polo tanto se pode adxudicar, si, as dúas e media saímos de aquí e teño unha reunión para precisamente estas baixas temerarias que son dúas. Dígolle, despois, con respecto as canalizacións de Cáceme temos o 21 do 6 o requirimento de documentación xa, que o levou a empresa Narón, teño aquí. En canto a abastecementos co fondo de compensación metemos, Bustelo, Anzo, Zobra, Madriñán e Lebozán e proxectos que se están redactando en este momento para levar IFS e poder facer precisamente máis saneamentos, temos contemplados, A Xesta, Moneixiñas, Belelle, Botos e o lugar de Cadrón, estes son.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Bueno. Eu a pregunta non era esa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa lle dixen que ía facer un resumo e despois vostede a ver o que me quere preguntar.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Ou sexa: Cantos proxectos do seu goberno están en funcionamento a día de hoxe?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** En funcionamento non está aínda ningún, pero antes de que remate este mandato van estar os que lle estou dicindo. Vale.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Considera que é un número suficiente de

obras para un goberno que presume de velar moito polo medio ambiente?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Bueno. Voulle contar. Vostedes nestas cuestións son máis expertos ca min, en cuestións de facer saneamentos, despois de gobernar en Lalín dende o ano 79, en diferentes formatos, por así dicilo. Nós aplicamos, digamos que temos prioridades noutro tipo de cuestións, como políticas sociais. Agora que a caixa do Concello, digamos é máis potente, si podemos destinar a este tipo de obras como estamos agora redactando, cantidades que antes priorizabamos noutras cousas. Claro. Isto é así.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Vostede sabe cantos se fixeron nos mandatos anteriores? Ou non último?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moitos. Dende o 79 entendo que moitos e entendo tamén que todos os que se piden e non están feitos foi porque non foron feitos, claro. Isto é absolutamente de *Barrio Sésamo.*

**D. José Antonio Varela Quintela.** Todos non se dan feito.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Claro. Todos non se dan feito. Estou de acordo con vostede.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Porqué non tiveron acometido neste período tempo máis proxectos de saneamento, vendo o ritmo dos que viñan acometendo os gobernos anteriores?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Bueno. O noso ritmo era con esas actuacións nunha época aparte, na que temos especial dificultade en departamentos como contratación, como a vostedes lles consta. E consideramos que o mandato son catro anos non dous nin tres. Polo tanto os proxectos que temos en marcha son estes que lle comuniquei que creo que están acaídos para este mandato. Se nos dan a posibilidade dun novo mandato, e coa caixa reforzada, faremos fronte, aos que vostedes, porque non se da chegado a todo, non fixeron. Porque non se da chegado a todo, claro. É así.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Nós fixemos 12 non mandato anterior.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si. Se non lle digo que non.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Nos 4 anos anteriores 12. Creo que é unha boa cifra.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non. Quero dicirlle que lembre que vostede claro, ten a idade que ten, e eu teño a idade que teño e que en diferentes formatos levan gobernando vostedes dende o ano 79 aquí.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Pero o saneamento non é un tema desde o 79, non xogue con eso.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algún faríase dende o principio digo eu, non sei. Se quere solo falamos dos últimos 26 anos.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Cantos abastecementos de auga puxeron en marcha nestes tres anos e ata o día de hoxe? Eu pregunto: En marcha? Non me diga o proxecto, porque algúns proxectos...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pódolle falar de proxectos que van a estar feitos xa.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Non, en marcha, dígame en marcha.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que non, que non hai neste momento. Priorizamos outras cousas. Quero comunicarlle a boa nova que sei que, aparte, a vostede vaille gustar especialmente, porque lle afecta: que proximamente imos ter abastecementos en varios sitios e vostede vai a estar contento, e moitos máis os veciños, claro.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Iso. A primeira reunión é de principio de mandato pero bueno, cando chegue faremos unha festa.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se os veciños van a estar contentos, nos vamos a estar contentos.

**D. José Antonio Varela Quintela.** E todos contentos; é o que queremos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pois estamos de acordo entón.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Cree que cun esforzo tan ínfimo, como o que fixeron, se cobren as necesidades dos veciños do rural?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se vostede fala de esforzo ínfimo, eu xa non sigo lendo, porque eu creo que non se corresponde coa realidade, na miña modesta opinión.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Fala todos os días e éncheselle a boca de dicir que está o Concello súper saneado, que hai cartos. Pois podía reverter nesa situación, é máis, e recórdolle...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias a que o Concello está por fin saneado, que temos a caixa potente. Sr. Crespo: non se meta polo medio, que senón cústame un pouco contestar. Eu a vostede contéstolle tamén, se quere. Non hai problema. Quero dicir que gracias a situación económica actual do Concello, a pesar das inmensas, como saben vostedes de primeira man, dificultades que temos en contratación, gustaríanos sacar máis proxectos neste ano que queda de mandato, pero os que vamos a intentar sacar e creo que imos sacar, son estes.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Porque non se cometeron máis abastecementos?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa llo comentei antes; tiñamos outro tipo de prioridades. Se quere llo contesto.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Dentro desas prioridades, eu lle comento, así

xa me contesta todo xunto, dentro das prioridades que teñen e esas cousas todas que van a facer a partir de agora, entran eses que están pedidos vía moción pola banda da oposición?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Relateille os que temos en marcha, creo que llos relatei, se quere repítollos con moito gusto.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Aí faltan algúns.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si pero non da tempo a todo. Vostede mesmo o dixo: non da tempo a todo. De acordo? Por desgracia. Ademais o que si digo é que non seguinte mandato, se os lalinenses teñen a ben darnos a súa confianza, este tipo de proxectos si pasarán a ser prioritarios, porque nolo poderemos permitir. Ata este momento nós decidimos apostar sobre todo por políticas sociais. Vostedes non seu programa electoral é certo que levaban o saneamento como unha das súas prioridades, nós as políticas sociais, e tamén non fai falta que lle diga...

**D. Juan José Cruz García.** Podo facer eu unha José Antonio? Podo facer eu unha? E logo non noso programa non ía que ía ser o goberno do rural?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Un segundiño que está intervindo o seu compañeiro. Despois xa falas ti. Vale? Compañeiro da oposición, non falo de sexualidade, falo da oposición claro.

**D. José Antonio Varela Quintela.** De corporación. Aquí somos todos compañeiros

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Compañeiro da oposición. Eu non falo de sexualidade. Podes estar tranquilo co de compañeiro. Quero dicir que nós loxicamente apostamos por políticas sociais. Agora podémonos permitir este tipo de actuacións e polo tanto a pesar das dificultades que temos en contratación, pois queremos sacar adiante estes proxectos.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Vostede que lle gusta moito iso de récord histórico, fixemos historia, súmase moito a ese tipo de frases. É moi acaecido a ese tipo de frases por parte súa. Sabes cantos fixo o PP nos mandatos anteriores?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moitísimos.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Pero ten a cifra?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu lémbrolle que eu era do PP.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Pero ten a cifra?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, non teño a cifra neste momento, pero recoñézolle o traballo a ese nivel dende o ano 79 e se quere dende o ano 90, non teño ningún problema.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Se quere dígolla eu.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si claro, por favor. Adiante, se a quere dicir sen ningún problema.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Temos contabilizados 73 redes de saneamento non rural, dúas grandes depuradoras para o casco urbano, 19 depuradoras no rural, ademais de realizar un montón de canalizacións, quilómetros e quilómetros delas.

**D. Nicolás González Casares.** Todas moi ben eh.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Como?

**D. Nicolás González Casares.** Case todas moi boas.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Se calculas a media dos anos que botastes...

**D. José Antonio Varela Quintela.** A canto nos sae? Non, non, calcula.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Desde o 79?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Os saneamentos empezáronse todos a partir do 90. Antes do 90 non había.

**D. Nicolás González Casares.** E logo en Lalín as fecais que ían pola rúa?

**D. José Antonio Varela Quintela.** Pero espere, espere..

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu estou recoñecendo o traballo en 40 anos, o que durou o franquismo, 40 anos por exemplo. Digo para que nos demos conta do período do que podo estar falando. Non digo que vostedes o fixeran no franquismo, digo que o franquismo durou 40 anos. Durante 40 anos vostedes gobernaron en Lalín, e fixeron moito en saneamentos, faltaría máis. Digo eu non; tampouco non somos Burkina Fasso.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Aínda así os nosos números.. Se queren facer eses números, inda dan moito a favor dos gobernos anteriores ao seu goberno; inda dan moito máis

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Seguro que si. Ti discúteme cando che negue algo, pero eu estouche dando a razón.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Non che estou discutindo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero estouche dando a razón.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Eu non lle estou discutindo; vostede interpreta que eu lle discuto?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Señor José Antonio, Pincho: Como queres que che chame? Sabes que non che quero mal e tes razón niso. Douche a razón, e insisto que eu, home, nunca fun cargo tal; sempre votei ao PP en Lalín.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Inda votou ao Sr. Crespo ao Senado fai nada.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Absolutamente e toda a miña familia. Dígolle unha cousa: fixeron moito en saneamentos en 40 anos, faltaría máis.

**D. Nicolás González Casares.** O voto é secreto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Secreto, se queres, claro. Digo eu: ou é obrigatorio que sexa secreto?

**D. Juan José Cruz García.** Está dicindo que a súa familia é un clan que vota todo en conxunto?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Se eu tivera tan claro a condena do inferno, ía jodido.

**D. Juan José Cruz García.** Está recoñecendo vostede que a súa familia é un clan que vota todo en conxunto?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Fale por vostede, porque senón dígolle eu quen da súa familia dixo o contrario. Así que non diga toda a súa familia porque é mentira, pero é igual: non me vote nunca máis, por favor. Pídollo encarecidamente

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Concedido. Seguinte punto veña.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Bueno, con Isto remato. Remato porque xa lle dixen que ía ser corto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Agradézolle o ton e que sexa corto na súa intervención.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Faga vostede a broma.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, non, non. Pincho: sabe que de vostede teño a mellor consideración ademais.

**D. José Antonio Varela Quintela.** Eu remato, dicíndolle que era un pouco iso o que queriamos clarificar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa me din conta si. Gracias polas súas preguntas. Sr. Juan, bueno, Sr. Concelleiro non adscrito.

**D. Juan José Cruz García.** Pode vostede repetir en pleno que se van comezar os alcantarillados de Cadrón, Xesta e Botos antes de que acabe este mandato?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu non dixen Iso. Eu dixen, se quere aclárollo, que están en proceso de redacción. Repítolle, se me permite os que están: A Xesta,

Moneixiñas, Belelle, Botos. Non todos os lugares, porque hai lugares de especial dificultade técnica, e o lugar de Cadrón, porque por exemplo o lugar do Castelo é especialmente complicado por unha cuestión de pedra, de aspectos técnicos. Pero estes son os que están en marcha. Si, perdón, a parte de Zobra, Vilar do Río...

**D. Juan José Cruz García.** Vale vanse comezar as obras e vanse rematar antes de que acabe o mandato?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu creo que se van a comezar a rematar...Depende de moitos factores, pero que van a estar en marcha si.

**D. Juan José Cruz García.** Pode vostede introducir nesa relación por exemplo Vilanova?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non está en redacción.

**D. Juan José Cruz García.** Non está en redacción. Sigue vostede afirmando que non está negociando co Concelleiro non adscrito?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si.

**D. Juan José Cruz García.** Non negocia nada?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, non.

**D. Juan José Cruz García.** Parécelle a vostede que cheguen ao debate político ideas coma estes alcantarillados ou como que as pistas da Veiga estean realizadas, ou estean aprobadas, perdón neste Pleno?. Non son unha forma de negociación subliminal?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu entendo que non, pero na mente de cada un as cuestións se procesan de diferentes xeitos; na súa procésase dun xeito, cando menos curioso, e na miña de outro.

**D. Juan José Cruz García.** Vale. Pois, non teño nada máis que preguntar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moitas gracias. Seguinte punto por favor. José Antonio se tes algo máis que aportar? Nada máis moitas gracias.

Deste xeito deuse por rematada a comparecencia.

**12.- EXPEDIENTE 3422/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA REITERARLLE AO MINISTERIO DE FOMENTO A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE ARRANXO E MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS EN LALÍN.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción presentada non rexistro xeral o día 19/06/2018, con número de rexistro 4500. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento,**

**Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 25 de xuño de 2018**.

**D. Nicolás González Casares**. Ben, por todos é sabido que houbo un cambio de...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, unha cuestión de forma, hai unha cuestión dunha subvención que teño que firmar na web, non sei se é da Xunta ou de Deputación, voume ausentar cinco minutos por esta cuestión do pleno, de acordo?

**D. Nicolás González Casares.** Como viña dicindo, todos somos conscientes de que houbo cambio do goberno en Madrid, polas circunstancias tamén que todos son coñecidas. Pero as esixencias, as esixencias de Lalín, do Concello de Lalín, non variaron nun ápice. Durante anos algunhas destas peticións e solicitudes ao goberno do Estado foron reiteradas e reiteradas, algunhas digamos que xa pasan da década de reiteración e de petición, pero a maioría delas non foron atendidas. É unha historia que coñecemos todos é a AP-53 nos anos do PP, que non foi atendida, como moitas das outras que viñeron a pleno, algunhas máis prioritarias, outras menos prioritarias.

O que se fai é recoller todas e cada unha das iniciativas aprobadas por este Pleno foran de quen foran presentadas estas iniciativas, para que trasladar ao novo goberno de Madrid, que o Concello de Lalín cambie na color, que cambie, sexa presidente quen sexa presidente, ou sexa a composición das Cortes ou do Goberno o que sexa, mantemos as mesmas reivindicacións. E esas reivindicacións seguirán sendo activas e seguirán sendo esixentes e fortes na medida que non se cumpran. Polo tanto ningún paso atrás non cambio de goberno á hora de facer todo este tipo de reivindicacións, e aquelas que poidan chegar porque estas son as recollidas, e outras que poidan chegar.

Desde logo, tanto o grupo de goberno, na parte tamén que me toca de representante do grupo municipal socialista e seguramente con máis posibilidade de acceso a algúns dos delegados territoriais ou de algúns executivos dese novo goberno. Tamén creo que teño unha responsabilidade e temos unha responsabilidade de facer este tipo de reivindicacións e non imos ceder ningún día, é dicir, hai que darlle a un goberno normalmente cen días. Pero este goberno para estas cousas ten menos de cen días e desde logo seremos reivindicativos. Digo ten menos de cen días porque é un goberno que tampouco ten toda unha lexislatura por diante. Polo tanto non só trasladaremos a este pleno, a que se aprobe neste pleno, e logo trasladalo, ao Ministerio de Fomento fundamentalmente que é a diana da maioría destas reivindicacións, senón que a día de hoxe iniciaremos tamén un procedemento de solicitude de reunións e todas as iniciativas que sexan necesarias, para que non só se teñan en conta, senón que se reciba aos representantes municipais, cousa que dificilmente se facía ata agora e que sexan tidas en conta. Algunhas xa digo, son moito máis prioritarias; outras son máis complexas, pero desde logo non imos ceder ningún ápice nas reivindicacións, sexa autopista, sexa o Estado que tanto se criticou que trouxera a este Pleno o da nacional N-540 a Lugo, que aínda sigue en mal estado parece que se vai arreglar este verán. Pero seguirémolo reivindicando, sexa o rebaixe de Bendoiro, sexa a sinalización do Candán, e algo que creo que non ven nesta moción pero que propoño tamén incluír que o estamos vendo estes días e propoño incluír aquí en voche na propia moción o estado dalgunhas das escombreiras do AVE, vale, é dicir, non se está facendo o mantemento axeitadamente e iso aumenta o risco de incendios, iso xa se trouxo outros plenos e tamén nons comprometemos, non solo a traer, digamos aí esa engádega a este punto nesta moción, senón que ademais a

negociar co ADIOF que poñan os medios necesarios para que sexa unha prevención do lume porque desde logo isto é tremendamente importante, foi nomeada onte mesmo unha galega presidenta de ADIF, unha galega que foi a enxeñeira xefa do tramo Ourense-Santiago, polo tanto que coñece moi ben este treito porque foi a persoa que levou a supervisión técnica de toda a liña do AVE Ourense-Santiago cando estaba non proceso sobre todo construtivo, logo foise para Madrid, Isabel Pardo de Vera. Entón xa lles adianto que desde hoxe mesmo imos tamén solicitarlle unha reunión, ou polo menos mandarlle a engádega desta moción para que teña en conta que iso está en mal estado e necesita ser arranxado. non todas, por exemplo o outro día a de Botos non estaba tan mal. Que estiven alí. Pero por exemplo a de Vilanova pois necesita un coidado que non ten e que xa algún ano ardeu e non queremos que se volva a reproducir isto. Polo tanto o que reitero, ningún paso atrás, sexa goberno próximo, amigos, rival, inimigo, eu creo que a coherencia está por enriba de todo, desde logo a nosa posición é de esixencia continuada a todo este tipo de cuestións, en canto haxa un subdelegado ou subdelegada do goberno, creo que vai ser subdelegada, tamén lle trasladaremos inmediatamente iso igual que llo trasladaremos ao delegado do goberno persoalmente, moitas gracias, aparte do PP?

**D. José Antonio Varela Quintela.** Estamos totalmente de acordo, e como vostede está dotado na materia, fai coidados preventivos antes de chegar a temas maiores, alégranons. Nós vámoslle a votar a favor.

**D. Nicolás González Casares.** Pouco debate. Juan.

**D. Juan José Cruz García.** Paréceme unha moción sublime.

**D. Nicolás González Casares.** Bueno, eu quería tamén, se tivera... home gracias por facerme rir un pouco. Eu quería tamén que se tivera en conta a engádega esa do ADIF, a engádega que se vai ter en conta. Vale, si vos parece oportuno? Non, estiveches fora, non é polo Apeadeiro, o Apeadeiro si que non...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quero que saibas que esa señora tiña ó noso goberno.. máxima do ADIF a nivel...

**D. Nicolás González Casares.** Si escoita, que eu coñezo a Isabel Pardo de Vera tamén de moitos anos, e foi a que fixo, a responsable enxeñeira...

**D. Xosé Crespo Iglesias....**

**D. Nicolás González Casares.** Vale, por iso. Ah, estou desubicado. Procedemos a votación.

Sometido a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, dous (2) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN e a emenda do seguinte tenor**:

O pasado 2 de xuño, tras prosperar a moción de censura presentada polo

PSOE contra Mariano Rajoy, o socialista Pedro Sánchez resultaba investido novo presidente do Goberno. A conformación do novo executivo estatal, nos días inmediatamente posteriores, producíase despois de que nos últimos tres anos a desidia do Goberno do PP non atendese nin unha soa das múltiples solicitudes e demandas que vía moción se lle fixeron chegar ao longo deste mandato tras seren aprobadas polo Pleno da Corporación municipal de Lalín.

Moitas destas peticións tiñan relación directa co longamente demorado arranxo de infraestruturas ou mellora de servizos viarios dentro do termo municipal e resultan imprescindibles, non só para o incremento da calidade de vida das veciñas e veciños de Lalín, senón tamén para potenciar a reactivación económica da vila.

Así, entre esas mocións aprobadas en Pleno e nunca atendidas, estaban a mellora do firme e a seguridade viaria na Nacional 525 ao seu paso polo lugar da Laxe, na parroquia de Bendoiro; a mellora integral da rúa Areal e a rúa da Ponte; a reparación e mellora do estado das estradas N-640 e N-540 que unen Lalín e Lugo; ou a axeitada sinalización da Serra do Candán nas estradas N-525 e N-541. Pero, por riba de todas estas demandas, se hai unha que ten especial relevancia para o conxunto da poboación de Lalín é a rebaixa ou a supresión da peaxe da autoestrada AP-53, cun prezo case prohibitivo para os escasos usuarios que a utilizan, o que impide de maneira clara que esta vía de comunicación que conecta Lalín coa capital de Galicia sexa un referente para a reactivación económica dos concellos polos que pasa.

Ningunha destas peticións, dirixidas de maneira concreta ao ministerio de Fomento, obtivo resposta por parte do anterior executivo, en mans do Partido Popular, malia a súa importancia para o conxunto da poboación Lalín. Estamos, xa que logo, ante demandas fundamentais para dar resposta aos intereses xerais e o benestar dos cidadáns, e que nada teñen que ver coa disputa partidista. É por iso polo que o Goberno de Lalín -absolutamente convencido de que por riba dos intereses políticos oiu electorais de cada formación nun momento determinado están os intereses e necesidades dos cidadáns aos que se deben administracións públicas.

En base ao exposto, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU**:

1.- Remitir de novo ao Ministerio de Fomento as diferentes mocións aprobadas polo Pleno municipal neste mandato e que teñen relación directa coas súas competencias. E, de maneira específica, reiterar as solicitudes xa cursadas para que proceda a rebaixar ou suprimir a peaxe da autoestrada AP-53, para reparar e mellorar o estado das estradas N-640 e N-540 que unen Lalín e Lugo; para artellar os mecanismos e o financiamento necesarios para a mellora integral e a humanización da rúa Areal e a rúa da Ponte; para retomar o proxecto de seguridade viaria, construción de beirarrúas e rebaixa do firme da N-525 ao seu paso polo lugar da Laxe, en Bendoiro; e para sinalizar de maneira axeitada a Serra do Candán nas estradas N-525 e N-541.

2.- Solicitar ao ADIF que leve a cabo traballos de conservación e mantemento das escombreiras actuais formadas coas obras de alta velocidade ó seu paso por este Concello de Lalín, para evitar risco de incendios, especialmente nas situadas nas parroquias de Botos e de Vilanova.

***Incorpórase á sesión a Concelleira Dª. Celia Alonso Caramés (PSdeG-PSOE), quedando o grupo socialista con 3 membros e sendo 21 o número total de asistentes.***

**13.- EXPEDIENTE 3432/2018. MOCIÓN DO GRUPO DE Goberno PARA REITERARLLE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA QUE ASUMA A XESTIÓN DO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE LALÍN.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada non rexistro xeral o día 20 de xuño de 2018, co número de entrada 4541. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ten oito minutos. Adiante.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Bo día. Imos defender Lara e eu esta moción.
Isto é unha moción reiterada en varias ocasións incluso neste propio mandato, bueno, a ninguén se lle escapa que a raíz dunha iniciativas parlamentares, bueno, pois do BNG.
Situouse outra vez a cuestión nos medios e na importancia que isto require. Desde este goberno entendemos que vamos facer un repaso da historia dende o 91 do que é a importancia e o papel deste conservatorio profesional, onde moita xente da que está aquí sentada ten unha responsabilidade tremenda e que podamos falar en termos de orgullo do mesmo, pero si que temos a responsabilidade política de defender os intereses xerais dos nosos veciños e veciñas. Entendemos que aquí se enmarca desde logo esta proposta. Unha proposta que incide nesa serie de iniciativas para que isto sexa unha realidade se hai algo que encaixe perfectamente nunha competencia impropia pois é esta situación do conservatorio, e digo isto porque o Concello de Lalín está asumindo unha competencia como educación que non é algo municipal; e en segundo caso pois tamén se da a circunstancia de que os alumnos e alumnas que asisten hai bastantes que non son do Concello de Lalín, nin da Comarca do Deza.
Un conservatorio que neste último curso que rematou tivo 160 alumnos, 12 profesores e un bedel. Polo tanto reflectiu uns gastos de 321.986 euros e uns ingresos vía taxas, obviamente de 7.983 e cunha achega de colaboración non doutra Deputación, única e exclusivamente da Deputación de Pontevedra de 17.000 euros. Polo tanto, en termos de déficit, podemos falar que arrastra, que ter o conservatorio supón unha aportación para as arcas municipais de 227.000 euros, unha cantidade moi importante desde logo para unha competencia impropia. Tamén destacar aquí na parte de ingresos como a Xunta de Galicia aporta exactamente cero euros, porque retirou esta orde de axudas fai uns anons co Partido Popular. Polo tanto, esta é a situación na que nos atopamos, e onde vemos, eu estiven repasando tódalas taxas que pagan tódolos alumnos e vimos como desde logo se producen casos dalgúns que chegan a pagar, como caso máximo, 889 euros, nin máis nin menons. Aquí reside o problema, o problema está por unha banda en que o Concello asuma unha parte tan importante nunha competencia impropia. Quen vai defender isto? É que non sei a quen me teño que dirixir.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Eu.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Unha competencia impropia como é esta.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Vou asumir unha competencia impropia.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Moi ben.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Igual que fas ti.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non interrompa por favor.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Bueno, entón son todas propias. Entende? Entón a cuestión é esta. Está dándose a circunstancia de que asumamos obviamente un gasto tan importante, por outro lado, iso reflicte que haxa alumnos que teñen que pagar 900 euros na práctica de taxas. Aquí reside insisto o verdadeiro problema: que asumamos, cousa que nós neste goberno non imos facer, que por vivir en Lalín ou por non vivir nunha cidade, existan alumnos que pagan ata catro veces máis, ata catro veces máis de taxas por ter a mesma formación profesional que un que viva nunha cidade, que asista a un centro asumido e xestionado pola Xunta, de titularidade de Xunta de Galicia.

Quería chegar aquí porque isto é exclusivamente un problema político. Quero dicir que a solución é exclusivamente política. Se toma a decisión política de que a Xunta asuma isto ou non; non hai termos medios. Quero dicir, hai termos que falaremos despois, de entrar en negociacións coa FEGAMP, coas deputacións, etc, etc, pero sempre vai ser unha decisión política. Nós aquí temos a desgraza de ter un Conselleiro, precisamente como titular deste departamento da Xunta de Galiza, que representa a hipocrisía personificada na súa persoa, cando non ten o máis mínimo pudor, en votar distintamente cando era concelleiro aquí a cando é agora conselleiro e polo tanto ten a capacidade de solucionar y de poñer fin a esta sangría para os nosos alumnos e alumnas deste Conservatorio.

Eu teño aquí a acta do Pleno. Tamén se quere lla paso. Bueno. Vostedes dicían cousas tan importantes como o seguinte: Manolo Gómez, que era quen o defendía, co voto a favor, insisto do conselleiro nin máis nin menos que ocupa agora esa carteira, que é Román Rodríguez, criticou por último, digo por facer un destacado, que a Xunta de Galicia non dedica os cartos a este tema por ter outras prioridades.

Sen axudas os conservatorios non sobrevivirían, e citou algún exemplo como o da Coruña, como o único que subsistiría sen axudas. A maioría dos actuais de non contar con axudas oficiais non poderían resistir máis tempo, datado en outubro de 2005, cando os ingresos eran superiores, porque a Xunta de Galiza de aquelas aportaba tamén para o mantemento de dito conservatorio. Fíxense vostedes se gardan unha terrible hipocrisía nesta materia, e desde logo o que describe é que temos un conselleiro que exerce de antiveciño, de antiveciño, sen previa sobre hora de que os conselleiros do Concello era bo porque sempre se beneficiaban, por unha cuestión de veciñanza, nós neste caso pois vai pasar o legado de que non teña legado claro, cando deixe a Xunta. Polo tanto nós aquí incluso lle vamos engadir dous puntos, dous puntos á moción nosa, que serian os seguintes: o segundo punto poñería: *solicitar á Xunta de Galiza que mentres non faga efectivo o anterior punto cree unha contía de axudas para os conservatorios de titularidade municipal de toda Galiza co fin de costear a diferencia existente entre os centros autonómicos e os dependentes dos*

*concellos. Punto tres: demandar a consellería de educación e ordenación universitaria que mentres non asuma a titularidade do conservatorio, asine un convenio de colaboración co concello para que desde logo sufraguen parte dos gastos.*

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ten que rematar esta primeira intervención.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Si remato. Vou rematar do seguinte xeito, do seguinte xeito, para nós é un problema dunha eiva como vostedes saben, normativa, administrativa, que temos non día a día e que se sufre non día a día e que causa desde logo prexuízos de substitución de persoal etc, etc, e xa dixen anteriormente que non poñemos o acento, aínda que é algo importante non gasto económico, que este goberno, mentres este goberno estea vamos asumir encantados pola importancia, pola traxectoria, que non vou aburrir a ninguén aquí, que ten este conservatorio para este concello, e tamén lles anunciamos hoxe aquí, que para o vindeiro ano que, cando haxa a modificación das ordenanzas, vamos a traer unha ordenanza rebaixando as taxas para os alumnos do Conservatorio de Lalín, si ante a indefensión da Xunta nós vamos actuar radialmente contrario, ao que a Xunta está facendo. Polo tanto vamos traer aquí, unha rebaixa que convidamos por certo a vostedes, a que formen parte dela, chamarémolos, imos traer aquí unha modificación da ordenanza, para rebaixar as taxas, dos nosos alumnos e alumnas e tamén afectará incluso na idea que nós temos a modificación dos prazos de pago para facilitar e que lles sexa máis doado incluso, ditas taxas. En definitiva, o que queremos paliar, remato, o que queremos paliar, é que por vivir en Lalín, fronte á indefensión a que nos somete o Conselleiro e a Xunta de Galiza, non se vexan tan discriminados como se ven a día de hoxe.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** José Antonio tes teóricos cinco minutos, adiante. Non a ver. Tes máis experiencia ca min non pleno. Sabes que hai dúas intervencións, e que hai cinco minutos, que son flexible con iso. Creo que é unha pregunta case absurda pero contesto con moito gusto

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Eu agradézolle que sexa flexible porque é un tema importante para Lalín.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, tivo nove e medio, pero insisto que son flexible, non hai problema.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Ten mérito que non quedou durmido.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Podo despois volver a intervir?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero vamos a ver

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Ah non, pero non escoitei.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** non me vaciles, sabes que tes dous turnos. Sábelo de sobra, ou algunha vez non foi así.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Si, si, veña perfecto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Ben, en este primeiro turno a nós sorpréndenos da súa intervención que fale vostede de hipocrisía. Sorpréndenos tamén iso. Ao mellor non tanto, porque vostede é un político osado. Que sexa vostede o que colla a bandeira deste tema, é dicir, falando de competencias impropias, pois bueno. Sae agora vostede ao rescate do conservatorio despois dunha nefasta xestión que o goberno está facendo sobre este tema. Sorpréndenos que sexa vostede pois quen colla a bandeira e non a concelleira do ramo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A ver se te estás adiantando.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Mire: vostede fixo unha análise e quedouse non tempo cando lle pareceu e cando lle convén a vostede na bandeira da defensa do Conservatorio de Lalín. Eu creo que vostede pois non está lexitimado para collela, porque esa bandeira e as negociacións con todos os gobernos da Xunta de Galicia iniciáronse polo goberno do PP deste Concello, e non é vostede o que inicia esa loita. Dende o Concello de Lalín gobernando o PP fixéronse negociacións con todos os gobernos da Xunta, con todos, desde Fraga ata o Bipartito e tamén se fixeron xestións co goberno actual.

É certo que dende un principio, dende aquí se tivo claro o que di vostede do aspecto económico, e ten toda razón de que que deben asumir esa carga económica e asumir esas competencias deberíao facelo a Xunta de Galicia. Eu xa lle anuncio que iso xa se fixo antes, que xa se loitou por iso, e están aí as hemerotecas para demostrar que o que lle digo non é algo que me invento eu. Por iso nos estraña que vostede queira coller esa bandeira de salvador do conservatorio. Pero mire, nós dende un principio se tivo en mente traballar nesa liña, traballar nesa liña con todos os gobernos, plantexalo a nivel autonómico, porque vostede sabe que é moi difícil facer moitas veces excepcións e dende un punto de vista xeneral si se pode traballar ó mellor dende a FEGAMP ou dende onde sexa para que a Xunta asuma as competencias de todos os conservatorios.

Pero mire: nós aparte desa bandeira, que agora colle vostede, nós traballamos polo auditorio, polo Conservatorio, por manter o Conservatorio, a parte de todas as peticións de todas as negociacións, que se fixeron, que aí están, as hemerotecas, entendiamos que a mellor forma de potenciar o Conservatorio era esa, dándolle as competencias e que asumira as competencias quen as tiña que asumir; pero nós traballamos, destinamos recursos, e fixemos a xestión suficiente para conseguir que o Auditorio e o Conservatorio de Lalín fose un referente a nivel galego; sen embargo vostedes o único que fan neste eido é traer aquí unha moción a nivel político que asume vostede. Non sabemos se para tirarlle das orellas a túa compañeira, ou polo que, e nada máis, é dicir, os feitos están aí, e o curso está rematando e vostedes saben o que pasou durante este curso, a nivel académico, e as infraestruturas tamén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O curso xa rematou, non é que estea rematando, xa rematou, houbo hasta un acto de fin de curso.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Acórdese que me ten que deixar falar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Digo para darlle datos, como non van por alí.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Eu do eido educativo xa sabe que non sei moi ben nin cando empeza nin cando acaba, non se preocupe. Ben entón, o que lle queremos dicir dende o PP é que vostede ten que facer o seu traballo. Vostedes teñen que traballar para conseguir o que outros intentamos e outros non conseguimos, pero intentámolo, puxemos todo da nosa parte, e iso ninguén pode dicir nada en contra. Pero vostedes o que teñen é que ao lado desa parte política, o que teñen é que traballar e situar o Conservatorio de Lalín onde estaba. Nós dende a oposición vamos a esixir, porque é a súa responsabilidade. Vostedes son goberno e non fan nada que non sexa competencia de vostedes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vaia rematando na súa primeira intervención. Está?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández**. Si, gracias.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Señor Cruz, ten cinco minutos.

**D. Juan José Cruz García.** Non non os vou utilizar que este pleno aburre aos santos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Téñolle que informar, utilice os que queira.

**D. Juan José Cruz García.** Paréceme ben a moción. Creo que hai handicaps que xa falamos o outro día nas comisións informativas. Un deles é que facer o Conservatorio de Lalín público, non dependente, supoñería un acceso á función pública, non cal os obreiros que están agora alí terían que acceder en igualdade de condicións con calquera outro que viñera de calquera punto cuns méritos e cunha serie de condicionantes que poñería a Xunta de Galicia, entendo, coma calquera proceso que está vixente.
Polo tanto creo que a proposta ao mellor ao profesorado non é a que máis lle... e a de mirar polo noso, tamén se falaba moito que ía ser o goberno do rural, eu non o vexo por ningún lado, as obras son todas para o casco urbano.
Vese claramente que ao mellor ese handicap existe. Paco Vilariño di que houbo exemplos de conservatorios que asumiu a Xunta e que foran regularizados ou que foi o profesorado feito, fixo, non fixo, funcionario. Iso eu non sei. Non o coñezo en ningún lado. Si que tes moita razón no tema. Eu creo que hai un handicap, pero a nivel produtivo eu creo que o que podes meter na sesión, e ti ao mellor estás máis versado nisto, ou calquera técnico pode facelo, eu creo que debedes engadir, fago unha emenda, é *que poder enviar esta moción con toda a problemática e enviar tamén un acordo onde se inste ao Ministerio correspondente de Educación e Cultura que non ten esas competencias, pero que podería iniciar os trámites para enviar a outro ministerio, que leve esa posibilidade*.
Eu creo que necesitase regular o que é unha contratación para os conservatorios non dependentes. Iso é o primeiro e despois se pedimos pa Xunta. Eu son consciente de que a axuda da Deputación baixou moito; a da Xunta é nula. Critico que sexa nula, porque recordo que as axudas para o conservatorio oscilaban entre os 120.000 euros ou algo así por momentos. Entón iso é criticable, pero a Deputación se falamos de que ten que atender esas necesidades deses concellos pequenos e da Mancomunidade porque aquí si que tes toda a razón do mundo que ven xente da Estrada a estudar. Ven xente de Ponte Ledesma; ven xente de Antas de Ulla, hasta ao mellor tería que ser xa case esta moción e mandala igualmente a Deputación de Lugo.

Aquí hai que iniciar unha serie de conversas con moita máis xente. Non sei se tes a ben poñer o engadido ese de intentar regular un sistema de contratación que facilitar a contratación. Iso regulalo por lei, xusto e específico para os conservatorios non dependentes. Ademais creo unha cousa: que os conservatorios teñen que ser entes vivas. Ti hoxe, Zidane decidiu marchar do Real Madrid, e puido marchar. Aquí nós témoslle que dar esa fluidez de que nos da a educación. O currículo aberto e todo isto, deixarlle tamén ter en parte á xente a ilusión de poder acadar eses postos e creo que debemos ampliar a oferta educativa no Conservatorio de Lalín. Baixar a matricula?. Non sei. Eu creo que hai que ampliala ata certos sectores. O conservatorio de Lalín é un referente, pero debemos traballar para que sexa máis. Polo tanto, a música moderna, a música de jazz, a música folk que se perdeu que é outro tema que hai que tirarlle das orellas ao PP, porque aí había un bo grupo de traballo. Creo que é importante é que visualices tamén, que visualicedes que estamos acabando o goberno. Estades acabando o goberno e non fostes quen de iniciar por exemplo a contratación dun mestre de harmonía moderna, porque creo que estamos enclosados no pasado e o Conservatorio de Lalín ten que mirar cara adiante e ten que adaptarse aos tempos que veñen.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Lara tes cinco minutos, por competencia propia.

**Dª Lara Rodríguez Peña.** Bo día. Pois efectivamente como competencia propia, que pode ser neste caso o Conservatorio que depende do Padroado, do cal formamos parte varias persoas que estamos aquí, é certo que unha moción destas características xa fora presentada fai dous anon, se non me equivoco. Volvémolo traer aquí neste caso por unha moción do BNG.

Sorpréndeme bastante neste sentido a resposta do PP. É dicir, eu entendo que poidan estar de acordo con que a Xunta se faga cargo do Conservatorio porque ao final é unha educación regrada, e as persoas que se dedican á docencia que agora mesmo forman parte deste Pleno tamén o saben.

É unha educación regrada e no Conservatorio hai dúas partes importantes nas que é a xestión do mesmo, por un lado o Concello e por outra parte a educación. Porque o conservatorio tamén se ten que adaptar ao que é a normativa e a lei educativa. Algo que para nós como administración local e como concello dificulta moitas veces a súa xestión e iso é algo que todos e todas sabemos.

Un dos problemas fundamentais de todo isto É precisamente a non posibilidade de contratar profesorado. Sigo dicindo que estamos traballando e estivemos traballando para poder arranxar este problema. Este problema non existiría se a Xunta de Galicia absorbera os conservatorios municipais. A parte, esta é unha opción, unha proposta que dende o Concello de Ponteareas pola cal sempre se estivo traballando. O Concello de Ponteareas foi un dos concellos que empezou a mover toda esta rede de conservatorios municipais para que a Xunta se fixera cargo. De feito, eu mesma fun a varias reunións coa FEGAMP para que a FEGAMP puidera tamén facerse cargo, ou polo menos xestionar iso. Coa Deputación igual. E as respostas sempre foron cero. Polo menos que haxa unha resposta, ou polo menos que esa resposta sexa non.

Eu entendo, que vostedes a parte de traballar por manter o Conservatorio, iso que é o que obviamente é voso, e seu. É dicir, o mérito.

Obviamente o Conservatorio funciona gracias a vostedes, pero o que non podemos permitir é que a Xunta de Galicia non se digne nin a responder, porque é a tónica xeral. Se hai un problema de contratación de persoal e o alumnado non ten ou non pode obter a esa docencia, o problema xa sabemos cal é. O Padroado Cultural é

o que é e ao final os principais afectados é o alumnado do Conservatorio.

Tamén quería e xa remato por último, engadir que a Xunta de Galicia non é quen nin sequera dea a opción a pedir unha serie de subvencións ou axudas para os conservatorios municipais, porque unicamente existen unhas axudas para as escolas de bandas, é dicir, a Escola da Banda, neste caso é unha escola que non ten nada que ver co Concello, pero que a Deputación neste caso unicamente podemos optar á Deputación a través do Plan Concellos, que son unha opción que nós como concelleiros e concelleiras temos de solicitar ou non, pero non hai axudas específicas. Eu creo que iso é unha gran eiva coa que contan as administracións, tanto a Deputación neste caso como a Xunta de Galicia máis concretamente, porque en ningún momento, repito, se dignou nin a dar unha resposta. Nada máis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** José Antonio como é costume ten outro turno. Canto era, cinco ou tres minutos? Xa non me acordo.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Perdón, mire unha cuestión de orde, eu creo que se equivoca porque non falou o voceiro do PSOE, como en Santiago xa estiveron non sei aquí en Lalín que van facer.

**D. Nicolás González Casares.** Ah bueno, pero entón xa...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Déixeme unha cousa que dirixo eu o pleno. Agradézollo moito porque xa contabamos con isto que nos ía dicir e xa ten preparada a parte da intervención. Adiante. Cando vostede vai eu xa volvo.

**D. Nicolás González Casares.** Agradézoche moito esta apelación á miña intervención que xa contabamos con ela. É dicir, a verdade, pois, dixen, e non me vai chamar e tal, realmente o grupo parlamentario socialista apoia esta solicitude, e xa aprobouna en reiteradas ocasións, incluso non Parlamento de Galicia. Neste caso propúxolle unha emenda ao BNG: quere instar á FEGAMP non só para o de Lalín senón para todos os conservatorios de Galicia.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Espera que non te vai atender e entón...

**D. Nicolás González Casares.** Ah vale.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Tic, tac, tic, tac... adiante si.

**D. Nicolás González Casares.** Home xa, pero bueno, teredes outro momento, ou é tan importante? Bueno continúo. Que saibas que o grupo parlamentario socialista apoia perfectamente. O que pasa é que o BNG non aceptou unha emenda do grupo socialista e abstivéronse; pero creo que na intervención do grupo parlamentario socialista, que se queres podes ter acceso a ela din que están completamente de acordo non fondo, pero non exactamente na forma. E era instar á FEGAMP para que o tivera en conta. De feito tampouco estou absolutamente de acordo e así falei cos compañeiros do grupo porque realmente instar á FEGAMP xa se instou en reiteradas ocasións e creo que ten que ser unha negociación non marco de FEGAMP.

Isto non admite máis espera, de feito, para vostedes isto admitía moi pouca espera, porque mire o bipartito chegou en xuño do ano 2005 e xa en outubro do ano 2005 vostedes lle estaba solicitando ao bipartito que asumiran os conservatorios,

vostedes, é dicir, non tardaron 3 meses. Veña conservatorios para vós. Iso foi en tres meses. Déixeme rematar. Escoita. aos tres meses de chegar o bipartito xa o pediades, pero a min o que me chama a atención.....

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Incluso nos podes dicir a que Director Xeral llo pediamos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non interrompa por favor.

**D. Nicolás González Casares.** José Antonio:como me fas esta interpelación. Eu quero intervir. Se ti non queres... Eu quero que me expliques cales foron as dotacións con Román Rodríguez de Conselleiro de Educación e Cultura ao Conservatorio de Lalín, porque as anteriores con Cristóbal Fernández, que o digan eles cales foron, porque por exemplo, con Cristóbal Fernández, de Delegado Territorial de Pontevedra de Educación e Cultura, si que houbo aportacións para o conservatorio, e moitas. Entón chega Román Rodríguez, que estaba no Padroado, foi concelleiro desta casa, concelleiro de cultura, e agora é Conselleiro de cultura e parlamentario galego e resulta que o conservatorio de música desaparece da súa memoria. Pois quizá non son eu quen teña que dar explicacións dun sentido do voto. Quizais teñen que ser vostedes os que cambiaron de postura absoluta, porque o grupo socialista en ningún caso se opón, pero o PP estase opoñendo a esta iniciativa. Estase opoñendo en Santiago, e quen se opón, supoño que o grupo Popular non Parlamento de Galicia, terá unhas directrices tamén do goberno da Xunta e o máximo responsable do goberno da Xunta e o Señor Román Rodríguez para estas cuestións. Polo tanto está claro que o Sr. Román Rodríguez se nega a este traslado e se nega a axudar ao conservatorio de Lalín ou polo menos eses son os datos que obran aquí porque non hai investimentos nin hai vontade. Polo tanto eu creo que esa interpelación que eu creo que era lóxica e esperada, tamén ten unha cumprida resposta, sen máis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa está, vale? Remata Paco. Non cedícheslle o turno ao PSOE? En que quedamos?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** O PSOE critica en Lalín, aquí si, pero onde tedes que falar e vos tedes que opoñer...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, perdón, perdón, tres minutos.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** E aí abstédesvos. Iso era o que antes o concelleiro...

**D. Nicolás González Casares.** Pero se vós votastes en contra.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Nós estamos no Concello de Lalín e somos concelleiros, Concelleiros do Concello de Lalín.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si claro. Aquí en Lalín non vale. É curioso isto de que vós aquí, é o Concello de Lalín; pero PSOE aquí non, o PSOE é en toda Galicia. Isto e o que me estás dicindo non?

**D. Nicolás González Casares.** Solo vos faltou dicir que gobernábamos a Xunta,

solo che faltou dicir iso.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Agora deixeime falar a min. Respécteme. Pedinche antes que non interrompeses. Gracias por deixarme falar. O que queda nos escritos. Defendeu unha persoa á que eu lle teño aprecio non Parlamento, Teresa Jarque. Defendeu esta a parte digamos do Partido Popular. Eu creo que nin ela se cría o que estaba dicindo, isto xa é outro tipo de xestión. Pero bueno, vouno dicir porqué, pero o que si é verdade polo que acaba de explicar o Tenente Alcalde, pero quen votou en contra, supoño que coas conseguintes ordes políticas lexítimas do goberno galego, foi o Partido Popular, cando habendo un Conselleiro de Lalín, ao que eu respecto, se pedía o que non está facendo e cando agora ten a posibilidade e isto non o da discutido ninguén. A partir de aí intenten argumentar o que queiran. Teñen tres minutos e non lle vou interromper.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Coa súa intervención queda claro que vostedes con esta moción o único que pretenden é desgastar ao Conselleiro Román Rodríguez. O conservatorio para vostedes pasa a un segundo plano. Iso témolo claro coas intervencións que vostedes fan, porque realmente é o que vostedes pretenden. Despois intervirá tamén o noso voceiro, se fan o favor.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** ***N***on, non, perdón, isto non pode ser un cachondeo.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Ben, pois non se preocupe: remato eu. O que é curioso é que presenten unha moción única e exclusivamente para desgastar ao Conselleiro de Cultura. Pero mire: vostedes saberán das súas fobias e filias co Conselleiro. Ppero mire: para nós hai dúas cousiñas que lle queremos deixar claro, sobre todo a parte política da intervención do Sr. Vilariño. Vostede fala de hipocrisía. Eu faleille ao principio de que era un home osado. Hipocrisía en política a verdade é que é algo que o temos no día a día. Mire se vostede revisa a hemeroteca, nós este tema traballámolo con todos os gobernos, pero como empezaron a falalo única e exclusivamente de que tres meses despois do bipartito de estar en Santiago, nos acordamos disto. Mire: hipocrisía Señor Vilariño é por non clasificalo doutra cousa é chegar aquí o ex Director Xeral de Creación e Difusión de Cultura do goberno do bipartito co que nós...

**D. Nicolás González Casares.** Vai a meter a pata.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Non, non vou meter a pata. Voulle ler única e exclusivamente o que aparece nos xornais da época. Sabe? Porque aquí co bipartito ó que vostede acompaña, o único que veu facer foi vir facerse unha foto aquí en Lalín, o 28 de xuño de 2006.

Crespo demanda a Cultura que aporte ayudas para el conservatorio folk, e aquí o Director Xeral Luís Bará que vostede creo que coñece ben, comprométese a colaborar no mantemento do conservatorio. Non se que, non se cuanto, fai a foto e marcha. O 29 de setembro do 2007, la Consellería de Cultura denegó la ayuda requirida por el Patronato lalinense al centro musical, e uns meses despois pechou o conservatorio. Sabe? Entón, podemos seguir lendo e vendo máis fotos. Fíxese. Bará se compromete a impulsar el conservatorio folk en Lalín y apoya el museo del títere. Mire, sei que vostede é un concelleiro que analiza os temas e que lle gusta tirar de hemeroteca. Por que se sacou deste tipo de reunións a parte dunha foto?

Bueno creo que ultimamente volveuse acompañar del tamén para facer outra foto. Por iso mire, xa para darlle o sentido do voto do Partido Popular de Lalín, nós vamos apoiar o conservatorio, apoiámolo sempre e traballamos por el, si co que pretenden con esta moción pois é tapar as eivas do seu goberno, tapar as eivas de xestión tanto da encargada e de vostedes como goberno e do Alcalde. O que pretende con isto é tirarlle de orellas a algún compañeiro de vostede, nós comprámoslle pero o que teñen é que traballar polo asunto. Anúnciolle que nós vamos a votar a favor a moción que vostedes nos presentan e tamén lle aceptamos os puntos que poñen vostedes aí.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Algo máis?

**D. José Antonio Rodríguez Fernández.** Non se colgue medallas, porque vostede se lee isto, ve que non.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias Concelleiro. Sr. Vilariño: se quere rematar?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Por alusións das barbaridades que dixeron aquí, dúas delas, que as vivín en primeira persoa. Quero puntualizalas. Primeira...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero perdón, perdón.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu pido, digo por alusións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Di por alusións pero creo que non se lle fixo ningunha

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Digo a miña xestión, que a vivín eu directamente.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ah bueno, vale, vale.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Primeiro: é mentira o que dixo a Concelleira de Cultura, bueno, de cultura, podémoslle chamar de cultura, e o nomeamento que ten, cando di que o Concello de Ponteareas se preocupou...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Porqué lle falta ao respecto así?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Porque vamos a ver. Como se pode dicir unha mentira de que o Concello de Ponteareas foi o que fixo algo? A idea mire, partiu, de quen partiu. A primeira operación para facer oficiais parte das sete cidades que había en Galicia, os conservatorios de grao medio, os que estaban digamos na champions, foi de Lalín, foi de Lalín, e propúxolle a Xunta e Fraga víao aceptado...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sei toda esta historia, si, si, si...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ponteareas por iniciativa de Lalín, Lalín e Vilalba, eses tres, e quedaron en stand by. Despois veu o bipartito. Eu funlle contar a película ao bipartito, e que por exemplo o que hoxe é Deputado e defendeu iso. E que é incrible, e que me poño de malas, é que como se pode ser tan inmoral coma o Señor Bará que veu aquí a chulearnos. O Señor Bará veu aquí, entre comillas, invitado por nós, para ver como funcionaba o conservatorio, porque habiámoslle pedido unha

subvención e non só non nos dou nada, a pesar de dicir que si que nos ía dar, senón que foi tan mezquino que colleu a directora do Conservatorio folk de Lalín, a Uxía, que coñecedes todos....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Uxía Pedreira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pedreira, e chegoulle a propoñer xusto o contrario do que nós lle propoñemos, dicíndolles que os axudaba pero de outra maneira e noutro sitio. Polo tanto o Señor Bará é responsable total de cargarse o conservatorio folk en Lalín. O Sr. Bará, polo tanto se alguén non ten forza moral para falar de conservatorios para nada é o Señor Bará porque é un trilero politicamente falando. É un autentico trilero. Veu aquí a Lalín a chulearnos; veu ver o mellor conservatorio de grado medio de Galicia, e intentou fundírnolo e agora ven de salvador da patria, por favor, por favor...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sabe o malo de falar por alusións? Que fai alusións a persoas que non se poden defender.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É incrible que o Sr. Bará teña a forza moral de dicir algo do Conservatorio de Lalín. Que morro, que morro, e que hai que ser indignos politicamente falando.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias, digo que o que é indigno e facer referencias por alusións a persoas aludindo que non se poden defender. Iisto é o que me parece a min indigno. Sr. Vilariño adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Fágollo ó Señor Vilariño, Bará foi o que defendeu non Parlamento iso.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Paco: Quere falar Cruz antes.

**D. Juan José Cruz García.** Quero dicir que non quero dicir nada.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu pídolle respecto ao pleno. Esta ben, como diría algún medio de comunicación de Lalín, os chascarrillos están ben, pero téñalle respecto a este pleno. Por favor, de acordo? Señor Vilariño, adiante.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Dentro do grado de sensibilidade, que eu admito que uns sodes máis sensibles que outros. Eu empecei a miña intervención, Toño eu sempre te recoñezo, es unha persoa coa que me gusta debater, que polo tanto non serei o sospeitoso diso, admitindo o papel histórico do anterior goberno no conservatorio pa chegar a día de hoxe, vale, eu creo que empecei por aí. Ben, dito isto, aí se acababa a historia. Da historia non se vive e dito isto facemos o seguinte, que é poñer de manifesto a hipocrisía máis absoluta dunha persoa que en función de onde se sente, de que cadeira ocupe, cumpre un papel ou outro. Isto son cuestións que non son rebatibles. Toño ti presumes de non interromper. Eu pídoche o mesmo. Eu non te interrompín en ningún momento. Entón, vamos a ver, e que aquí, eu non quero con isto que dista moitísimo de como dixeches xogarlla a Román Rodríguez ou así.

Nós estabámoslle dando a oportunidade de que Román Rodríguez non sexa o

conselleiro máis patético da historia deste país, do que pediu, do que valía e do que pediu como concelleiro que sexa o mesmo e que teña a mesma validez agora que é conselleiro, nin máis nin menos que da materia que nos ocupa, que unha persoa que estivo non padroado os anos que estivo, facendo uso perverso del, que fixo, pois polo menos que sexa coherente con todos eses anos. Agora que ten unha oportunidade histórica para subsanar algo tan importante e tan prexudicial para os veciños e veciñas do noso concello, estamos falando de cuadriplicar o pago de taxas por estar non Conservatorio de Lalín ou estar non conservatorio dunha cidade, nin máis nin menos. Isto non é ningunha frivolidade. Isto é así. Estamos falando de que o conselleiro se pecha en banda, porque é tan prepotente, e a posición do Partido Popular en Santiago é tan indigna que se negan ata a recibir ás deputacións para falar deste tema. E se negan a recibir a concellos con conservatorios referenciais neste país para falar deste tema, este é o conselleiro que temos, porque aquí, se minte, porque unha das contestacións é poro iso hai que debatelo. Xa se está debatendo na FEGAMP. Iso é mentira. Non se está debatendo. É falso, totalmente falso. Iso non está na axenda de negociación da FEGAMP tampouco. Entón fixádevos onde nos situamos neste debate. Efectivamente nos entendiamos que era unha oportunidade única por unhas cuestións de coherencia e sensibilidade, é máis que evidente, pero dista moitísimo de que sexa así.

Mirade, nós fronte a ese papel, que se xoga, e efectivamente eu creo que te condenabas na túa argumentación, dicías non te apuntes o tanto. Eu non me apunto o tanto. Nós vimos pedir algo que creo que é moi xusto, punto un. Segundo, niso que insistiches reiteradamente que encabezastes as reivindicacións o que te estabas é condenando na túa argumentación, porque se encabezastes esas reivindicacións cos distintos gobernos, agora que está este conselleiro tan comprometido con esta vila, que o tedes aí, acabouse, culminará ese esforzo de ano tras ano que tivestes para que isto sexa unha realidade. Verdade? Mentira, o que fai é condenarnos e o que fai en todo caso é darvos unha bofetada de cada lado ós que traballades a nivel municipal. Eu tamén admito, sabedes que son unha persoa moi de partido, para o bo e para o malo. Eu se tivera un conselleiro como tedes vós, non o levaría nada ben, respecto ao que son compañeirismo e tal. Entón, non escoitei o que dixo. Eu persoalmente se me preguntan eu estaría encantado e collería ese candidato, se puidera escoller o candidato do Partido Popular.

**D. Manuel Fernández López.** O mesmo vamos facer os gandeiros se vostedes fose o candidato do próximo goberno.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Eu que esta persoa me ameace nun pleno que vou aparecer nunha cuneta xa me parece insoportable, pero que me interrompa xa desde logo me parece inadmisible. Entón desde logo, hoxe que non te estás durmindo non pleno, polo menos escoite a ver se aprendera algo. Xa se me foi a pinza.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Remate.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Rematando. Fronte a esa petición de vostedes, insisto, nós imos rebaixar as taxas aos alumnos e alumnas deste conservatorio. Insístolle e tamén llo digo ao mesmo tempo que os convidaremos a sentarse con nós para ver en que contía, e agora supoño que a súa proposta vai ser o 100%, que sexa gratis o conservatorio. A nosa non vai ser esa, pero logo facerllo moito

máis accesible para o ano que ven. En outubro traeremos a modificación da ordenanza para que para o vindeiro curso os alumnos fronte á indefensión que vostedes os condenan o teñan moito máis doado.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Grazas. Remato dicindo varias cousa rápidas. Esta vella costume de botarlle a culpa ao bipartito de todo o que ocorre en Galicia é cando menos curiosa. Xa pasou hai unha década. Unha cousa é acusar ao goberno anterior de que algunhas obras non se fixeron, e podes entendelo co goberno anterior, pero que se siga falando do bipartito é cando menos sorprendente. Menos mal que gobernou catro anos o bipartito, que se chega a gobernar dez, Dios mío. Que se diría neste país. A min un logro que conseguiu o PP que me gustou moito e que na miña modestia de veciño e cidadán de Lalín sempre apoiei e que me pareceu excepcional, foi a existencia do Conservatorio Folk.

Eu teño outra información de amigos persoais incluído a ex directora Uxía Pedreira, amiga persoal miña hai moitos anos de por que se pechou o Conservatorio Folk. Tamén teño claro que se o Conservatorio Folk se pecha con este goberno, vostedes dirían que é por culpa da mala xestión deste problema, non porque non o fixeran vostedes. Vostedes non o querían facer. Eu teño como evidente que vostedes non querían pechar o Conservatorio Folk. Cónstame iso. Ademais, outra cousa: é que non foron capaces...Se o chegamos a facer nós sabe Dios como nos estaban crucificando. Dito iso, e para..., se quere intervir e doulle a palabra á concelleira cando queira sen problema ningún. Vale. Moitas gracias.

Vou rematar dicndo que me sumo á argumentación tan ben exposta de Paco Vilariño: é tan evidente que habendo... Pincho se queres falar, tamén te deixo. Non teño problema ningún. Digo: José Antonio toma nota das intervencións. Habendo un conselleiro de Lalín ao que eu respecto, insisto, podendo facer unha cuestión evidentemente decisiva para garantir o futuro do Conservatorio que me consta que anteriores interventores tanto a vostedes como a nós, nos dixeron que ao ser competencia impropia tiñamos un serio risco de que tivese que desaparecer podendo garantilo, non facelo é cando menos unha irresponsabilidade e unha falta de lealdade co pobo de Lalín. Isto teño claro porque era moi fácil facelo por parte da consellería, e insisto que sendo o conselleiro membro desta corporación en numerosas ocasións ou máis dunha ocasión manifestáronse moi claramente vostedes e creo que o resto da corporación neste sentido.

Tendo a posibilidade neste momento para el histórico, porque ten poder executivo de decisión para facelo, cando menos ata a data do día de hoxe, non o quere facer ou non nos consta que o quere facer porque entre outras cousas vostedes no Parlamento Galego, votan en contra con argumentos dunha deputada que eu creo que nin se enteraba nin do que dicía, doutras cousas si é versada, nisto dáme a sensación de que non. Votaron en contra desta posibilidade para Lalín, que tomen nota os veciños e veciñas. Nada máis. Procedemos á votación.

Sometido a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE A MOCIÓN** do seguinte tenor:

O CPL (Conservatorio Profesional de Lalín) é unha institución de carácter

educativo e formativo non eido musical que leva en funcionamento desde o ano 1991. Depende organicamente do Padroado Cultural e ten a súa sé non Auditorio de Municipal de Lalín. Trátase dun centro que non só atende a demanda dos alumnons e alumnas do nonso concello, senón tamén doutros da comarca do Deza e de municipios limítrofes como os de Antas de Ulla, Monterroso ou Chantada.

Hai agora dous anos, o grupo de Goberno presentaba ante o Pleno unha moción para reclamarlle á Xunta de Galicia que asumise a xestión do CPL, que foi aprobada unanimemente por esta corporación e da que -malia a súa importancia para os intereses da cidadanía deste concello- nunca se obtivo resposta por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a quen ía dirixida. Atopámonos, pois, dous anos despois, nunha situación idéntica ou, se cabe, de maior urxencia con respecto á necesidade de traspasar este centro educativo á Xunta. Isto é debido a varios factores:

Por un lado, o Conservatorio é claramente unha competencia impropia por tratarse dun recurso educativo do que ademais se benefician alumnos e alumnas doutros municipio e que debería, polo tanto, estar en mans da Xunta de Galicia. Doutra banda, as múltiples trabas administrativas que sofren as administracións locais para realizar contratacións coas que cubrir baixas ou sacar novas prazas de profesorado etc. derivan en situacións de máxima complexidade e dificultade como a que se produciu este curso para a reposición de profesores de trompa e trompeta. Así mesmo, é inxusto que o custe por alumno/a non Conservatorio de Lalín cuadriplique o doutros centros autonómicos que funcionan nas grandes cidades.

Na actualidade, o Conservatorio conta con 160 alumnos e un cadro de persoal composto por 12 profesores e un bedel. A súa oferta educativa inclúe diferentes especialidades instrumentais, clases teórico-prácticas e numerosas actividades complementarias e extraordinarias. Ademais de impartir formación para os músicos que compoñen a Banda de Lalín, tamén presta servizo a intérpretes doutras bandas da zona, como a de Vilatuxe, Muimenta ou A Lira, de Prado.

Se nos centramos en aspectos económicos, manter o Conservatorio e a súa actividade cústalle ao Concello de Lalín 321.986 euros ao ano. Cómpre salientar que non seu cofinanciamento tan só participa a Deputación provincial de Pontevedra con 17.000 euros ao ano. Ademais, a única vía de obtención de ingresos son as taxas pola prestación de servizos educativos, que ascenden a 77.983 euros anuais. Atopámonons, polo tanto, en que en termos estritamente económicos, o mantemento do conservatorio presenta un déficit de 227.003 euros ao ano para o Concello de Lalín, unha cifra absolutamente inasumible e moito máis cando a xestión deste espazo se pode considerar unha competencia impropia. Con todo, chama a atención que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, leve tempo sen transferir nin un só céntimo para este centro, que desenvolve unha importante actividade formativa e cultural.

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

1.**-** Reclamarlle de novo á Xunta de Galicia que -a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- asuma a xestión do Conservatorio

Profesional de Música de Lalín e que se faga cargo do seu custe de mantemento.

2.- Solicitar á Xunta de Galiza que mentres non faga efectivo o anterior punto cree unha contía de axudas para os conservatorios de titularidade municipal de toda Galiza co fin de costear a diferencia existente entre os centros autonómicos e os dependentes dos concellos.

3.- Demandar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que, mentres non asuma a titularidade do Conservatorio, asine un convenio de colaboración co Concello para que desde logo sufraguen parte dos gastos.

**14.- EXPEDIENTE 3430/2018. MOCIÓN DO PP PARA ESIXIR AO Goberno MUNICIPAL QUE HABILITE UNHA PARTIDA ECONÓMICA PARA AXUDAR AOS VECIÑOS DE A VEIGA A AFRONTAR A REPARACIÓN DAS CAMPÁS E O CAMBIO DA TEITUME DA IGREXA DE SAN RAMÓN.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada non rexistro xeral d**o Concello o día 20/06/2018, co número de rexistro 4534. A continuación, o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio Réxime Interior e Actividade Económica do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Teñen oito minutos

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Esta moción ven motivada porque os veciños da Veiga nos solicitan, un grupo importante da Veiga, que eu falei con eles, nos solicitan, que pidamos que o Concello lle bote unha man non arranxo da teitume da igrexa que está en moi malas condicións, máis as campás que lle romperon. Iso obviamente pois costa unha cantidade importante de diñeiro, que eles están xestionando tanto por parte deles como por parte do Bispado. Pero o que nós aquí pedimos e que a subvención concedida sexa do 50% e pedir ao goberno municipal que na primeira modificación de crédito se faga, se habilite unha partida económica destinada a conceder unha subvención á Asociación de Veciños da Veiga para a reparación da teitume e das campás da igrexa parroquial se San Ramón da Veiga, tendo en conta que o orzamento do que dispoñen os veciños ascende á cantidade de 16.198 euros e que pedimos que a subvención sexa do 50%, é dicir, 8.099 euros.

Porque pedimos isto? Por dúas razóns: porque as parroquias pequenas como é o caso da Veiga pois teñen moito máis difícil manter o patrimonio e como o patrimonio ao marxe do tema das crenzas relixiosas, aquí non se trata de darlle unha subvención á Igrexa Católica, nin moito menos. Trátase de que unha igrexa neste caso non termo municipal de Lalín dunha parroquia razoablemente pequena como é a Veiga, ten uns desperfectos que hai que arranxar e que aos veciños fáiselle moi gravoso pola súa parte. Iso non é darlle unha subvención á Igrexa Católica. como digo, senón que é dalgún xeito manter o patrimonio que temos, entre todos, porque do contrario, a igrexa ou o que houbese, se non fose igrexa, que fose calquera outra construción, pero que tivera unha importancia dende o punto de vista de patrimonio, pois quedaría pouco a pouco, iríase convertendo en ruínas.

Para que iso non ocorra os veciños están dispostos a poñer unha parte, e desde esta casa así como se gastan cartos noutros temas, que entendemos que podían ter ao mellor menos relevancia ca isto, depende o prisma co que se mire, nós é polo que solicitamos que o pleno de Lalín aprobe esta moción: que se faga unha modificación

de crédito, para ese fin, que se articule dende o punto de vista procedemental a parte que faga falta dacordo co que digan os servizos xurídicos desta casa e de intervención, para poder darlle a estes veciños unha achega, que se non terminarán caendo moitas igrexas, se non se lle axuda dende a administración. Moitas gracias.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ben, antes de que fale o Concelleiro Paco Vilariño, dicirlle que: vostedes o que pasa e que nos queren chulear. Vostedes estanos mentindo. É incrible que traian esta proposta aquí ao Pleno sen chamarnos antes e negociar para poderlle dar para adiante. De verdade que nos están chuleando. E non imos pasar por iso cando lle temos dito que queremos reunirnos con vostedes para poder falar de cuestións de modificacións de crédito, e vostedes nin sequera nos avisan de que teñen esta proposta para modificar crédito e nós témonos que enterar pola prensa. Estanos chuleando e estanos mentindo. Pásolle a palabra ao Sr. Vilariño.

**D. Juan José Cruz García.** Podo falar eu?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, é o Señor Vilariño primeiro, despois xa lle deixo a vostede. Bueno, fala ti primeiro da igual, si veña.

**D. Juan José Cruz García.** Non que lle toca a el.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pois perdón, adiante. Pero non nos chuleen e nos mintan máis.

**D. Juan José Cruz García.** Ía dicir que me pareceu simpática a túa intervención, pero xa nada. Son eu o que non tomo en serio este pleno.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Quero poñer de manifesto a dobre vara de medir dalgunhas cousas á hora de traer cousas ó pleno.

**D. Juan José Cruz García.** Pois tes razón home, tes razón.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Veña, Paco adiante.

**D. Juan José Cruz García.** Espera que teño que dicir outra cousa, gustaríame saber a opinión da APAC neste tema.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante Paco.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Bueno, eu é que de verdade, rematando que a mediados de 2018 haxa propostas deste tipo en institucións, ía dicir públicas. Eu admito que non me deixa de sorprender moito. Tamén que xa é a segunda vez que pasa neste pleno. Permitídeme, non sei como diciades, somos parvos ou tal?.

Se a vós vos chega unha proposta dunha asociación e a traedes aquí sen previamente trasladala ao goberno de turno, bueno, sería espectacular. A nós son cuestións que neste Pleno desde logo como mínimo nos deixa bastante sorprendido e que nin vós creedes que esta cousas poden ir adiante. E claro eu non teño unha postura... e os que me coñecedes sabedes que iso é certo e anticlerical respecto a que a min non é o que me move. Pero si que desde logo o respecto máximo á separación de poderes e sobre todo se falamos de algo tan importante e tan

privilexiado como é a Igrexa. Por que querer defender esta moción?

**D. Juan José Cruz García.** Que ten que ver a igrexa coa separación e poderes?

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Deixando aparte o que é a Igrexa, pois eu creo que é máis que ciencia ficción. Polo tanto estamos falando de alguén que ten uns privilexios moi importantes á hora de non pagar impostos e tamén de alguén que ten unha cantidade económica máis que destacable. Eu tamén O digo así de claro. Ocórrenseme un millón de prioridades onde gastar cartos públicos antes que nisto. Entendo que se alguén en todo caso vai pola vía de patrimonio como vostede, eu entendo que en certo modo, defender esta moción máis que para quedar ben co de turno, pois non da máis de si, entón claro, se o leva pola vía de patrimonio entón teñen aí un excelente conselleiro que ademais para estas cousas si que vale. Entón o xestionan rapidamente e os veciños lle solucionan este problema que seguramente é o que lles move a vostedes.

E despois eu tamén lle digo unha cuestión, que a min e o que máis me choca nestes temas, vamos a ver, nós por exemplo, estamos en varias negociacións co Bispado, coa Igrexa, para conseguir varios terreos para distintos fins, e a nós non se nos ocorre porque sabemos que seria imposible chamalos e dicirlles: mira porque non nos dades alí ese anaco de finca ou esa propiedade, porque claro é para interese público que é do Concello de Lalín.

Ninguén se senta coa Igrexa nestes termos, que seria nos termos válidos, verdade? Cando defendes o interese xeral, pero non porque entón eles xa nin te reciben. Entón, claro, a min chócame á inversa: Como se lle pode pedir para a Igrexa?

**D. Juan José Cruz García.** Fágoche eu a proposta. Escóitame aquí. Fágoche eu a proposta de sentarme coa Igrexa, se sodes quen de facer un cemiterio, un campo santo para toda a Balouta. E dígoche eu que mañá mesmo tes ao bispo sentado para doar uns terreos. Canalízoche eu iso, veña.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Eu, o titular do pleno está...., que Juan José ten acceso directo co bispo e todo tema. É algo importante.

**D. Juan José Cruz García.** Síntome ofendido porque son sobriño dun cura que tivo toda a potestade para negociar os terreos para un campo santo, e sígovolo dicindo que ten toda a autoridade e toda a potestade e sentaríase con vós.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Non te ofendas. Eu entendo que un sobriño dun cura, que a igrexa non funciona cun sobriño dun cura que pode mercar uns terreos.

**D. Juan José Cruz García.** Non me ofendo home. Estouche ofrecendo algo; non é por facer espectáculo. Estouche ofrecendo algo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Neste caso ao mellor si.

**D. Juan José Cruz García.** É unha oferta.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Nós a cuestión como calquera persoa entenderá, como nós pagamos polos terreos que percibamos da igrexa, que a igrexa

non nolos cede e os temos que pagar con cartos públicos, entendemos que en sentido contrario, ninguén defendería tal gasto.

Tamén lle facemos unha proposta. Si é interesante e hai negociación por esa parte, nós estariamos encantados como goberno de conveniar co Bispado cesións, ou actuacións deste tipo a cambio de parcelas que nós estamos negociando; encantados.

A este goberno o único que lle move é o interese xeral. Se a Igrexa, eu de verdade, e eu o digo dende o agradecemento do que a min me toca nos anos que levo con tratos coa Igrexa é positivo, pero o digo: Se a Igrexa está disposta, e vós cos contactos que vexo que manexades aí, propiciades esta situación, eu estou convencido de que este goberno, sentámonos encantados, non gastamos un peso de cartos públicos, e conveniamos este tipo de achegas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se D. Alfonso ten a ben rebaixar, pPor exemplo, nos terreos estes de Moneixas en cantidades semellantes, ou en Bendoiro, nas que se quere para o proxecto que estamos falando, nós encantados, pero terá que ser cesión de tódolos lados.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Esa é a nosa proposta, insisto. Non levemos este debate en termos relixiosos, senón levemos un debate de temas de interese xeral que eu creo que é a posición deste goberno.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O PP se quere dicir algo máis? Adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Home claro, como non vou querer dicir algo máis se a moción é nosa. Sr. Cuíña: vostede inda non se dou conta tres anos despois de que é goberno, non é oposición. A oposición somos nós. Polo tanto mire: Vostede ten o poder de poder executar; nós non. Porque vostede é o executivo. Entón iso de sentarse con nós élle ao revés. Non; é nós con vostede. Dese conta que nós temos a facultade de presentar as mocións que queiramos e que vexamos oportunas sen pactar nada con vostede. É unha moción e iso..., non me interrompa por favor, é unha moción.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vostede supón ultimamente moitas cousas. Veña adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É unha moción que lle propoñemos nós, porque un grupo de veciños...., que non a propón a Igrexa. Propoñémoslla nós porque un grupo de veciño nolo di, nin máis nin menos. Isto non ten nada que ver coa igrexa, porque son os veciños quen o piden. Pídeo unha asociación de veciños. Se vostedes queren darllo, déanllo, e senón, pois non llo dean. É o seu problema, pero non metan aquí negociacións aparte. Claro que se pode negociar coa Igrexa. Eu lembroume de ter negociado cousas importantes coa Igrexa. Por exemplo, lémbrome cando foi para a Residencia da Terceira Idade, a Igrexa había deixado para o Concello, as dúas irmáns aquelas habían deixado o solar onde está hoxe a Residencia da Virxe das Dores, e logo había unha casa a maiores. Aquela casa foi vendida pola Igrexa e a Igrexa pois nos dou unha parte de donativo para a mesma.

Si se pode negociar coa Igrexa. Só que teñen que negociar vostedes que son os que están gobernando. Negocien o mellor que poidan ou o mellor que saiban, pero non metan nunha moción que é arranxar a teitume dunha igrexa, cunhas negociacións que teñen que ver coa Igrexa porque isto vós non o pedimos en nome da Igrexa nin do

Bispado; pedímolo en nome dos veciños, da Asociación dos Veciños.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A propiedade é da Asociación dos Veciños?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostedes pódenlle dar a subvención aos veciños, porque os veciños co bispado si negocian, pero é que se nón téñeno que poñer dos seus bolsillos, se o queren arranxar.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Non se escoita.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Perdón mire. Cando a oposición plantexa unha moción, como a que plantexamos nós, calquera veciño pode vir a onde nós e propoñernos que presentemos unha iniciativa determinada. A iniciativa non é nunca executiva, porque nós non somos executivos. Entón di: é que non se sentaron con nós. Que queren? Que llo metamos por rexistro de entrada a petición que nós facemos ao amparo dos veciños e despois uns días máis tarde meter a moción?

Nós facemos unhas moción porque non é a primeira vez que varios veciños veñen onde nós e fannos unha queixa. E nós o mecanismo que temos é o mecanismo das mocións. Se tiveramos o mecanismo distinto. Vostedes queren terxiversar dicindo que non se sentaron connosco. Oiga mire: Vostede trae aquí partes resolutivas que necesitan o noso voto. Nós traemos aquí unha moción que, se queren apróbana; que se queren votar a favor, vótena. E se queren votar en contra, é o seu problema. Mire: nós estamos fartos de que sempre se terxiversen as nosas intencións. Nós pedimos que se lle dea unha subvención á Asociación de Veciños para a parte que a eles lle toca, arreglar o tema da igrexa. Que non lla queren dar? É o seu problema, pero nós como imos negociar con vostedes, se vostedes nos puntos eses que lle criticamos o que dixo o Sr. Alcalde? Nós nese momento estamos autorizando unha execución. É totalmente distinto. Non terxiversen as cousas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Unha cousa quero dicir, primeiro. Ten parte de razón en que son a oposición e poden facer propostas, pero o lóxico é que se o Grupo Popular fai unha proposta para que se faga unha subvención, entra dentro do xogo político, é absolutamente normal. Gustaríame que me atendese, se é posible.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non, eu estou atendendo eh. Ou cree que non podo ver o teléfono e máis atender a vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Bueno. Non vou a responder a iso. O que non é lóxico, Sr. Crespo, é que digan que veñen representando a unha asociación de veciños. O lóxico é que se dirixan ao goberno de Lalín, porque entre outras cousas como vostede sabe xa temos axudado a outras actuacións nas igrexas, por exemplo a ultimamente en Vilatuxe, é dicir, non é que esteamos pechados a iso precisamente; pero non ten ningunha lóxica. Ten lóxica que faga unha proposta o PP. Faltaría máis, para que se faga iso. O que non ten ningún tipo de lóxica é que veñan vostedes de parte dunha asociación de veciños, en vez de que a asociación de veciños, porque esa asociación de veciños ven a falar co Alcalde, co concelleiro, co goberno...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pregúntelle a eles que pasou.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Solo unha cousa, se a asociación de veciños,

**D. Juan José Cruz García.** Ó mellor téñenvos medo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Por favor, se a Asociación de Veciños pide falar co Alcalde ou pide falar con calquera concelleiro, e o Alcalde ou concelleiro lle di que non ou ben lle conta un conto chino e non o fai, podo entender que vaian a xunto vostedes e o fagan, pero é que nunca....

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero é que foi así. Por que pensan que veñen a xunto nosa?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón. Comigo non viñeron a falar absolutamente nada.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Fale vostede con José Benito. Fale vostede con José Benito.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Quen é José Benito?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O anterior pedáneo. Fale vostede con el. Veu aquí ao seu despacho estivo falando con vostedes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Para o arranxo da Igrexa da Veiga?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira, absolutamente mentira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostedes digan o que queiran.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Agora estou falando eu.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E por que pensa que viñeron xunto nosa?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Déixeme falar porque eu penso que vostedes utilizan este tipo de cuestións para facer política e é lexítimo, volvo a dicirllo, a min non me consta que viñeran a falar comigo, porque eu destas cousas non me esquezo, da igrexa, do campanario, da Igrexa da Veiga. Xa llo digo eu eh. Insisto que viñeron outras persoas coma Don Eliseo por exemplo, e tivemos a ben, porque pareceunos unha reivindicación xusta facelo, quero dicir, que non estamos en contra da política de axudar e tal, eu o que insisto é que o Bispado, co que sabe que teño unha boa relación igual que vostede, ten que facer fronte loxicamente aos gastos patrimoniais que ten a igrexa. Espero por certo, que este novo goberno da nación empece a cobrarlle o IBI a igrexa tamén, que xa chegou o momento que empecen a pagar igual que os demais, co máximo respecto que teño, que eu na miña privada son membro tamén da igrexa. Pero dito iso o Bispado ten que facer fronte,

**D. Juan José Cruz García.** Queremos que todos os empresarios de Lalín tamén paguen os seus impostos, que se oe por aí que houbo algún empresario que hoxe está sentado aquí que parece que... non sei... non sei eu eh

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Iso é por min? Eu creo que non teño ningunha débeda con facenda que eu saiba.

**D. Juan José Cruz García.** É alguén que está sentado aquí, non sei quen é.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu dígolle que diga que si a moción se quere, porque eu a moción, ao que vou, solo faltaría que vostedes nos dixeran a nós que mocións temos que presentar ou non.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non lle dixen que non, o que quero dicirlle porque nós non votamos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu os veciños non sei se me enganaron ou non, dixéronme que viñeran falar con vostede e que lles tomou o pelo, así de sencillo, por iso viñeron onde min.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu dígolle que non é certo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Bueno vale.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Con respecto a isto.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E vostede cree que eu o vou a crer?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** non, non, se non pretendo que me crea eh, en absoluto, eu soamente o digo aquí non pleno. Creo que non hai máis que falar desta cuestión. Ah perdón que remata Paco, se non vos importa.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Moi breve, digo, a ver, vostede que é un tío respectuoso cás institucións e está en varias, si isto ven ao revés quen o vería? Quero dicir, se este goberno se entera dunha solicitude, do que fora, o caso é o de menos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Iso estádelo facendo tódolos días.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** non que digo que se vostedes fosen goberno, eu igual o que se confundiron, permíteme dubidar, e que igual onde llo trasladaron foi na sede do PP.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Asegúrolle que non, fun alí..

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Esta proposta, mire nós, é por rematar, mire é imposible, eu de verdade, e agora persoalmente, eu nunca estarei a favor de gastar cartos públicos nestas actuacións se non hai desde logo convenios que revertan nun interese xeral a cambio de gastar eses cartos públicos en propiedades da igrexa, punto un.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E logo o seu goberno porque lle dou a Vilatuxe? Que lle pediron a contraprestación o Bispado polo de Vilatuxe?

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Punto dous.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Cal foi a contraprestación?

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Punto dous. Nós esta moción se quere a reconvertemos. Se queren contar co nonso apoio, en que estamos dispostos a conveniar coa Igrexa, porque non enganemos aí dunha asociación de veciños que non sei do José Benito este, para desde logo a defensa do interese xeral para chegar a acordos que nons permita o interese polas dúas partes, pero non que a administración pública gaste cartos públicos en cuestións privadas da Igrexa, e que a igrexa desde logo por outro lado nons cobre cando precisamente as compras dunha administración, neste caso como o concello que estamos negociando e ademais e moi bo clima e eu só teño palabras de agradecemento con quen o estamos facendo e puxese a cambio de cartos. E terceiro, insisto, como isto non é un debate anticlerical, este goberno aprobou na Xunta de Goberno pasada, ou na anterior, xa non me lembro en cal, por exemplo, arranxar o cemiterio vello pa entendernos, o que é alí os muros, tamén a construción que hai e iso é dependencia municipal, iso é unha dependencia municipal, e gastamos cartos municipais e a proposta é deste concelleiro, digo iso é algo municipal, e entón entendo que o concello non pode deixar caer aquela construción, teremos que actuar sobre a mesma, agora arranxarlle as propiedades a igrexa a cambio de nada. Iso de verdade, é unha proposta que eu entendo que isto é un xogo político, que vostedes non gastan un peso traendo isto aquí, o José Benito este queda contento e non sei quen máis, e vía, vamos, non ten máis sentido.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Procedemos a votación.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non, a moción é miña, remato.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Remato eu, pero bueno.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Mire, non se trata nada da Igrexa, trátase dun edificio que inda que en estrito senso, é propietario a Igrexa, sabe vostede que nós aquí somos católicos maiormente, apostólicos romanos, nun estado aconfesional, pero a maioría somos católicos, apostólicos, romanos.

Mire unha cousa: se aquí en vez de igrexas, houbese mezquitas, sería o mesmo; habería que mirar de arranxala. Ou é que se á mezquita azul lle cae o teito, o goberno municipal deixaa caer?

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Si

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si? Pois eu non estou de acordo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que a arranxe o imán, que a arranxe o imán, home...

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Home quen queira relixión que a pague, quen queira ter relixión que a pague.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Mire: non puxen o exemplo máis adecuado, porque se houbese mezquitas que arranxar, vostede non tería corazón a dicir que non. Se

foramos unha sociedade musulmán e vostede sábeo perfectamente, non interviría aquí nin de broma vamos; non diría o que dixo aquí Á Igrexa católica. É como é.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estou dicindo que a arranxe o imán, que a arranxe o imán estouno dicindo claramente chegado ó caso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, si, pero poño o exemplo de que se é un monumento, inda que sexa, vamos a ver, Santa Lucía, primeiro foi basílica catedral despois foi unha mezquita...E nós que fixemos en Córdoba? Metémoslle unha catedral.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Defina nós.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Os católicos digo. Metémoslle unha catedral no medio a unha mezquita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non presuma da historia máis triste.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quero dicir que o patrimonio, sexa dunha relixión ou sexa doutra relixión, porque podemos dicir, a Catedral de Santiago é da igrexa católica, si.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Quen ten competencias en Patrimonio?

**D. Juan José Cruz García.** Voute corrixir, eu creo que tes que tirar un pouco en, porque os da Veiga non e os de Vilatuxe si? Hai parroquias de primeira e parroquias de segunda?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Polo procedemento basicamente.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu non quero entrar en consideracións. Eu solo lle digo que viñeron onde min a propoñerme iso. Eu pódolle dicir que cando veu esta proposta, antes de facela, eu falei co pedáneo, e díxenlle: mira, ti eres o pedáneo agora. A ti paréceche ben esta proposta que me fan?. Dime, si é necesaria. El mo dixo, el mesmo mo dixo. Polo tanto....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Quen llo dixo? O pedáneo de agora?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** O pedáneo de agora, si, si. Eu falei con el e chameino e díxenlle: vou levar esta proposta. Que che parece?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** E díxolle que viñera el a falar comigo deste tema?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non, non. Eu dígolle os da asociación non el.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale, vale; é a asociación a que veu falar comigo?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si claro, a min foi o que me dixeron. Pero en todo caso...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pódeme dicir cando por casualidade, para revisar eu as miñas notas

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ao marxe de que vostedes teñan intención ou non de darlle subvención, a vostede non lle pode parecer mal que veñan falar coa oposición. É tan lexítimo falar coa oposición como co goberno. Nós temos un mecanismo que é traer aquí mocións. Que se aproban, pois pode ser que se executen. Se é executivo non lle pon pegas, como fai con todo o que aprobamos aquí. Porque vostedes aquí aprobamos cousas desde tempos inmemoriables e nin puñetero caso lle fai. Dese conta que aprobamos unha moción, unha moción en agosto do ano quince sobre a rotonda do ano quince, e vaise facer agora, tres anos despois. É certo que si que aceptaron a nosa moción, dacordo; pero daquela maneira.

**D. Nicolás González Casares.** Patrimonio da Xunta de Galicia.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Bueno, si, si, si, a min vaime dicir. E en todo caso, nós temos lexítimo dereito a que calquera veciño ou grupo de veciños, ou porque a nós nos parece que lle debemos dar un subvención, temos que expoñelo. Vostedes fagan o que estimen oportuno, pero non metan á Igrexa de por medio que a Igrexa a min non me pediu nada.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Procedemos a votación.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*
*Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) da APAC.*
*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

Os veciños da parroquia de A Veiga comezaron hai meses a traballar na consecución de financiación coa que acometer reparacións nons teitos e nas campás da Igrexa de San Ramón. Na actualidade, presentan un importante deterioro os soportes das campás, os xugos que as aguantan, e a propia estrutura metálica dunha das campás. Tamén pretenden acometer a substitución da madeira do teito da igrexa e da sancristía que tamén presentan danos producidos polo paso do tempo e as humidades.

A igrexa de San Ramón da Veiga é de factura neoclásica, con torre barroca, construída sobre a que foi a antiga capela -Santuario de San Ramón- que segue celebrando a súa romaría ao seu patrón.

O paso do tempo deixouse sentir en varias partes desta igrexa de San Ramón e; así, a parte metálica dunha das campás presenta unha importante greta que recorre unha gran parte do perimetro da estrutura. Os xugos das dúas campás presentan

tamén unha avanzada descomposición que mesmo comprometen a integridade de toda a estrutura. Os traballos de recuperación e arranxo das campás que pretenden acometer os veciños ascenden segundo o orzamento solicitado a 6.790 euros.

Ao tempo que se deben arranxar os elementos do campanario, os veciños pretenden tamén acometer a substitución dos teitos de madeira da igrexa e da sancristía que se atopan deteriorados polo paso do tempo e por algunhas humidades que mesmo comprometen a estabilidade do teito. Uns traballos que consistirían na retirada da madeira existente e a colocación dunha nova en madeira de castiñeiro, acorde coa existente, e remates da mesma que respecten a construción orixinal. Uns traballos que ascenderían, segundo o orzamento recabado polos propios veciños, a 9.408 euros que permitirían acondicionar a totalidade da teitume.

Os veciños desta parroquia puxéronse en contacto co grupo municipal do Partido Popular para transmitir a necesidade de acometer estas melloras e que se eleve ao Pleno unha proposta para que o Concello de Lalín se faga cargo da achega necesaria para acometer a reparación das campás e a reposición da teitume dun edificio que, tendo un compoñente relixioso, tamén ten un importante compoñente patrimonial e histórico para os veciños da parroquia e de todo o Concello.

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Esixir ao goberno municipal que, na primeira modificación de crédito que se faga non Concello, se habilite unha partida económica destinada a conceder unha subvención á Asociación de Veciños de a Veiga para a reparación da teitume e arranxo das campás da igrexa parroquial de San Ramón de A Veiga, e tendo en conta que o orzamento do que dispoñen os veciños ascende á cantidade de 16.198 euros, pedimos que a subvención concedida sexa do 50 % do custe, é dicir 8.099 euros.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Queda claro que se llo piden a vostedes si llo concederían; se nolo piden a nós, non.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Queda claro que non.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non. Queda claro que se llo pediran a vostedes, si llo darían. Como nolo pediron a nós non, xa veremos como se executa este acordo plenario ou non. Vostedes están pasando do acordo plenario ata que metamos no xulgado os incumprimentos plenarios. Despois veremos.

**D. Juan José Cruz García.** Con cada obra que fas ti por aí coma Paco Palcos, Fas así co goberno? Ese é o poder que tes? Tes tanto poder?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sr. Secretario continúe.

**15.- EXPEDIENTE 3431/2018. MOCIÓN DO PP PARA ESIXIR AO Goberno QUE SOLICITE Á FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA UN INFORME SOBRE AS POSIBLES AFECCIÓNS DA PLANTA DE TRITURADO DE PNEUMÁTICOS DE RACSO AO ENTORNO NATURAL DAS CINCO PARROQUIAS COLINDANTES CO POLÍGONO.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada non rexistro xeral o día 20 de xuño de 2018, co número de entrada 4535. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Teñen oito minutos, adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ben, nesta moción o que pedimos, e que xa que é un tema controvertido, porque o é. Porque nós non nos creemos. Podemos estar equivocados, pero digo que non nós creemos a versión do executivo nesta materia, e sobre todo estranounos moito que na petición da Xunta de Galicia, cando lle pide ao Concello de Lalín que opine, o Concello non opina.

A asociación de federacións ecoloxistas, a Federación Ecoloxista Galega non opina. Que nos estrañou tamén. Augas de Galicia non opina; que nos estrañou tamén. E si opina Patrimonio, porque alí non hai ningún ben patrimonial que protexer, e si opina o Instituto de Estudios do Territorio, é dicir, opinan e mandan o seu informe a aqueles organismos que realmente teñen que ver, pero bastante pouco. Por lei teñen que ver, pero non teñen que ver non fondo. Na forma si, non fondo non. Sen embargo os que teñen que ver non fondo e na forma, que é Augas de Galicia, non manda o informe, que é o Concello de Lalín, que era o que tiña que mandar o informe, non manda o informe.

A desculpa é peregrina, e a Federación Ecoloxista Galega tres cuartos do mesmo. Nós o que pedimos neste acordo plenario é que xa que vostedes agora se dirixiron a Augas de Galicia, que xa que non fixo o informe para a Xunta, faga un informe para aquí.

Nós tamén pedimos neste acordo plenario que o Concello de Lalín se dirixa á Federación Ecoloxista Galega, para que elabore un informe sobre este particular, que o mande ao Concello de Lalín, que o fagan e que non lo dean aos grupos que compoñemos a corporación municipal. Iso é o que pedimos: instar ao Alcalde, ou esixir ao Alcalde, que lle pida á Federación Ecoloxista Galega ese tema.

É un máis dun tema que podiamos falar longo e tendido, pero é que cando vostedes viron que tiñan un problema, intentaron como sempre escurrir o bulto, agachar a cabeza debaixo da ala, e botarlle a culpa ós demais, nomeadamente neste caso, ao PP que é o que goberna a Xunta de Galicia, cando o PP nese asunto, non ten, nin tivo, absolutamente nada que ver. Ese é o motivo desta moción. Moitas gracias.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eh... Nico.

**D. Juan José Cruz García.** Tócame a min Sr. Alcalde. Non se olvide tódalas veces, home. Creo que esta moción non ten debate. Nun minuto acábase. Creo que...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se non ten debate moitas gracias, pasamos

**D. Juan José Cruz García.** Perdoa, tranquilo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ah... vas a seguir?

**D. Juan José Cruz García.** A ver se agora vou aquí ter que falar máis do que quería. Creo que esta moción non ten debate, porque estamos diante do goberno máis ecoloxista da historia de Lalín. Polo tanto, como se vai aprobar por unanimidade, creo que non precisa da mais mínima valoración pola miña parte.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias. Grupo de goberno.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** Eu efectivamente vou agarrarme ao último argumento que acabo de escoitar. Onde entendo que por unanimidade dos grupos estamos en contra deste proxecto, por ser un proxecto contaminante e inseguro para os veciños, entendo que tódolos grupos que formamos esta corporación, así compartimos isto que estou dicindo. Polo tanto, nós non imos votar en contra desta moción, para que non exista suspicacia como a traen aquí, nese sentido de dicir pois non lle quixeron pedir á corporación. Bueno, hai unha cuestión, con tódolos respectos do mundo, a federación, pero vamos, que o papel hoxe en día ten a Federación Ecoloxista Galega é testemuñal, e cunha escasa actividade por non dicir nula. Polo tanto, isto é, que vostedes lle están pedindo este informe que insisto nós non imos votar en contra, para que non se pense que non queremos, pero tamén deixar claro que as asociacións ecoloxistas non son consultoras medioambientais. Isto é algo básico para entender este debate.
Eu preguntando, que non teño nin a máis mínima idea destes datos, dicíanme que lle chegaban dentro do ano0 entre cincocentas e mil solicitudes de informe e que era máis que evidente imposible dar resposta, que non tiñan capacidade para dar resposta aos mesmos. Polo tanto nós non imos ser quen diga de non pedirllo, pero ao mesmo tempo que damos por feito, que teñen esa oposición tan clara ao proxecto e que é coincidente coa nosa, porque non lle facemos unha engádega a dita moción *onde lle demandemos á Xunta a revisión do informe de avaliación ambiental e que se lle solicite á Consellería de Medioambiente ante as dúbidas existentes do proxecto, que emita un nonvo informe de incidencia ambiental na que se pida tramitar unha avaliación ambiental polo procedemento ordinario non simplificado, que desde logo foi o que se fixo, e que se emita unha nova declaración de impacto ambiental, co que incluso poidamos desestimar o proxecto.*

En temos ambientais sabe vostede que depende da Xunta. Polo tanto, vamos darlle tamén, se hai esa unanimidade, esa capacidade de facelo, e incluso ese respaldo unánime para que así o faga. Nós temos clarísimo unha cuestión, e eu así lla expreso: vai haber que aproveitar o máis mínimo resquicio legal. Falo en termos de legalidade, porque eu tamén quero dicir aquí que eu non vou tolerar de ningún empresario ameazas solapadas en termos de que si se dan ou non se dan licenzas en función... Non ten que ver isto con vostedes. Non se ofendan. Pero si se dan ou non licenzas no sentido que lle interesa na súa empresa, e que nese sentido eu creo, e os informes non os fan os políticos, fanos os técnicos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón. Dou fe do que acabas de dicir.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.** No sentido de que haberá que buscar, eu lle poño un exemplo, xa sei que non lles vai gustar porque é Pontevedra. Pero alí

ENCE unha industria profundamente destrutiva do medioambiente, pediu unha planta de biomasa. Creo que era, bueno que tecnicamente era complicado e alí se lle denegou en base á lei polo consumo excesivo de auga. Nós entendemos que aquí temos que buscar, e entendemos que ademais hai que ir polo sentido de que o Polígono de Botos é un Polígono moi macizado, moi macizado, que en ningún momento vai reunir as condicións de seguridade.
Aquí claro escoitas a empresa, non, non, aquí non pasa nada. Está todo separado, non vai haber incendios, non hai ata que os hai; hai plantas de sobra.
Temos como en León ou en Madrid onde aconteceu isto incluso nalgunha planta varias veces xa na curta vida que teñen. Iso implicaría non só riscos humanos, senón o desaloxo do que é un polígono e do que é lugares de varias parroquias o que é en función da climatoloxía. Entón esa é a situación. Con nós van contar para todos os informes. Con isto remato xa, pero eu tamén insisto: como está pendente do de augas, pois tamén de posibilitar. Nese acordo unánime que eu entendo que todos temos aquí, para que esa planta de pneumáticos non se instale onde se quere instalar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias. Algunha intervención máis?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si o meu segundo turno que no primeiro non consumín os oito minutos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón non sei que me está dicindo o Sr. Secretario, dígame.

**D. Cesar López Ariibas.** Vamos a ver. Neste expediente que non se leva en Secretaría, lévase en urbanismo e medioambiente, eu do que estou vendo aquí que se vai pedir un informe á Federación Ecoloxista Galega. A min dáme igual que se pida ou non se pida, pero dende o punto de vista de Secretaría, o Concello antes ou despois terá que pronunciarse, terá que dicir si ou non a esta solicitude de licenza que hai aquí. Entón imos necesitar o informe de urbanismo e do arquitecto e senón é suficiente, dun enxeñeiro industrial. Todos estes informes que se pidan están ben, pero a nós o que nos vai contar vai ser o informe da Xunta e os informes internos. Isto está ben pero a nós para pronunciarnos e para levar a sesión e votar...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Isto está claro. Eu creo que o Partido Popular o que quere e que se reforce a postura. Está claro o que di. Supoño que non teñen ningunha dúbida do que está dicindo o Secretario. É evidente.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Teñen fácil e arranxalo. Nós non traeríamos aquí esta moción, se vostedes lle negaran a licenza a RACSO. Vostedes dixeron publicamente que lle ían denegar a licencia a RACSO. Teñen elementos suficientes para denegarlle a licenza. Deneguenlla. Se lla denegan, nós non temos que pedir nada. Retiramos a moción, pero claro o que non pode ser e que vostedes se escuden, porque eu vexo por onde ven o Señor Vilariño. É que o que pretenden está claro, dilatar non tempo ata que acaben a lexislatura e que lle toque o marrón a outro, ou se nos toca a nós xa veremos como é o asunto, pero o que pretenden está claro que é dilatar non tempo algo que poden arranxalo.

O que di o Secretario ten tanta razón que eu non só o subscribo, e que estou totalmente da cordo con el. Polo tanto vostedes teñen informes en contra de técnicos municipais. Teñen suficiente material como para denegarlle a licenza. Deneguenlle a

licenza un día na xunta de goberno que é a quen lle corresponde. Entón nós xa non temos que andar pedindo. Sabe porque pedimos isto? Pedimos isto porque nos estrañou que a Federación non contestara. Entón por iso o pedimos.

Di na súa intervención o Señor Vilariño, que as federacións ecoloxistas, bueno, a federación que non son as federacións, neste caso aos ecoloxistas en xeral se referiría, di que non son consultoras medioambientais. Certo: non son consultoras medioambientais; pero vostedes cando lles convén ben que se colgan dos seus postulados, ou sexa, senón lle convén non son consultoras medioambientais, da cordo; pero si lles convén e como si foran palabra de Dios. Entón pois mire, por iso nós o pedimos, pero teñen unha forma fácil. Vostedes pídanlle Á Federación Ecoloxista Galega. Pero teñen unha solución máis fácil que é: deneguen canto antes a construción da planta. Entón despois a empresa pois tomará as decisións que tome, pero vostedes quítanse o morto de enriba, porque se non sabe que penso eu? Que o que queren vostedes é marear a perdiz. Pedirlle agora a Xunta unha nova avaliación ambiental? Que pretende? Con eso pretende iso, pasarllo ao seguinte mandato. Así de sencillo. Nin máis nin menos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sabe que pensa o Goberno deste tema?

**D. Xosé Crespo Iglesias. N**on o sei. Cada un da súa maneira.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Voullo explicar se mo permite. O goberno pensa con bastante certeza o que estamos dicindo, que vostede tivo conversas coa empresa directamente. Díxoo na radio ademais que estivera reunido coa empresa falando con eles, punto un. Eu xa lle vexo moi próximo tamén a algunha persoa relacionada coa empresa nalgunha reunión que coincidimos ultimamente e está vostede no seu dereito.
O goberno o que pensa é que a vostedes RACSO dálle exactamente igual. É unha máis que estaría por alí nun sentido ou noutro, e que non lle queda máis remedio que dar licenza, e por iso se posicionan en contra, para ver si non poden dar caña. Isto é o que pensa o goberno, e claro, como diría... utilizo as súas palabras. Neste Pleno vou utilizar bastante as súas palabras, palabras habituais, parvos, parvos, non somos, podemos parecer a veces, como di vostede. Podemos parecer a veces, pero parvos de todo non somos. Eu o que lle digo e o digo cincocentas veces, estou seguro que o seu departamento de información o terá máis que arquivado, que este Concello non vai dar licenza a unha empresa que non teña todo en regra para poder darlle licenza.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** E ten todo en regra?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Neste momento non.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pois denéguenlla, denéguenlla.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Neste momento non, perdón. Déixeme rematar. En este momento non ten todo en regra. Polo tanto non lle damos licenza. Chegado o caso de que teñan todo en regra, nós o que non imos facer é delinquir seguramente. Quero dicir, que se está todo en regra a ver como non lle damos licenza a algo que ten todo en regra. É moi complicado, xa llo digo, pero vostede parte, porque tivo conversas coa empresa que non nos conta, ao mellor podíanos contar que falou coa empresa, ao mellor teño uns certos indicios do que falou coa empresa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero vostede está mal da cabeza? Pero vostede que di?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, a ver: non me diga o de mal da cabeza porque é unha ofensa, punto primeiro.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É unha expresión. Non está mal da cabeza.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si, son todo expresións.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede é un mentireiro compulsivo, por favor.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, vostede dixo na radio que falar coa empresa. Si ou non?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se preocupe. Acabe a súa intervención e déixeme falar. Vostede acabe a intervención.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non me preocupo. A súa petición non me preocupa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Falo entón?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Podo terminar?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A si, claro

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non se preocupe. Que eu non me preocupo?. Vale non me preocupo. Non estea preocupado por min, vale non estea. Da cordo, vostede na radio, dixo, non sei se na emisora local ou en Radio Voz, dixo que falara coa empresa. Gustaríanos saber que falou coa empresa.

Este goberno ten a sensación, mellor ou peor informada, de que vostede considera ou o grupo popular en conversas ao mellor con outras administracións supra municipais, que non nos queda máis remedio que darlle licenza, e que por iso toman esta postura política, máis ou menos intelixente para o intereses de cada un. Isto considéroo lexítimo, pero non lle é por aí. Eu o que lle vou dicir e que a nós neste momento os informes din que non ten as condicións para darlle licenza. Polo tanto non lle damos licenza, pero dixen cincuenta veces, sesenta ou setenta que, se chegado o caso ten todo absolutamente en regra, non nós quedará máis remedio que darlle licenza, en contra do que a nós nos gustaría; pero temos a impresión de que ao mellor non o vai ter todo en regra. Agora temos que ter a certeza documental, agora despois da súa preocupación por min, se quere responder, adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Realmente é incrible e é patético o que acabo de escoitar. Ou sexa, vostede...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Patético, anoto aquí tamén.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** É patético. Vamos a ver. Estou instando, a que teña as agallas de denegala. Entende? Porque si non cumpre vostede, pódella denegar

perfectamente e non prevarica.
Se non cumpre, vostede ten o informe que di que non cumpre. Ten todo dereito do mundo a negarlla ,baseándose nese informe. O que pasa e que vostede non o quere facer. Sabe por que? Mire, o outro día...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Señor Crespo, os informes son subsanables ou non?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non o sei non teño nin idea.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Solo estivo 26 anos de Alcalde. Os informes dos técnicos dos concellos, cando din unha cuestión por exemplo medioambiental, son subsanables en prazo ou non?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Mire, déixeme intervir a min.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Solo conteste a iso. Perdón, como favor persoal, contésteme a iso. Os informes dos técnicos, por exemplo do medioambiente, dentro dos prazos legais, son subsanables ou non? Entendo que si.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Home, os informes claro que son subsanables, pero iso que ten que ver con esta predicación?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pois ten que ver que está en proceso de subsanación ou non.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Mire, vostedes actúan dunha forma tan torticera que non merecen ningún creto por parte da oposición, ningún, porque enganan a todo mundo, a todo mundo, enganan a todo mundo, son vostedes do pero que hai en materia política, porque non se pode un fiar de vostedes, mire, eu non é que falar coa empresa, e que a empresa chamoume a min para ter unha reunión comigo, cando viña a falar con vostedes, e negueime. O Sr. Donsión é testigo. Chamoume el. Chamoume o Sr. Donsión. Nunca falei con ningún xefe, nin os coñezo. Eu solo falei co Sr. Donsión que o atopei un día e díxenlle: oe, así que pretendedes poñer aí unha historia.. E o que me contou el, que é unha conversa privada, que non quero revelar, porque me parece indecente pola miña parte. Home, non os deixa quedar a vostedes en moi bo lugar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A min?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A vostedes, goberno, a vostedes goberno, en moi bo lugar non os deixa quedar, salvo que me mentira o Sr. Pérez Donsión. Se me mentiu, o Sr. Donsión non é sospeitoso de ser politicamente correlixionario meu

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, por alusións, por alusións, non porque estou non goberno.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Déixeme intervir que vostede abriu a espita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Unha cousa solo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede abriu a espita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dígollo nun ton absolutamente afable. Si, si, o que ti queiras. Aínda estou esperando eu que me diga, que me aclare que intereses teño eu en RACSO. Gustaríame, porque estou seguro que o pode demostrar. Se non o puidera demostrar, sería bastante grave. Que intereses teño eu en RACSO? Iso punto un, peréceme grave.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ou me deixa intervir ou levántome da mesa. Estou eu intervindo e estame interrompendo constantemente. Déixeme intervir e despois intervén vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sr. Crespo: isto non é Barrio Sésamo. Podemos dialogar tranquilamente. Non ten porque levantarse da mesa por isto.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero mire unha cousa: non me retire a palabra. Cando me da a palabra, non me estean interrompendo constantemente.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Estoulle dicindo que o que hai entre RACSO e vostedes saberano vostedes; eu non o sei. Oo que hai entre RACSO e vostedes saberán vostedes. Eu o que le podo dicir...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** O mesmo digo: O que hai entre RACSO e vostede, vostede saberá.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu o que lle podo dicir, e que no grupo popular non queremos esa planta aí; e non queremos que se poña, e imos facer todo que estea nas nosas maos, dende o punto de vista legal, para que non se poña. Se vostedes queren denegarlle a licenza van ter o noso apoio. Polo tanto, denéguenlla, pero polo conduto regulamentario. Non nos veñan a nós metendo os marróns que teñen vostedes. Mire, gobernar, non me interrompa se quere. Eu traio aquí esta moción precisamente porque ao mellor pode axudalo vostede, pode axudalos...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Aceptaría unha moción nese sentido?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Quéreme deixar intervir? E despois interveña vostede e diga o que queira e eu vólvolle contestar o que queira, porque senón non damos chegado a un acordo. A ver, mire: eu o que estou disposto, mire, o outro día cando Donsión veu falar con vostedes, chamoume a min...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non veu a falar con nós.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pois a min chamoume pa dicirme que viña a falar co goberno.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira absoluta.

**D. Nicolás González Casares.** Non recibimos ao Sr. Donsión.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira absoluta.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pois logo mentiume, porque a min chamoume. Estaba en Madrid e díxome: vamos ver ao goberno tal día. Ao acabar de reunirnos co goberno pódome reunir contigo. E díxenlle eu: non que estou en Madrid, e chamoume dun día para outro porque había pleno non Senado.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Señor Crespo, o Señor Donsión comigo non estivo reunido nos últimos seis meses.

**D. Nicolás González Casares.** Nin comigo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Quédelle claro.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** A min chamoume. Estoulle dicindo. Estaba nun pleno en Madrid. Hai poucos días e díxome ímonos reunir tal día, creo que era un martes ou algo así, co goberno. Ao acabar de reunirnos con eles podemos ter unha conversa no voso despacho. E díxenlle eu: non que eu estou en Madrid hoxe a mañá. Polo tanto non estou.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu non me reunín co Señor Donsión.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Agora ben. Mire: eu non sei que é o que pasou con este tema, pero a min algunhas cousas non me cadran, porque non é normal que vostedes teñan as posturas, porque vostedes tiveron as posturas para un lado ou outro e para outro máis. Tomen unha decisión. É a súa responsabilidade. Vostedes o que non queren é asumir a súa responsabilidade. Vostedes tiveron todo calado e todo agochado hasta que os veciños se enteraron e montaron un guirigai. Ao montar os veciños unha protesta, foi cando vostedes xa envainaron. Esa é absolutamente a verdade. É absolutamente a verdade. E se non o queren recoñecer é o seu problema. Pero mire, a min non me gusta revelar conversas privadas, pero eu reto ao Tenente Alcalde a que falemos os dous co Sr. Pérez Donsión.

**D. Nicolás González Casares.** Cando queiras.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ou me contou unha patraña, que pode ser. Eu a man non lume non a poño por ninguén. Ou me contou unha patraña e me enganou, ou senón o que dixo non ten nada que ver co de vostedes. Polo tanto como vostede levaba iso como concelleiro de urbanismo, eu non teño inconveniente en ter unha conversiña, se lle parece, para que o conte diante de min. O que dixo diante de min, que o diga diante de vostede, e vostede que diga se é mentira ou verdade, porque ao mellor é mentira.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Impórtalle que estea eu tamén? Teño especial interese.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu con vostede, unha persoa que me mete no xulgado para intentar eliminarme politicamente...A min e ao conselleiro, non me sento. Xa llo digo: non me pareceu nada... Despois lle explicarei o porqué, porque índa que a

denuncia, o brazo executor foi a concelleira Lara, quen é o actor intelectual dese proceso xudicial é vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mentira, pode seguir con ese tema o que queira, mentira, e xúrollo polos meus fillos.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Bueno tranquilo. Non me xure por ninguén que vostede xura en falso.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Se non, que o diga Lara.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede xura en falso. Lara que vai dicir, se se prestou.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xúrollo polos meus fillos que é mentira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pero non me xure polos seus fillos que non ten que xurar por ninguén.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dito iso dáme igual o que pense ou non.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Ven unha moción despois, que xa lle vou dicir por onde van as pistas, porque mire teño pistas, non se preocupe,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Eu dígolle polos meus fillos que é mentira.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Polo tanto Señor Tenente Alcalde, eu non teño inconveniente. Entón: ou me conta a min unha película o Señor Donsión, ou lla conta vostede. Entón eu non teño inconveniente en ter unha reunión os tres, porque eu non falei con ninguén da empresa absolutamente con ninguén, solo con Donsión porque me chamou pa ter unha reunión comigo e lle dixen que non estaba.

**D. Nicolás González Casares.** Donsión creo que non é nin da empresa.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Perdóame, Donsión é o que fixo o proxecto. A min chamoume el. Do resto da empresa non me chamou ninguén que non coñezo. É que eu da empresa non coñezo a ninguén. Nin moito nin pouco; non coñezo a ninguén. Eu coñezo a Donsión porque foi aquí o xefe da oposición moitos anos comigo, e non teño mala relación con el. E chamoume para ter unha reunión, pero eu non estaba, pero polo tanto que tivera a reunión que quixera e cando queira que falar comigo que non ten ningún problema en falar comigo. Iso tamén llo dixen, pero eu prefería que cando veña falar comigo, que estea vostede diante, e eu preguntareille: olle ti dixéchesme isto, isto e isto, e que o diga e o aclare, non se preocupe. Fíxese se quero transparencia non tema, porque ademais estamos os tres e non pode dicir eu díxenlle a Nico isto ou díxenlle aquelo outro. Porque o vai dicir diante de vostede e vostede dirá se é mentira ou é verdade.

En todo caso, nós pedimos que a Federación Galega se pronuncie, e como di o Sr. Vilariño: non é palabra de Dios o que digan os ecoloxistas. Estou totalmente de acordo con el, pois así que se colgan cando lle convén, pois cando non lle convén, como mínimo que o admitan a trámite. Outra cousa é que loxicamente teñen que ter

os informes. E mire, sobre o que me propuxo Sr. Vilariño da Xunta, engadirlle tal...,, non lle imos engadir nada a esta moción porque iso poden facer vostedes de oficio. Faga un oficio do Alcalde, dirixíndose a Xunta, pedindo iso exactamente igual, non ten... pola parafernalia das mocións ten que pasar á oposición. O goberno non, o goberno ten poder executivo. Polo tanto tomen un acordo na xunta de goberno e dille á Xunta, isto, isto e isto e punto, e non me tome o pelo que fun cociñeiro antes de fraile. Grazas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias Sr. Crespo. Algunha intervención máis?

**D. Juan José Cruz García.** Si.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante.

**D. Juan José Cruz García.** Pero o Donsión este logo foi concelleiro do PSOE non? Nico: podería ter algunha consecuencia?

**D. Nicolás González Casares.** Non confundir

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu non acuso de ningunha conveniencia. Niso vamos, que quede claro. Eu o que digo e que ou me contou mentira a min, ou me contades vostedes mentira.

**D. Nicolás González Casares.** Non confundir a José Luís Pérez Donsión con outros irmáns Pérez Donsión.

**D. Juan José Cruz García.** Este non foi...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Os dous oh.

**D. Juan José Cruz García.** Foron os dous?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, foi xefe da oposición.

**D. Nicolás González Casares.** Hai moitos anos.

**D. Juan José Cruz García.** Pero á empresa privada non lle traería ningunha consecuencias que non fose para diante RACSO, non?

**D. Nicolás González Casares.** Como?

**D. Juan José Cruz García.** O proxecto vano cobrar igual.

**D. Nicolás González Casares.** A ver non lle sei. Iso é entre eles. Non é cuestión miña, nin como concelleiro de urbanismo non debo meterme nos acordos privados entre proxectistas e empresas. Nin os coñezo, nin é competencia.

**D. Juan José Cruz García.** Vale moitas gracias. Non ten boa relación ultimamente logo...

**D. Nicolás González Casares.** Non espera.

**D. Juan José Cruz García.** Estou falando. Non tes boa relación con ese membro, ou ex membro?

**D. Nicolás González Casares.** A relación persoal que eu teño coas persoas non lle incumbe a vostede.

**D. Juan José Cruz García.** non e que non sabía que fora concelleiro do PSOE aquí en Lalín.

**D. Nicolás González Casares.** Hai moitos anos si. Crespo igual sabe mellor incluso cando foi.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Creo que doce, oito ou doce.

**D. Nicolás González Casares.** Non, oito non.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Oito, oito, oito.

**D. Nicolás González Casares.** E foi antes polo CDS.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, pero polo CDS non estivo na oposición; estivo oito de concelleiro do PSOE.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Bueno, moitas gracias, procedemos a votación.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Era tan bo o plan xeral que votou a favor.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Procedemos a votación.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*
*Votos en contra: ningún.*
*Abstencións: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC..*

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenonr:

O 27 de setembro de 2017, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galicia emitía unha resolución sobre o **proxecto da planta de reciclado e valorización de pneumáticos ao final da súa vida útil non polígono de Botos,** na que se facía constar que, non período de consultas previas que se recolle non artigo 46 da Lei 21/2013, organismos e entidades vencellados directamente a execución deste proxecto como o Concello de Lalín, o ente Augas de Galicia ou a Federación Ecoloxista Galega – a maiores da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e

a Sociedade Galega da Historia natural- non emitiron informes relativos á planta non proceso de avaliación de impacto ambiental.

Uns informes, especialmente o do Concello de Lalín, órgano encargado de outorgar a licenza de actividade a esta empresa, que eran claves para que a avaliación ambiental desta instalación se tivese acometido por un procedemento ordinario e completo e non con carácter simplificado, como acometeu o organismo autonómico ante a ausencia de informes de diversos colectivos e entidades. Máxime tendo en conta que os presentados polo Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, os únicos si recollidos, non presentaban ningún atranco á instalación desta empresa.

Ata en dúas ocasións – recollidas na prensa dos días 22 de marzo e 13 de abril de 2017, o Partido Popular, na figura do voceiro do grupo municipal, reclamou a necesidade de que dúas entidades directamente vencelladas ao control medioambiental, unha non eido administrativo e outra non social, de actividades como a da Empresa RACSO como Augas de Galicia e a Federación Ecoloxista Galega, informasen, aínda que fose extemporaneamente, sobre as posibles afeccións e a viabilidade medioambiental de instalar unha planta desas características nun polígono situado nunha encrucillada de parroquias como as de Botos, Vilanova, A Xesta, Soutolongo, Donsión e Doade.

Dende o goberno municipal, non se requiriu directamente, pese ás reiteradas solicitudes do Partido Popular, informe a ningunha das citadas entidades relacionadas co coidado do Medio Ambiente. Si o fixo indirectamente o técnico de Medio Ambiente con Augas de Galicia, a través dun informe asinado o día 19 de abril de 2018, non que lle "obrigaba" á empresa RACSO a contar coa "*Autorización do Vertido de Augas de Galicia, ou non se caso, da aclaración de que esta non é precisa, entenderase que cumpre coa lexislación vixente*". Requirimento que implica que Augas de Galicia informe sobre o particular do asentamento desta empresa. Un informe que sería condicionante para obrigar á empresa a adoptar medidas correctoras, pero non vinculante para aprobar ou desbotar a actividade da mesma en caso de informe favorable, competencia que corresponde unicamente ao Concello de Lalín.

Ata o momento, e pese ás varias solicitudes expostas publicamente polo Partido popular, a Federación Ecoloxista Galega nin se informou nin foi requirida polo Goberno liderado por Rafael Cuíña para que expoña a súa posición sobre as preguntas afeccións da actividade desta empresa ao medio ambiente da contorna.

Nada se soubo tampouco, ata momento, do informe solicitado polo tenente de alcalde, Nicolás González Casares -coñecedor do proxecto de RACSO dende que se solicitou non Concello informe urbanístico da parcela- do "Informe ambiental independente" que se encargou, con data de sinatura 19 de marzo de 2018, ao decanon da Facultade de Ciencias do Campus Universitario de As Lagoas. Informe que se pediu a raíz das protestas dos veciños e o rexeitamento á planta, pero que non se solicitou non momento en que os membros do Goberno coñeceron o proxecto, que era cando se tiña que ter constancia sobre as posibles afeccións medioambientais do proxecto que se comezaba a negociar.

Pendentes do que Augas de Galicia ditamine á petición do verquido das augas

residuais procedentes da planta de RACSO e do contido do informe Universitario que leva tres meses encargado, e que o goberno non deu a coñecer, os populares entenden que tamén é necesario o posicionamento da Federación Ecoloxista Galega e dos colectivos que a soportan. Informes deste colectivo que, noutros casos que se producen ao longo da xeografía galega, serviron de concienciación sobre os prexuízos da actividade de determinadas compañías e a súa afección medioambiental.

O Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.** Esixir ao Alcalde que solicite á Federación Ecoloxista Galega un informe sobre os efectos medioambientais, na contorna das cinco parroquias próximas ao Polígono de Botos e non río Asneiro, da actividade dunha planta de triturado de pneumáticos como a que se pretende instalar por parte da empresa RACSO.

**Segundo.** Instar ao Alcalde, non exercicio das súas funcións, a que encargue un informe a un técnico experto na materia, ben sexa municipal ou a través dunha asesoría externa, para que indique que medidas cautelares se deberían tomar para suspender a tramitación da licenza, con garantías xurídicas, para que non prescriban aspectos que xudicialmente poden beneficiarse á empresa.

**16.- EXPEDIENTE 3417/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO A EMISIÓN DUN INFORME XURÍDICO RELATIVO AOS INSULTOS PROFERIDOS POLO ALCALDE Á SÚA PERSOA NUNHA SESIÓN PLENARIA.**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada non rexistro electrónico o día 20 de xuño de 2018, co número de entrada 643. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ten oito minutos, adiante.

**D. Juan José Cruz García.** O que acontece neste goberno é unha vergonza, xa me aburre case vir aos plenos e vir a debater estas cousas, pero non podemos pasar por alto un desliz tan grande do Alcalde, cada vez que se mete comigo ou intenta difamar.

Agora estou eu denunciado por inxurias cando eu me sinto a persoa máis inxuriada deste concello, mais estigmatizada, e non lle podo pasar por alto isto, mire, xa vos dixen nas comisión e non quero aburrir á prensa, tratástesme de machista, tratástesme de homófobo, tratástesme de machista, hijo de puta agora, esas formas... e que eu tampouco che desexo nada malo. Ataqueite tal e como ti me atacaches, oligofrénico, tonto inútil, acabas de dicir a ver que fai este home para mirar para o PP, non teño que mirar nada para o PP. Máis ou menos fago o que me dita o conciencia, e como tamén vos apoio a vós, ao mellor son crítico con algunhas actuacións pero isto creo que é moi grave.

Polo tanto vendo a gravidade eu creo que se denota que eu perdín ao saber estar non pleno nalgún momento, pode ser, porque a travesía no deserto, porque estou orgullosísimo do que fixen, porque vendo xente que se acerca a min, e vendo o que escoito e o que me din do trato, xa de como se está facendo esta precampaña con

presións e con... puf, Dios mío. Dáme pena algúns membros do goberno, e dáme pena tamén o Alcalde porque obviamente con eses cabreos, eu non vin á política para estar nun duelo inacabado entre Pepe Crespo e a familia Cuíña. A familia Cuíña co PP co doído que estea... pois mira, hai cousas que se saíron de ton e esta última creo que é unha das gotas que colma o vaso porque o Alcalde o mínimo que tiña que facer era haber feito unhas declaracións públicas, non por min, senón por toda a familia, din sempre que non represento a nadie; pois éche todo contrario Rafa, e debías xa polo teu propio interese, porque cada vez que o concelleiro non adscrito... Hoxe vin aquí a escenificar que cada vez que non se lle da a palabra, cada vez que se omiten os seus intereses, cada vez que non se convida a unha negociación, estáselle faltando a moita xente, moita xente que se ve reflectida nun home que ao mellor simplemente que o que é capaz a de dicirlle a unha gran familia de Lalín, a unhas grandes familias, eu por aí non vou, non porque por aí non quero, e non me merezo o trato que me deches, non mo merezo, xente do teu goberno ten claro que se vos escapou das mans a xestión, e este insulto non se lle pode permitir a nadie. Ti que queres? Ti podes dicir de min o que queiras e eu non podo ver como foi o pasado. O pasado está escrito. Creo que é pertinente neste momento un informe xurídico sobre o tema, porque pedistes informes para todo, hasta para intentar ver palabras machistas naquilo. Pois entón se naquilo había palabras machistas e pasouse de todo, do caso de Vilatuxe, do da espionaxe, bueno agora xa, levádesme a un xuízo por un telefono. Querédesme desgastar, aburrirme. Eu non me vou aburrir home, non me vou aburrir porque gracias a Dios traballei desde novo, e gracias a Dios a esta señora a que ti lle chamaches puta, esta señora a que ti lle chamaches puta, fai que teña un colchón económico non igual ao que tes ti, pero fai que teña unha autonomía e unha independencia. E esa señora, esa señora que me pagou os meus estudos na universidade pública, esa señora que morreu, que xa non está aquí, esa señora criou a tres fillos e ademais de tres fillos a un cuarto fillo inválido totalmente, e creo que non se merecía iso. Ti podes estar cabreado, e debes aprender, porque si que vas seguir en política e eu ao mellor non. Debes aprender a respectar a todo mundo. A xente coma min ao mellor non estamos tan preparados coma algúns que están aquí sentados, pero si que podemos ter ideas que sexan factibles.

Eu neste mesmo pleno anuncio que... de feito da crítica contra o pasado da familia Cuíña, xa me da igual porque xa está demostrado como sodes. Ti tes unha vena aí que te cabreas e eu tamén a teño, pero hai límites que eu non sobre pasei. Eu non sobrepasei eh? Estes son os límites que non se lle poden permitir a ninguén e esta prepotencia que demostraches hoxe neste Concello é a prepotencia coa que andas polo Concello. Non quero saber como tratas aos teus empregados. Eu xa che digo que non son obreiro de INASUS. Eu son Juan José Cruz García, que conseguiu o seu traballo con moito suor. E a min non se me pode impoñer nin se me pode tratar nestas condicións. Se ti na túa casa che deixaron actuar así, ou se ti tes tanto poder ou tiveches tanto poder para poder facer o que queiras, comigo non. E como comigo non, xa che dixen que estou pedindo este informe porque, pois, simplemente, porque denúnciasme por unhas inxurias, cando todo o que digo é verdade e eu síntome a persoa máis inxuriada deste Concello, a máis estigmatizada. Sei que non vai escoitar case ninguén esta conversa, nin me interesa que a escoite xa máis, porque sería aburrir. Quero pedirche que me pidas desculpas, aínda que eu non me sinto ben tratado e as desculpas non sei abondarían.

O meu avogado dime que pasemos disto, total son chiquilladas, pero eu non o teño claro. Non o teño claro si comezar unha pequena investigación, sobre si houbo incitación ou houbo odio, ou non houbo incitación ao odio sobre a miña persoa. Creo

que ninguén se merece isto en Lalín, e creo que non son eu solo. Creo que hai máis veciños ós que se estigmatizou ou se separou de certas posibilidades que tiñan. Hai xente que xa se lle está advertindo que hai que estar en precampaña e que hai que seguir ao líder amado, e hai que polo menos non disentir, e polo menos estar tranquilos. Mira, eu dígoche unha cousa: eu vou seguir falando, inda que pase a un segundo plano. Tedes o meu compromiso de baixar o ton se queredes negociar, pero se ti atacas, eu ataco. Este informe paréceme oportuno telo pois para que ese xuízo non que me metiches sobre unhas inxurias que son unha chorrada, xa ensinarei non seu momento os informes que me dan rotundamente a razón. Pois nada facédeme este informe, se podedes para ver en que grao de inxurias pode considerarse hijo de puta, e eu ao mellor decido levarte ou non te levar diante dun xuíz por isto, porque ao mellor por outras cousa máis importantes si que vamos ter que falar ti e eu cara a cara, e voute citar, e non é ameazarte. E vouche dicir: Que queres Rafael? Queres negociar? Ou queres falar diante dun xuíz?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Ten que rematar.

**D. Juan José Cruz García.** Non, non, non, para, para, para.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Leva oito minutos.

**D. Juan José Cruz García.** Agora vou falar outros oito minutos máis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, ten un segundo turno se quere.

**D. Juan José Cruz García.** Non, pero vou falar outros minutos máis e vou demostrar que inda que non teña nada que dicir vou estar aquí dous, ou tres, ou catro, ou cinco minutos máis, sabes por que? Porque o trato arbitrario que houbo neste pleno... Non me vas cortar ti agora a palabra como fixeches xa. Vou falar eu cando queira, e se non colles e expúlsasme, ou colles e córtasme o micro e eu demostro o trato arbitrario. Aquí falo eu tamén hasta cando quero.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vaia rematando, gracias.

**D. Juan José Cruz García.** Bueno, pois agora volvo ao meu ton sosegado. Creo que merezo unhas desculpas e non só por este insulto, senón polo trato que moita xente do seu goberno sabe que o xestionastes mal vós. E ti valo pagar porque hai xente que ve a túa prepotencia, e valo pagar. Eu dixen aquí que ti non vas chegar non sei se dixen aos 2.000 votos e estou agora en 1.750, estás aí.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias Sr. Cruz na súa primeira intervención. Eh, PP? Ten cinco minutos.

**D. Eva Montoto Méndez.** Vale. Eu creo que non os vou a usar. Vou ser breve. Eu non estiven en política ata o de agora, pero o que si é certo e que hai concelleiros de distintos partidos, podo dicir que case de todos, que me comentaron que o ambiente que vivimos actualmente nos plenos non era o que había antes. Entón eu creo que debemos centrar o debate, e entender que a discordia que hai neste pleno, en xeral na política local, vai moito máis alá do discurso político, e creo que necesitamos por unha parte que sexa reflectido nas actas e se é necesario, posto que

hai a xustiza de por medio, que se fagan este tipo de informes.

**D. César López Arribas.** Vamos a ver, o que se pide na moción, é un informe xurídico nun ámbito, que ao mellor para o que propón a moción se refire ao ámbito das inxurias. As inxurias é unha cuestión estritamente persoal, dunha persoa física. O Concello non ten nada que dicir aquí, nada que dicir.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Continúe.

**D. Eva Montoto Méndez.** Eu iso supoño que será algo que, en canto a moción, terá que perfilala Juan José según o que el pense.

**D. Juan José Cruz García.** Mire, non, escoite, é incrible o trato, e dígolle...

**D. César López Arribas.** Non, vamos a ver.

**D. Juan José Cruz García.** Non vamos a ver nada.

**D. César López Arribas.** Vamos a ver. É unha cuestión...A acción de inxurias e unha acción persoal e corresponde a unha persoa física. Non lle corresponde ao Concello. Correspóndeche a ti, se ti consideras que estás aí, que estás nesa situación.

**D. Juan José Cruz García.** Pero o goberno...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón.

**D. Juan José Cruz García.** Non, déixeme falar.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non lle deixo; continúe. Vostede ten outro turno

**D. Eva Montoto Méndez.** Vale, eu simplemente quería dicir que por parte do Partido Popular vai a ter ese apoio, sexa el ou sexa calquera outro concelleiro que conformamos esta corporación, e en particular o meu apoio persoal, se algún día o PP non o considera, en este tema calquera dos concelleiros aquí presentes vaino a ter, e creo que antes de políticos todos somos persoas e que aquí se pasaron certos límites, non unha vez, senón moitas.

En canto ao tema do insulto do último pleno, que polo que vin finalmente foi incluído na acta, darche a noraboa por conseguir que cho puxeran, porque noutros momentos aquí censuráronse certos comentarios do Alcalde por considerar que non se debería poñer semellante cousa nunha acta que queda aí para a posterioridade e alégrome de que agora si se conseguira iso, porque é relevante dado o ambiente de discordia que temos, e ata onde chegaron as circunstancias. Entón eu agradézolle ao Sr. Secretario que agora o fixera, e creo que ou baixamos o nivel de discurso, ou sexa, de discusión máis que de discurso, ou senón creo que o Secretario ten que reflectir todo o que aquí acontece.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moi ben, tócame a min, por partes. Sra. Montoto: a vostede non seu momento se lle pediron desculpas sinceras e entendo que polo que recordo, vostede as aceptou. Podemos estar aquí falando cincocentas veces máis como fan algúns, vostede non por exemplo. Nese sentido podo dicir que a vostede

nunca máis lle oín falar de ningún tema. Vostedes falan de firmas falsas. Nunca houbo ningunha firma falsa. Non houbo firmas, que son cousas diferentes. Non terxiversen as cousas.

Pero debo recoñecer que vostede nunca máis volveu a falar dese tema. Xa se encargaron os seus compañeiros dun tema que se arquivou en tempo récord, porque non había por onde collelo. Inda así me desculpei con vostede e vostede aceptou as desculpas. Insístolle que lle agradezo que nunca máis volveu co tema, cousa que non respectaron outros compañeiros. Pero voulle dicir máis cousas. Mire: con respecto ao que dixen aquel día pensando que estaba fora de micro e non dirixíndome nun debate a esta persoa, teño absoluta tranquilidade. A min non me gusta, díxeno ao final do pleno que se había que desculparse por algunha cousa, que me desculpaba. Non me estou desculpando neste momento. É moi clara a Real Academia Galega dicindo que ese tema que se utilizou dicindo que era fora de micro, o que significa é mala persoa. Dende o ano 2004 perdeu o significado relacionado con... buenon digamos, coa prostitución. E o que di a Real Academia e que iso significa mala persoa, e que dende o 2015 despois da reforma do Código Penal non ten ningún tipo de relevancia. Polo tanto, dáme a risa directamente isto que están intentando facer.

Pero vou dicir máis, é dicir, eu non último pleno e en varios plenos máis, espero que teña a gravadora suficientes pilas, escoitei tres veces como se lle chamaba a esta alcaldía, á autoridade, por certo, porque eu tamén me asesoro de cousas, sinverguenza, como se me chama habitualmente. Isto dáme igual, vaia por diante; pero simplemente para que vexamos as varas de medir. Como se me chama palanganas, como se me chama covarde, como me ameaza directamente dicindo que me vai saír caro non sei o que, como se fala de miña nai, chamándolle raíña nai e de xeito despectivo varias veces, como se me chama chavalín, como se lle falta ao respecto ao fillo de Miguel Medela en redes sociais directamente, como á miña familia se lle chama secta, como a miña familia se lle chama por parte do concelleiro non adscrito e todos estes mafia 2.0, ou prepotente coma a Cristóbal Fernández,

**D. Juan José Cruz García.** Non eu esa non eh.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si, si, teño un pantallazo...

**D. Juan José Cruz García.** Púxenche eu mafia 2.0?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Mafia 2.0 si.

**D. Juan José Cruz García.** Pois iso non o recordo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A Cristóbal, perdón, a Cristóbal Fernández chamándolle marrulleiro, a veciños en pleno, que vostedes calaron, polo tanto...

**D. Juan José Cruz García.** E se é o que sodes, miña nai non é unha puta.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, eu respecteille o turno.

**D. Juan José Cruz García.** Pero vós e o que sodes, non retiro nin unha coma.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Encubridores políticos disto, chamándolles covardes aos veciños en pleno.

**D. Juan José Cruz García.** E que é o que sodes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, a min non, aos veciños.

**D. Juan José Cruz García.** Pero eu non retiro.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Pero e que non quero que retire nada. Déixeme rematar.

**D. Juan José Cruz García.** Eu non retiro: ti es un covarde.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale, pero é que iso, non é que mo chamara a min, chamoullo a un veciño en pleno.

**D. Juan José Cruz García.** É un covarde ese veciño, pero logo non é un covarde un veciño que pasa pola rúa e non fala contigo dun tema que ten que falar comigo. Non quere falar,

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Podo seguir? Gracias.

**D. Juan José Cruz García.** Si quere falar nas redes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias. Despois deixando caer, traendo aquí mocións sobre o turismo sexual, deixando caer determinado tipo de circunstancias que non se corresponden coa realidade. E mire, voulle dicir unha cousa: eu de neno, miña nai, sobre todo miña nai, tivo a ben meterme no mundo da literatura, de ler. Eu lin xa dende moi novo a *Dickens, Charles Dickens,* e está ben que vostede intente facer aquí un tema estilo *Oliver Twist*, pobriño de min que son dunha familia humilde. Eu non me metería na vida nin coa súa nai, nin coa de ninguén, e dicir, esta locución neutra...

**D. Juan José Cruz García.** A ti xa che negaron...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, perdón, esta locución neutra o que significa simplemente é mala persoa, que é o que é vostede, mala persoa. Isto non ten nada que ver, faltaría máis, coa súa nai que eu respectarei, que non a coñecín, pero a seu pai e a calquera membro da súa familia, porque eu creo que hai cousa que non deben saír de aquí de familiares, cousa que vostede nunca fai.

Nunca me referiría a súa nai, faltaría máis, caeríaseme a cara de vergoña, ou sexa que deixe ir de pobriño, de Oliver Twist, dunha nai que criou a non sei cantos nenos tal, que por aí non vai o tema.

Tamén o facían os pícaros na literatura do século de oro. Isto é unha tradición, unha vella tradición española tamén. Pero e que é máis, dende o PP, porque a concelleira está pedindo, e eu comparto que baixemos o ton, e tamén como autoflaxelándose desta situación da que ela non quere ter parte. Pero compañeiros seus dirixíronse a esta autoridade, a este alcalde, como analfabeto, como covarde, como chulo, como prepotente, dicindo que tiña unha patoloxía enfermiza, que facía presións a veciños, como sinverguenza, ou como non último pleno como se repetiu un par de veces, que eu pedín que non se reflectise en acta, como imbécil, e algún compañeiro máis que anda por aí tamén, como malnacido ou porco. Quero dicir, que aquí hai para todos, o

que estou dicindo.
Sr. Crespo, Sr. Crespo, si non, a verdade e que pobre diablo é un insulto moi grande. Si, perdón, malnacido e porco ao que lle chegará o seu San Martiño. Bueno, pois isto tamén o escoito eu. Entón ter que vir aquí a unha moción a unha persoa que está escoitando isto permanente. Estou de acordo con vostede que hai que baixar o ton. Xa llo dixen a algún compañeiro seu estes días e o digo de verdade ademais. Non estou ironizando, nin sendo retranqueiro. Estoulle mirando aos ollos e dicíndolle claramente que ten razón nisto, pero que nolo apliquemos todos. O que non vou permitir é que un exabrupto, por así dicilo, que lle diga ao Tenente Alcalde, e non está no medio dun debate, tal, que significa mala persoa e que me veña en plan pobriño, e miña nai fixo... cando non se me ocorre referirme a nai de ninguén, como é e creo que é evidente, e como creo que ninguén escoitou en este pleno cando se fixo. O que pasa é que na gravación foron alí...e eu pensando que estaba o micro pechado... pois estaba aberto, ás veces pasa. Pasa nas mellores familias, e nas mellores institucións.

**D. Juan José Cruz García.** Pois logo se non pasa nada teña o micro aberto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Que quede ben claro que eu, cando digo iso, refírome a que vostede é mala persoa. Nin se me ocorre falar da nai de ninguén, ou sexa que non me veña en plan *Oliver Twist* de Botos.

**D. Juan José Cruz García.** Si mire, agora vou eu. Ti es mala persoa. Si que o es, pero a min dáme igual. Primeira cousa, es moi bo político, vas triunfar moitísimo porque cando non tes por onde saír sempre hai por onde tirar. O insulto está moi claro. Ti pódeslle chamar á merda, se queres chámalle chocolate. Chámallo, ven aquí ao pleno e di, a merda é chocolate. Pois cómea ti. Se che apetece cómela ti, porque eu non che vou comer nin a túa merda nin a túa forma de ser. Entendes? E si que presionas a veciños e si que vetaches a veciños, e si que este goberno é cómplice de actuacións contra veciños, si, e díxeno, e contra min, dende logo que si. Mira, eu de todo que dixen non retiro nada. Ramón Pequeño é covarde. Ti es covarde e ti es un palanganas. Sabes o que son os palanganas? Aqueles que non teñen nin voz nin voto e non teñen peso na palabra. E ti non tes peso na palabra. Os palanganas coma ti non merecen estar sentados aí, e sabes, ademais de palanganas. De todos os insultos que puxeches aí, non retiro ningún. Ese do 2.0, se o dixen ao mellor foi algún dos meus asesores. Non o sei. Non recordo. Non retiro ni el más mínimo insulto e ti. O único que intentas con esta onda toda de xuízos que estás poñendo aí é a ver se desgastamos a imaxe deste home que xa nos preocupa, que xa nos preocupa que eu poida ter repercusión social. Tranquilo que economicamente non me vas fundir, tranquilo. Veño de orixe humilde pero souben aforrar. Entón ti podes darlle todo o que queiras; peta o que queiras. Eu vou rebaixar o ton; vouno a rebaixar, pero ti...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Estalo facendo.

**D. Juan José Cruz García.** Estouno facendo, porque ti es un palanganas. Se queres que che diga que es unha persoa sen palabra, dígocho. Cambiou por un sinónimo, pero hijo de puta, puta é prostitución, prostitución. Vasme facer ti aquí un xogo semántico? Recórdoche que son mestre, e que hai moitas acepcións para unha palabra. Es un impresentable, es unha persoa que non mereces estar sentado nese sillón, e moitas cousas, porque non tes o que hai que ter de mínima moralidade. A min dáme igual que me chames hijo de puta, pero a ti xa che nega que... a miña familia xa

che nega a man. Igual que cha nega a miña familia négancha moitos veciños e non te das conta porque es un prepotente, con todas as letras, e vou gastar os cinco minutos pa dicir que non quito unha coma de todo o que dixen dende que entrei non concello. Ti mereces unha reprobación, non mereces... eses cabreos que estás collendo agora. Hoxe estouche demostrando que xa nin me importas, nin me importas, e ti estás obsesionado con a ver o PP, se foron os que mataron a meu pai, con que a ver se defenestramos ao concelleiro non adscrito. Non lle damos unha negociación, non lle damos nada. Iso é o que es ti. Iso a xente estao vendo. Vexo en tódolos lados. Por iso me fun do goberno. Bueno, xa non vou repetir cousas. Isto vaiche vir moi ben home, porque ti non tiveches a desgracia, de ao mellor ter que dende abaixo construírte. A ti fixéronte solo. Es un tío de cristal. Parece que non se che pode tocar, non. A min púidoseme tocar e estou aquí, aguantando e cada día máis orgulloso do que fixen, e creo que debemos pactar algo. Vou para vós, vou para Nico, vou para Cuíña, e creo que agora mesmo a saída máis honrada que tiñas e a de non poñer escusas, É dicir, pois sÍntoo, pido desculpas por ese insulto. De feito creo que fixeches unha campaña de incitación ao odio, e perseguistes a xente e estades perseguindo a xente, joder Perdón por esta palabra, pero de feito hai unha persoa expulsada dun partido político de Lalín por supostas conversas con Juan José. Iso es la bomba. Si, si que é así, como que non estamos estigmatizados. Eu e moitas máis familias estamos estigmatizados, e agora mira creo que me acabo de emocionar. Iso non o merecemos os de Lalín, non, non. Non o merecemos. Eu non me merezo estar aquí aguantando se meu pai foi isto, se foi.... Ben se ve como trataches a xente e como a estás tratando, estás ameazando á xente, estás subliminalmente ameazando á xente, e teño probas. Estades intentando manipular a vida pública. Non home, non. A saída máis honrada que tiñas ti é dicir: pois mira si, fixen un visionado das cámaras, falso, eh. Á rapaza Eva pois trateina da maneira que non o merecía; a Juan José...Perdoa. Eva: un ponse un pouco nervioso ás veces e non da falado e non recorda todo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vaia rematando, gracias.

**D. Juan José Cruz García.** Non, non, sigo falando porque son moitas cousas. Suplantar a identidade. Agora quere o meu teléfono, pero: Para que queres o meu teléfono, home? Para que queres un teléfono de 200 euros? Que queres ver? A quen queres chegar? Sodes xente mala. Claro que sodes malos, malos. Ti si que es unha mala persoa. As persoas malas son as desconfiadas, as que están sempre desconfiando. Ti tratáchesme mal.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias Señor Cruz, rematou o seu tempo.

**D. Juan José Cruz García.** A ver quero seguir falando.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, non, pero xa rematou o seu tempo, hai tempo.

**D. Juan José Cruz García.** Pero se o resto dos concelleiros.... mira, non, non, non...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Na mesma liña dos demais.

**D. Juan José Cruz García.** Na mesma liña dos demais... agora córtame que a ver o trato como o vemos todo. Insisto Don Rafa, neste goberno...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Para vostede, Sr. Alcalde, ou Señor Cuíña, moitas gracias.

**D. Juan José Cruz García.** Rafa, eres Rafa, Rafa ou Rafita, como queiras.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Acabouse, esta falta de respecto é evidente. Doulle a palabra a Eva, adiante, gracias.

**D. Eva Montoto Méndez.** Eu simplemente quería con respecto ao que vostede dixo que co tema das firmas falsas que eu comparto que non houbo firmas falsas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non houbo firmas falsas.

**D. Eva Montoto Méndez.** De feito o grave non foi nin sequera esa recollida de firmas, senón todo o que había por detrás. Dicirlle que hai dúas visións disto: unha é a visión política, que non me molesta que se poida explotar todo o que sexa necesario porque considero que foi suficientemente grave.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vostede o dixo, explotar.

**D. Eva Montoto Méndez.** Así o digo, porque considero que foi o suficientemente grave. Ou sexa que a min é algo que non me molesta e se fai con todo o meu permiso. Non sei se todos os do seu goberno poden dicir o mesmo das súas declaracións, que algunha vez negaron; e por outra parte, a parte desa visión política hai outra visión como persoa. E como persoa sabe que eu fora deste pleno non me dirixo a vostede.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** En serio?

**D. Eva Montoto Méndez.** Si, e creo que vostede o sabe.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vou intentar vivir con iso.

**D. Eva Montoto Méndez.** Si, eu sei que pode. Entón eu creo que debemos diferenciar, e que polo mesmo motivo debemos diferenciar entre insultos, diferentes tipos de insultos, dentro do debate político en función de como sexan as características deste debate e diferenciar tamén as acusacións. Co cal eu creo que entendemos que dentro do debate político pode haber certas saídas de ton, pero eu creo que hai que saber diferencialas de todo o demais. Entón eu creo que vostede, e iso si que algunha vez me terá escoitado cuchichear por aquí cando por exemplo me di si quero a palabra, e porque considero que vostede non está nin ética, nin moralmente lexitimado, para facer certos comentarios despois do que aquí pasou ao largo do seu mandato.
Eu creo que vostede é o primeiro que ten que dar exemplo. E por outra parte Juan José: Eu tamén pasei por algunhas cousas e non me vou a poñer de vítima porque sinceramente non o necesito, e creo que o mellor que podes facer é intentar moderarte ti tamén. Dígocho como un consello xa persoal, porque non debemos poñernos todos á mesma altura. Entón, el, o Señor Alcalde é o primeiro en dar exemplo e creo que os demais debemos ser coherentes co que pedimos tamén, co cal, vas ter o noso apoio para todo este tipo de cousas. Pero quero dicirche que tamén teñas en conta que non

PP tamén o entendemos: que temos que moderarnos todos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moi ben remato eu.

**D. Juan José Cruz García.** Déixame solo....

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non, non, non, e dixen que non.

**D. Juan José Cruz García.** Pero necesito, por alusións.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Señor Cruz.

**D. Juan José Cruz García.** Eu por alusións non podo?

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si pode.

**D. Juan José Cruz García.** Por alusións si, xa que por alusións téñocho que dicir a ti, ti que crees logo que cando se fixo o informe a cerca do machismo, ese informe que di que era por inxurias ou porque era? o informe que che parece? xa que me teño que dirixir a ti pregúntoche a ti para saber a túa opinión, porque aquí vétanseme certas cousas.

**D. César López Arribas.** O anterior informe ao que aludes ti refírese a un acto dun funcionario en horario de traballo.

**D. Juan José Cruz García.** Que boa persoa.

**D. César López Arribas.** Non te refires a iso?

**D. Juan José Cruz García.** Non me entende nunca.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Remato eu dicindo o seguinte, que creo que son o Alcalde máis vilipendiado en canto a insultos da historia deste concello. Non é que me preocupe especialmente. Teño escoitado absolutamente de todo aquí e dáme igual. Entendo que é o que hai que aguantar. Moitísima xente me di en moitos lados o que aguanto aquí, e que algúns que queren, varios eh, en plural, que queren pasar de pobriños do ofendidos que están con determinado tipo de cousa que non teñen ningún tipo de relevancia. Como vostede dixo, agora si me refiro a vostede: exploten o que queiran, porque a xente sabe o que hai. Poden explotar o que queiran que ese xa é tema voso e eu tamén teño pa explotar o que eu queira chegado o caso. Nada máis. Votos a favor?

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito.*

*Votos en contra: dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.*

*Abstención: ningún.*

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenonr:

Don Juan José Cruz García, que abaixo asina, como concelleiro non adscrito da corporación municipal de Lalín presenta moción para debate, petición de informe xurídico do insulto proferido polo Alcalde e arbitrariedades varias contra a miña persoa e familia, definición da miña ilegalidade para ser expuldao do Pleno e a reprobación do Alcalde.

Á vista da gravidade do insulto, cito textualmente "hijo de puta", proferido polo señor Rafael Cuíña Aparicio (Alcalde do concello de Lalín, Pontevedra) durante o pasado Pleno municipal de Maio (vertido contra a miña persoa) Don Juan José Cruz García, tiven que solicítarlle ao señor secretario que incluira a súa literalidade na Acta do Pleno, a fin de que poida certificarse a realidade dos feitos acontecidos e das declaracións emitidas polo señor alcalde e proceder ao seu estudo polas posibles consecuencias xurídicas que se poidan derivar.

Asemade, puxen en coñecemento do Sr. Secretario por diferentes medios en comunicación que efectivamente existen evidencias que proban que o señor Rafael Cuíña Aparicio insultoume gravemente non Pleno, o que lle comunico aos efectos oportunos para que se inicien as dilixencias e actuacións que como secretario sexan da súa responsabilidade, ben poñéndoo en coñecemento das autoridades que proceda ou ben obrando non exercicio do seu cargo.

Para o cal tamén solicito que se emita un informe xurídico das responsabilidades nas que pode incorrer o señor alcalde por haber proferido un grave insulto que ofende moi gravemente a miña persoa e a miña familia.

Ademais adxunteille ao señor secretario o corte concreto do audio, informeinon tamén que aconteceu na minutaxe **1:46:32.**

Tamén puido consúltalo en:
https://m.youtube.com/watch?feature=youtu.be&v=FfCasApl3x8

Para tal efecto presentei escrito por rexistro oficial en forma de escrito dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Lalín, para que dera traslado ao Secretario, do mesmo texto din traslado ao Señor Secretario vía email ademais de poñelo en coñecemento verbalmente, e ademais adxunteille o corte concreto do audio. Agora véxome na obriga de elaborar unha moción que diga que ante o insulto proferido contra a miña persoa, o Alcalde non merece estar non posto que está porque hai que respectar ao contrario. E non vale todo, e unha vez máis actuou de mala fe, porque pensou que non o ía oír, e logo aínda tivo a desfachatez de dicir na prensa, ao día seguinte que se refería a seu cuñado. Hai que ter morro. Na parte dispositiva pedirei que ante estes feitos tan graves e tan antidemocráticos deste Pleno unha reprobación de Rafael Cuíña Aparicio.

Debo facer constar que desde os servizos do concello en ningún momento cumpliron e contestaron á parte dispositiva que adxunto non final do parágrafo, polo tanto incumplindo outra vez máis un acordo plenario e avisando que esta moción e

cada un dos informes solicitados se adxuntaran a proceso xudicial reitero (nunca se deu contestación a este acordo): “Solicito ao alcalde tamén informe xurídico sobre a evidencia de que non Pleno se producen interrupcións por parte dos concelleiros do grupo de Goberno e da oposición que non se amonestan, por se esta actuación pode ser constitutiva de unha actuación arbitraria inxustificada do alcalde para co concelleiro non adscrito”.

Unha vez que o debate está candente e parece ser que non parlamento galego tamén e considerando que a gota que colmou o vaso foi a do insulto referido.

**O Pleno da Corporación municipal ACORDOU**:

Que se emita un informe xurídico das responsabilidades nas que pode incorrer o señor alcalde por haber proferido un grave insulto “hijo de puta” que ofende moi gravemente a miña persoa e a miña familia, e demando que dito informe aclare se puido existir arbitrariedade na miña expulsión en sede plenaria e se aclare que ilegalidade cometín ao nomear a Pablo Crespo e á Gürtel.

**<u>17.- EXPEDIENTE 3323/2018. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SUXERINDO PAUTAS PARA A MELLORA DO DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO EN ALGÚNS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO.</u>**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, presentada non rexistro electrónico o día 13 de xuño de 2018, co número de entrada 597. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 25 de xuño de 2018.**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Adiante ten oito minutos.

**D. Juan José Cruz García.** Diríxome a Nico. Contigo si que da gusto falar. Polo menos es entrañable. Home, polo menos escoitas e tal. Ben, vou falar contigo. Falamos nas Comisións Informativas, supoño que ao mellor tedes a ben intentar mellorar esta moción. Ben ves que a queixa si que viña dirixida sobre o Departamento de Servizos Sociais, de feito tiña amparada, que está mal datada e un pouco é para intentar mellorar a xestión que hai nese servizo.

Tiven queixas, fixen a moción pedindo que se habiliten certas cousas para poder mellorar un pouco o que sería a xestión e por iso pedimos a pantalla dixital ó mellor ou algún tipo de forma de xestionar para poder pedir as citas e poder estar atendidos antes.

É obvio que aquí se fixo igual que antes intentando vetar moito o acceso a información e iso tamén xerou un ambiente de crispación, hai moitas cousas que hai que vivilas para entendelas. Polo tanto, eu sigo vendo moi, moi importante a necesidade de abrir o Concello polas tardes. Iso si que é tamén unha realidade, que o cerrou este goberno. Eu estando na oposición vexo que é moi importante ter o Concello aberto polas tardes, pero xa non solo por nós, senón por xente que traballa moitas horas, ou xente que viaxa a outros concellos ou outras cidades de Galicia que

non ten tempo matemático para poder estar non Rexistro do Concello. Polo tanto ese si que era un servizo que había co PP. Ese servizo pois non existe a día de hoxe. Sería óptimo tamén que os concelleiros, unha vez que dicimos... agora volvo ao tema do teléfono, se non temos regulamento orgánico do Concello.

Eu non sei de onde saen moitas conxecturas que facedes en certas cousas. Isto todo xa o pedín fai tempo. Xa tiñamos que haber estado sentados e facer un regulamento orgánico para pequenas cousas coma estas e ilas concretando. Pero é un acordo que non lle dades importancia e creo que si que a ten. Mesmo os funcionarios deste Concello recoñecen que traballando noutros concellos, pois non viron as actitudes que se están vendo aquí, xa que dende a alcaldía se lle daba moitísima máis facilidade ou case toda a facilidade para calquera consulta ou para calquera tema deste tipo.

Todo isto pódese mellorar, claro. Ademais de poderse mellorar, débese mellorar na administración electrónica. Podemos intentar mellorar e habilitar un espazo onde poñer as citas. E outra das cousas que se pide é que se poida abrir o rexistro pola tarde, e que poida estar ese funcionario vixiando ao concelleiro que estea facendo as consultas que crea oportunas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Partido Popular.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Si. Bos días. Nós con respecto a esta sesión, tamén nos chegan queixas nas rebaixas das prestacións e facilidades que se ofrecen aos veciños, non só pola supresión do horario de tarde, como di Juan José, non polo xeito de traballar de algúns concelleiros, e especialmente non Departamento de Servizos Sociais. Queixas que se estenden tamén ao Departamento de Urbanismo, onde os veciños reflicten queixas da lentitude na tramitación de expedientes co actual goberno. Vostedes decidiron reducir os horarios, e as consecuencias son as que se ven agora.

Nós pensamos que si deberían adoptar unha solución, pero estas teñen que chegar da man dos que mandan, non dos técnicos, que son os que fan o seu traballo. Nós estamos de acordo no que plantexa o Concelleiro non Adscrito, pero nos dous primeiros puntos entendemos que deben estar máis vencellados ás posibilidades técnicas para implantar o sistema que din. No caso dos oficios, e da documentación de Secretaría, tamén se debería axilizar o funcionamento dos mesmos, e non ter como ocorre en ocasións, agardando veciños non rexistro, a que Secretaría conforme aos documentos que se expiden. Pola nosa parte, nós imos apoiar a moción inda que pensamos que as melloras teñen que vir propiciadas pola mellora do xeito de traballar do goberno e da optimización dos recursos. Un deses recursos debería ser a apertura, como dixen antes, do Concello pola tarde, que permitiría que moitos lalinenses poidan facer os trámites fora das horas de traballo.

**Nicolás González Casares.** Vou contestar eu, e aparte vai contestar Tomás, a parte que lle toca de algunha cuestión.

En canto á queixa que di Juan, daquilo de Servizos Sociais, é certo que houbo tres días onde acabou o reforzo, tiñamos un traballador administrativo máis un reforzo. Case non mesmo impás un traballador administrativo deuse de baixa e o reforzo administrativo acabou o seu contrato de acumulación de tarefas. Polo tanto, non procedemento administrativo de contratación de substituto, pois houbo tres ou catro días onde aquilo quedou descuberto e houbo que paliar esa actividade, suplindo o resto do persoal.

Non se quitou ningunha prestación. Máis ben ó contrario, Raquel. No Departamento de Servizo Sociais hai máis prestacións, incluso hai máis profesionais que antes, porque temos máis servizos, é dicir, que iso non é certo. O que pasa e que ao ter máis servizos tamén aumenta a carga administrativa. E é ben certo que un solo auxiliar administrativo en Servizos Sociais ten unha tarefa pois moi grande. Hai moito traballo que sacar a adiante, porque son moitas citas. Son moita xente, e sobre todo a atención das citas supón moitísimo do traballo. Non solo se pode pedir cita alí presencialmente, senón que tamén se pode pedir cita vía telefónica ou incluso se podería reservar cita vía telemática, e se pode solicitar, está habilitado.

O problema ven de que o sistema de xestión de citas de servizos sociais, o que pide Juan José, vía telemática, como se fai non SERGAS. Tecnicamente a día de hoxe é imposible, porque o programa de xestión de citas non é do Concello de Lalín. É dicir, en ningún concello de Galicia que está baixo o amparo do SIUSS, creo que Vigo e Coruña si que teñen sistemas diferentes, pero por un nivel competencial diferente, todos os concellos teñen o mesmo sistema, de feito que nós non podemos habilitar unha ventá, para ti por exemplo na túa casa coller o teu certificado dixital e facer a cita telemática ou DNI electrónico ou o que fora, non é posible porque non existe esa ventá, esa habilitación.

En canto o que di Juan José do sistema de pantallas, creo que co nivel de idade co nivel de... sobre todo ao principio xeraría un caos; pero non desbotes que iso o esteamos estudando. O que pasa é que, bueno, vimos o que pasou non ambulatorio, vimos o que pasou en Caixanova, bueno Abanca, e ás veces iso máis ca solucionar o problema aumenta o caos.

En canto ao que dis do Departamento de Urbanismo, o Departamento de Urbanismo, máis de aproximadamente a metade de solicitudes que chegan ao Departamento de Urbanismo, veñen por vía telemática, é dicir, as solicitudes de licenza, as comunicacións previas veñen por vía telemática. Iso aumenta tamén o horario, é dicir, pídense case a calquera hora, agora é evidente, estamos contestando comunicacións previas en menos de quince días, comunicacións previas de obras que son verificadas polo arquitecto. Iso provoca que tamén haxa licenzas que a veces se retarden.

Ben, hai quen di que algúns técnicos son máis rigorosos; outros que son menos rigorosos, e que igual teñen diferente criterio, pero iso é algo que eu non podo cambiar. É dicir, eu non lle podo dicir a un técnico municipal: varía o teu criterio para ser máis rápido; non sexas tan meticuloso. Iso é unha cuestión que decide ese técnico municipal, e que forma... Está fora do meu ámbito de competencias, igual que os traballadores socias cando deciden algo das prestacións sociais, eu tampouco me podo meter nin o fago nunca. Entón en canto a iso, pois digamos que está respondido iso. Eu creo que bueno..., agora falará Tomás; pero debe haber uns cincuenta procedementos que se poden facer por vía telemática, ou máis, solo en urbanismo, é dicir, hai unha chea deles. Eu deixo aí a Tomás.

**D. Tomás Vilariño Fidalgo.** Bo día. Ao respecto do apartado este: que se avance na parte da administración electrónica, para que os veciños poidan facer trámites sinxelos, dende a sede electrónica, dende comezos de 2017, pódese facer o que se chama unha instancia xeral e no que vai de 2018 xa se fixeron un total de 261 instancias xerais destas polo portal da sede, que se poden dirixir a calquera departamento a solicitude que se queira meter non rexistro. No resto de procedementos, como comentaba Nico, o caso de urbanismo e outros, o total de procedementos que se fixeron na sede electrónica está por enriba dos setecentos sumando os 261 estes que comentaba da instancia xeral.

A administración electrónica ten a súa complexidade para algunhas persoas, pero permite que estea aberto pois vinte catro por sete, ou sexa, tódolos días, salvo nos casos nos que na empresa teña que facer algún mantemento nese rexistro, co cal é un servizo que o rexistro evita desprazamentos fisicamente aquí ao Concello e que se poden facer dende a casa.
Ao respecto de pedir a cita pola sede electrónica, poderíase solicitar unha cita cunha solicitude destas dunha instancia xeral, solicitando ao Departamento de Urbanismo, pero creo que non é o obxectivo de pedir unha cita desa maneira. Cando alguén vai a un servizo de cita previa o que lle interesa é que lle respondan no momento para poder saber que horario é, poder cancelar, poder volver pedir outra cousa. Entón habería que buscar... e como non depende de nós, teriamos que preguntar polo tema que comentaba Nico do SIUSS; pero dubido moito que a aplicación da Xunta permita facer esas xestións, porque están ligadas ao que son os técnicos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias. Algo máis?

**D. Juan José Cruz García.** Non. Eu véxoa por debatida. Non quero aburrir máis co tema, xa creo que foi o Pleno largo.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Un inciso nada máis.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si, o que queiras.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Non, soamente o que comentamos de urbanismo. Eu creo que o colapso que hai en urbanismo... é patente eh... é dicir, ti non podes esperar por unha licenza un ano, un ano por unha licenza.

**Nicolás González Casares.** E que creo que non se espera un ano.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Non, non, ensínocha?

**Nicolás González Casares.** Unha cousa é a solicitude e outra... ten que vir todo ben.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Claro, claro, pero a ver, unha fonte de ingresos como pode ser o ICIO para o Concello, non pode estar colapsado un ano, ou sexa, co prexuízo que ten para os veciños.

**Nicolás González Casares.** O ICIO multiplicouse por cinco dende o ano 2015.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** non imos mal non ICIO eh...

**Nicolás González Casares.** O que quere dicir que a actividade de urbanismo multiplicouse.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Exacto.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Xa. Pero ti non estás recuperando eses cartos. A xente non o está pagando, porque tardas un ano en presentar a licenza para unha obra.

**Nicolás González Casares.** Son moi escasos os casos, e son vía requirimento.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Vale, pois logo que casualidade.

**Nicolás González Casares.** A ver Raquel, vamos explicar unha cousa...

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Vamos.

**D. Nicolás González Casares.** Unha cousa é que ti pidas unha licenza hai un ano, vale, e que nun ano non se tramite. A licenza tramítase, pídense requirimentos, e algúns técnicos seguramente son máis meticulosos ca outros e pídenche máis cousas, pero polo trámite vai pasando a tramitación. Hai unha tramitación administrativa, é dicir, por exemplo, digo as comunicacións previas de obra, estanse respondendo agora en menos de quince días.

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Si, as comunicacións previas de acordo, pero estamos falando de licenzas.

**Nicolás González Casares.** Escoita: sabes de onde veñen moitísimos ingresos? De comunicacións previas, si che preocupan tanto os ingresos...

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Non, non. Terán que lle preocupar a vostedes que son os que están gobernando.

**Nicolás González Casares.** E as licenzas de granxas en poucas sitios as dan tan rápido coma en Lalín. E as licenzas de actividades nalgúns casos son moi rápidas; outras máis lentas. Agora vamos a ter unha moción por urxencia, perdón, un punto por urxencia de redución do ICIO, cando a licenza do Laxeiro se pide en abril, vale. A licenza do Laxeiro pídese en abril e a principios de xuño se lle fai un requirimento á Xunta de Galicia que nomea uns técnicos para darlle licenza xa. Hoxe vamos traer a bonificación do ICIO para o do Laxeiro. É unha licenza que leva tres meses. Si ou non?

**Dª Raquel Lorenzo Fernández.** Bueno, pois revisen logo as licenzas, revisen as licenzas que hai pendentes.

**Nicolás González Casares.** Claro que hai licenzas pendentes, pero seguramente todas teñan requirimento por iso cho quería dicir.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Votos a favor da moción do Concelleiro non adscrito?

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non Adscrito.
Votos en contra: ningún.
Abstención: *dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE,*

*unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.*

Xa que logo, **APROBOUSE** moción do seguinte tenor:

Estes días recibín queixas porque o departamento de asuntos sociais do concello, na zona de recepción, estaba saturado. Hai que ter en conta que xa recibimos queixas pola pésima xestión política dos programas de axudas, baixo responsabilidade do tenente alcalde, retrasos, ineficiencia, cambios a peor, excusas de mal pagador, promesas incumpridas, etc.

Chegados a este punto é necesario, ante a inoperatividade do tenente alcalde, é necesario buscar e propoñer solucións. Cremos, desde o noso grupo de traballo, que existen formas de optimizar o servizo. Na rúa o sentir que predomina é o de que as cousas non se están facendo ben. Nós escoitamos as queixas de varios afectados indignados, as nosas tamén e poñemos atención nas reflexións e posibles ideas de solucións que a xente nos conta.

Unha das propostas que nos fixeron chegar para solucionar é perfectamente realizable, cun custo reducido e perfectamente asumible e serviría para arranxar o importante problema de desinformación que sufren os usuarios en espera de ser atendidos. Propoñemos que se coloque unha pantalla dixital enlazada cos diversos departamentos do concello, non só o de asuntos sociais, e que sirva para expedir citas sen saturar o persoal administrativo de recepción. Os veciños agradecerían porque cando teñen que facer trámites ou xestións complexos, que ocupan tempo, a administración colápsase e teñen que facerse colas en moitas ocasións de máis de 10 persoas algunhas só para sacar cita. Os veciños teñen que esperar turno ou marchar sen cita e volver noutro momento ou hasta en ocasións marchar para a súa casa sen cumplir o obxectivo de concretar hora e día para as súas pretensións. Cremos dende o noso humilde punto de vista que unha simple pantalla interconectada con todos e cada un dos departamentos, dotada co software tecnicamente oportuno, aliviaría esas saturacións puntuais que poden xurdir, e desde logo que axudaría moito á organización da vida administrativa e porque non tamén política en Lalín.

Un punto de colocación moi cómodo, con asesoramento de uso e de fácil control sería na recepción da entrada da casa consistorial , así algunha persoa que precise de axuda co sistema sería acompañado en calquera incidencia polo persoal de recepción e ou rexistro.

Incluso na medida do posible recomendaríamos que se avanzase na administración electrónica para que os veciños poidan facer trámites sinxelos desde as súas casas (pedir cita por exemplo).

Noutra orde de valoracións, varios veciños me comentan que verían con bos ollos que se puidera abrir polas tardes (ou algunha tarde) algunhas oficinas (rexistro) do concello e ou sábados, os funcionarios de turno asesorarían non uso da petición de citas e permitirían aportar rexistros e mesmo encauzar e controlar as visitas de información dos concelleiros en horarios non laborais non entorpecendo así a nosa vida laboral (só é cuestión de vontade do alcalde) funcionarios da casa recoñecen que noutros concellos a colaboración e as facilidades que conceden outros alcaldes galegos son máximas, en caso de necesidade ou saturación puntual este servizo

sería de gran valor. As copias demandadas quedarán pedidas oficialmente por rexistro e o Secretario deberá aportalas o antes posible, vía dixital a ser posible (sería posible ao 100%) ou copia que se poderá recoller nestes novos horarios habilitados.

Ademais debemos regular este tipo de actuacións e traballos dos funcionarios e conceder a quen traballe eses días as gratificacións oportunas, sobre todo tendo en conta que as produtividades hai que gañalas facendo horas e quedando rexistro das mesmas.

Na rúa saben que foi Cuíña foi quen pechou o concello en horario de tarde e critican que se perderan servizos e o peor funcionamento agora ca antes por culpa do caos de xestión política.

Como concelleiro non adscrito é a miña obriga escoitar as demandas da veciñanza e pedir que se adopten estas ou outras medidas que axuden a solucionar os problemas que me vai trasladando a xente

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro**: Que se coloque unha pantalla dixital enlazada cos diversos departamentos do concello, non só o de asuntos sociais, e que sirva para expedir citas sen saturar o persoal administrativo de recepción.

**Segundo**: Que se avance na administración electrónica para que os veciños poidan facer trámites sinxelos desde as súas casas (comecemos por pedir cita).

**Terceiro**: Que se proceda a abrir o rexistro do concello de Lalín os mércores en horario de tarde e os sábados en horario de mañá, se dote ao rexistro dos medios necesario, humanos e físicos para facilitar a visita de información e consulta de expedientes dos concelleiros do pleno neses horarios se así o solicitan os mesmos, así como podan rexistrar petición de copias. Que se regule que as copias demandadas, pedidas oficialmente por rexistro, que o secretario teña aportalas o antes posible, vía dixital a ser posible (sería posible ao 100%) ou copia que se poderá recoller nestes novos horarios e espazos habilitados.

**18.- EXPEDIENTE POR URXENCIA 1247/2018. CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN DO ICIO DO 95 % A XUNTA DE GALICIA-CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.**

A Presidencia deu conta do presente expediente presentado por urxencia.

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Bueno, pois, a urxencia ven motivada porque tal e como anunciou xa non punto anterior, foi a Xunta o 26 cando nomeou a dirección de obras e a dirección de execución coordinación de seguridade e saúde. O 28/06/2018 os servizos técnicos municipais de urbanismo informaron favorablemente. Do vinte oito tamén é o informe xurídico do xefe do servizo de urbanismo. E do vinte oito e o informe técnica de xestión tributaria, por iso ven por urxencia esta bonificación do ICIO.

**Nicolás González Casares.** Queres que o explique?

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Non, votar a urxencia.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** do expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE DITA URXENCIA:**

**Dª Teresa Varela Fisteus.** Vale, e agora trátase de declarar de especial interese as obras de ampliación do IES Laxeiro, dicir que si que concorren as circunstancias sociais culturais necesarias para este tipo de declaración, e aprobado este interese poderíase facer unha bonificación non ICIO do 95 %, co cal en vez de pagar 20.628,71 o ICIO bonificado ascendía a 1.031,44.

**Nicolás González Casares.** Iso é unha explicación técnica, e que onte mesmo, é dicir...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Espera, se non cha piden.

**Nicolás González Casares.** non, por unha cuestión...explicar tecnicamente.

**D. Juan José Cruz García.** Xusto a ía pedir porque non tedes moción escrita nin nada, facédelo así...

**Nicolás González Casares.** Está por escrito.

**D. Juan José Cruz García.** Pois a min non ma destes.

**Dª Teresa Varela Fisreus.** Sr. Secretario o. Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Xa, será culpa do Alcalde.

**D. César López Arribas.** Non se escoita.

**D. Juan José Cruz García.** Bueno, que o expliquen ben que ao mellor...

**Nicolás González Casares.** Bueno, pois moi fácil. A Consellería de Educación pretende facer unhas aulas non IES Laxeiro. Pide unha licenza o vinte de abril. Como o vinte de abril pide a licenza, tramítase a licenza, e aí a principios de xuño, non me quero equivocar, ao redor do catro de xuño, o técnico municipal dille que está todo ben, pero que teñen que nomear, como é perceptivo para calquera licenza de obras, un director de obra, un director de coordinación de seguridade e saúde.
A Consellería como non tiña contratada esa xente, eses técnicos, pasaron como 3 semanas. Volvéuselle requirir, dixeron que nomearían, porque senón non podiamos dar a licenza. Antonte mesmo trasladaron que a ese director de obra e ese director de coordinación de seguridade e saúde xa os tiñan contratados. O técnico emitiu o informe, que estaba solo pendente diso, o asesor xurídico tamén. Pero para dar a licenza é preciso pagar o ICIO, e para pagar o ICIO como eles solicitaron a

bonificación, traemos esta bonificación ao Pleno para que sexa o máis rápido posible outorgarlle a licenza canto antes, e que poidan iniciar as obras si pode ser incluso... Onte chamoume a Subdirectora Xeral de Obras da Consellería que querían xa empezar co replanto a semana que ven. Entón intentaremos axilizalo o máximo posible. Polo tanto, Raquel: tamén ves que hai prioridades e prioridades e que esta licenza incluso se é preciso vai ir por decreto.
Outra vez cando foi a anterior licenza do Laxeiro, primeiro dimos a licenza e despois fixemos a bonificación; pero daquelas non existía o regulamento da nova lei do solo, que di que non se poden dar licenzas sen a liquidación previa dos impostos municipais, polo tanto, fixémolo parte de urxencia para que viñera neste Pleno e non tivera que esperar ao seguinte o inicio da obra, nin máis nin menos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Veña. Algunha cousa máis a este respecto? Votos a favor?

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Sra. Concelleira Delegada de Facenda de data 28/06/2018, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE o expediente do seguinte tenor:**

Con data 28 de febreiro de 2018 (Rexistro municipal de entrada nº 1569 de data 05/03/2018), D. Jesús Oitavén Barcala, como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia solicita licenza de obras de reforma e ampliación do IES Laxeiro, para o cal achega o correspondente proxecto básico e de execución.
No mesmo escrito, o interesado solicita que se bonifique o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do Concello.

Con data do 28 de xuño de 2018 o Arquitecto municipal emite informe favorable sobre as obras para as que se solicita licencia e o Xefe do Servizo municipal de Urbanismo emite informe, da mesma data, a efectos da declaración de obra de especial interese e utilidade municipal.

Así mesmo, non expediente consta informe da Técnica de Xestión Tributaria sobre a procedencia da declaración, por parte do Pleno da Corporación, de especial interese e utilidade municipal das obras en cuestión.

Á vista da citada solicitude e dos informes emitidos que obran non expediente, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

**Primeiro:** Declarar de especial interese e utilidade municipal as Obras de Reforma e ampliación do IES Laxeiro non Concello de Lalín (Exp.1247/2018) por concorrer circunstancias sociais e culturais que xustifican tal declaración.

**Segundo:** Como consecuencia do anterior, conceder unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a cal se solicitou licenza pola Consellería de Cultura, Educación e

Ordenación Universitaria.

**19.- <u>EXPEDIENTE 3681/2018. MOCIÓN POR URXENCIA DO PP SOLICITANDO A COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA LARA RODRÍGUEZ PEÑA PARA RESPONDER A PREGUNTAS RELACIONADAS COA DENUNCIA ASINADA CONTRA O PARTIDO POPULAR E SOBRE A CONTRATACIÓN DE TRABALLOS A UNHA PERSOA AFÍN</u>.**

A presidencia deu conta da presente moción presentada por urxencia polo Grupo Municipal Popular durante a sesión.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Moción do Partido Popular adiante.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Presentamos unha moción por urxencia pedindo a comparecencia Lara Rodríguez Peña para responder a preguntas relacionadas coa denuncia asignada contra o PP e sobre a contratación de traballos. Pedímola porque eu advertín, non anterior Pleno, cando fixemos unha serie de preguntas que, se non se respondía ao caso, como así é, pois que íamos a pedir a súa comparecencia. É o motivo polo que pedimos por urxencia, e ven por urxencia porque ata onte a noite non tiñamos a contestación ás preguntas. Bueno, que poida haber algunha pregunta, onde eu lle digo porque na denuncia minten, cando din que hai un informe do Secretario, cando non é do Secretario, e que se nos diga que iso que da igual, ou sexa, nunha denuncia da igual dicir que o Secretario informa a que un técnico a petición do goberno, informa, hai unha meridiana diferencia. Sobre todo porque nós, que sabemos o da denuncia, non temos información sobre a mesma, porque non se nos trasladou dende o Ministerio Xudicial. Polo tanto estamos indefensos, é unha auténtica... digamos, ía utilizar un término pexorativo, é unha auténtica gamberrada, que se poida facer iso, e que haxa esa indefensión. Porque mire, se realmente nos denuncia e non din nada, pois paréceme perfectamente normal: que o xuíz faga o seu traballo como estime oportuno e logo que decida se fai unha actuación ou outra, pero non. Denuncian hoxe e mañá dan unha rolda de prensa. Denuncian hoxe venres, e mañá dan unha rolda de prensa poñéndonos a caldo e mentindo na denuncia. Pásanlle unha denuncia aos medios de comunicación, temos aceso a esa denuncia e resulta que a metade da denuncia basease en falsidades. Oia iso é moi grave. É moi grave que unha denuncia... eu podo entender que haxa denuncias políticas, de feito hainas a miúdo por desgracia, e podo entendelo. Polo tanto ata o punto de terxiversar poñendo en boca do Secretario Xeral, que é o máximo fedatario, o máximo fedatario como demostrarei no Pleno que ven, e o máximo fedatario á hora...digamos de garantir calquera actuación que se faga no Concello, é razoablemente moi grave. Por iso pedimos que compareza e facerlle unha serie de preguntas. É máis intentarei demostrar si é posible, que é unha operación do Alcalde Cuíña utilizando a Lara Rodríguez. Intentarei demostralo. Teño documentación algunha xa, a ver se podo conseguir máis porque non é fácil. Non é fácil porque nesa investigación estamos bastante indefensos, entre outras cousa porque cando caeu a denuncia, eu fun a Secretaría a mirar o que había alí e alí non había nada. Polo tanto, bueno, a min paréceme normal. Cada un xoga as súas bazas, pero o que non vale é todo en política, sobre todo cando se xoga co pan dos fillos. E iso non vale todo. Polo tanto eu quero que compareza, e voulle facer unha serie de preguntas, e asi me terá que responder. Ao mellor resulta que queda claro, sobre todo queda demostrado, que é

unha denuncia baseada exclusivamente en actuacións políticas para debilitar ao contrario, e sobre todo a dúas persoas en concreto que son Román Rodríguez e máis eu. Moitas gracias.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Espero que o poida demostrar eh. Insisto, porque teño a conciencia cristalina, porque nunca o faría, cristalina eh.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Tranquilo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non me veña outra vez con tranquilo. Eu tranquilo estou.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non próximo pleno verémolo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Digo cristalina, e insisto que eu nunca xudiciliaría a vida política de Lalín como fixeron vostedes comigo.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Por is contrata un avogado. Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Si, si, moi ben, é o mesmo. Non? Lara é parva, é certo que Lara é parva si, Lara e a APAC son parvos. Iso é certo. Poña que é con retranca.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** non. o que lle quero dicir, mire, sei que non me vai querer crer ou tal, o que lle vou dicir e que eu nunca o denunciarei a vostede.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vale, veña, fin do tema. O que quero dicir en pleno é que eu a vostede nunca o denunciaría Que lle quede ben claro. Veña votamos na comparecencia. Ah... primeiro urxencia.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **APROBOUSE DITA URXENCIA:**

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** E a comparecencia...Lara que queres que votemos?

**Dª Lara Rodríguez Peña.** Non se escoita.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Votos a favor da comparecencia?

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non Adscrito.

Votos en contra: ningún.
Abstención: *dez (10), sendo cinco (5) de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG- PSOE, unha (1) do BNG e unha (1) da APAC.*

Xa que logo, **APROBOUSE** moción do seguinte tenor:

No Pleno do pasado 25 de maio de 2018, o grupo municipal do Partido Popular realizou unha serie de preguntas á Concelleira Lara Rodríguez relacionadas coa presentación dunha denuncia contra os compoñentes das Xunta de Goberno do Partido Popular e relativas á adxudicación directa duns traballos a unha persoa do entorno familiar dun dos dirixentes de APAC. Ditas preguntas non foron respondidas na devandita sesión plenaria e a concelleira decidiu respondelas por escrito.

O día 28 de xuño de 2018, o grupo municipal do Partido Popular recibe ditas respostas por escrito, con afirmacións moitas de elas pouco clarificadoras e algunhas de elas ata sorprendente.

Nesas respostas, a concelleira cualifica de “equivocación” sen transcendencia o feito de atribuir un informe realizado por un Técnico de Administración Xeral ao Secretario Xeral do Concello que en ningún caso tivo nada que ver con dito informe.

Tamén volve a incidir na pregunta incompetencia de Viravolta para facer un proxecto sobre o Museo do Títere do que son creadores e fundadores e da que son os maiores expertos de Galicia. Capacidade que se denota para xustificar a adxudicación dos traballos a unha persoa afín.

Ante a serie de respostas vagas e moitas de elas inexactas ofrecidas e a insistencia en defender posturas insostibles, o grupo municipal do Partido Popular entende que é necesario de máis aclaracións sobre estas e outras cuestións, polo que solicita se tome o seguinte:

**O Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

A comparecencia da concelleira Lara Rodríguez non vindeiro pleno para responder ás preguntas que se lle formulen sobre temas relacionados coa contratación discrecional de traballos a unha persoa do entorno da súa formación política e para aclarar temas relacionados ca denuncia asinada pola Concelleira.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Vexo que estamos conectado mentalmente, co cal está ben. É un signo de coordinación.

**20.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**PP.**

**ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias.** Digo que pídolle un respecto ao goberno para o Conselleiro Román Rodríguez como compañeiro noso que foi, porque inda que non ánimo de criticar por parte de vostedes que son contrarios politicamente, é lóxico que se fagan certas aseveracións. Dicir o que se afirmou hoxe aquí, que non se preocupa de Lalín. Bueno, a última proba é que ven... hoxe veu a pleno por urxencia

quitarlle o ICIO, rebaixar o ICIO ao mínimo permitido pola lei dunha obra que vai permitir a Consellería no Laxeiro, que non é a primeira, nin a segunda. Creo que é a terceira dende que el está aí. Bueno a segunda ou a terceira, non o sei. Quero dicir que é unha obra importante. Aí hai o viveiro de empresas. Hai unha serie de cousas, e creo que non me parecen de xustiza esas aseveracións que se fan.

**O Sr. Alcalde-Presidente** *quedou enterado.*

**ROGO.-** Logo, aquí con respecto ao rogo, vamos a ver, eu quérolles dicir, para que despois non se dean... para que non haxa mal rollo entre nós e vostedes. Queren, mire. Eu rógolles que para sentarnos a negociar con vostedes os remanentes do ano pasado, esiximos que se nos envíen as memorias, non os proxectos, porque sei que non da tempo de facelos en tan pouco tempo. Pero as memorias polo menos para saber ao que nos atemos, das obras que poidan incluírse como financeiramente sostibles e que foron a probadas ao longo deste mandato por maioría e que estean pendentes, e logo... Porque do contrario, nós votarámoslle sistematicamente en contra todo aquelo que veña con cargo a remanentes.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A nós non, aos veciños.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Salvo que vostedes se senten connosco e pactemos un paquete de obras, e que nos digan o que valen, porque a min non me vale que vostedes fagan as memorias e os proxectos das cousas que vostedes queren que veñan, e das cousas que nós queremos que veñan... Nós aprobamos aquí unha serie de alcantarillados, que están aprobados por maioría, a algún por unanimidade non pleno, e que non veñen aquí, polo tanto.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Sr. Crespo: mire, voulle dicir unha cousa, para marcar as pautas un pouco. Punto número un: isto é rogos e preguntas. Pídolle que non se estenda e vou respectar o seu turno de palabra.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** De acordo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Punto dous: o goberno vai contestar a todo por escrito. De acordo?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** De acordo.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Gracias.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Eu dígolle...Non, xa está non se preocupe eu prefiro. Do contrario nós votaremos en contra, xa llo advirto, sistematicamente, veña o que veña, con todo aquelo que queiran incorporar con tema de remanentes. Unha vez vistas as memorias que vostedes nos teñen que facilitar, na que deberá estar entre outras cousas o arranxo integral da Praza de Abastos, que viña por así dicilo unha primeira fase hoxe, e que queremos que veña nun único proxecto, porque despois a nosa parte non a van facer. Sabe porque hoxe rexeitamos iso? Rexeitamos iso precisamente porque sabemos que a segunda parte que nós pidamos non nós van facer nin puñetero caso. E así vai vir todo nun único paquete, que é o que queremos como veu demostrado hoxe, e comprometémonos con vostedes a negociar un paquete de obras, onde estean precisamente a totalidade do arranxo da Praza de

Abastos, para que quede definitivamente arranxado. Despois verán vostedes se nós queremos ou non. Iso con respecto ao día tres, se seguen mantendo a convocatoria do día tres...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Por favor, a ver, isto é rogos e preguntas.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Rógolle que se seguen mantendo... e moi susceptible de interpretación...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Suspendemos a convocatoria do día tres. Continúe veña. Suspendida.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Pois nós mandarémoslle unha persoa dicíndolle isto, fagan as memorias, mándenolas, e sentámonos.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Suspendida a convocatoria do día tres. Continúe por favor.

**O Sr. Alcalde-Presidente** *quedou enterado.*

**PREGUNTA.- Xosé Crespo Iglesias.** Ben, de acordo. Viña unha pregunta para Nicolás González ou para Paco Vilariño. Non sei quen terá que contestar, Francisco Vilariño. Perdón.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** A multa do coche...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Nos decretos do pasado pleno viña unha multa de 600 euros, que é continuación dunha multa de 200, que a Policía Local impuxo non mes de febreiro a un Opel Moka. Trae o nome de titularidade municipal.

**PREGUNTA.-** A que servizo está adscrito este vehículo municipal? Primeiro...

**O Sr. Alcalde-Presidente** *quedou enterado.*

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-** Segundo: Quen é o responsable político do mesmo?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Hai días para iso. Para iso hai días.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Por que motivo lle impuxeron...si, non... contésteme para o próximo pleno.

**PREGUNTA.-** Por que motivo lle impuxeron unha multa en febreiro?...

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Digo que hai días que é de un e hai días que é de outro.

**PREGUNTA.-** Por que motivos lle impuxeron a multa en febreiro coincidindo cun día de feira?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-**A Policía Local avisou aos responsables dalgún departamento par que retirasen o coche?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-** Por que non se retirou?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-**Por que a multa empezou sendo de 200 euros e agora acabou en 600?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-**Quen se vai facer cargo da sanción ou van a endosarlle ao Concello a mesma?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

Ben. Iso é con respecto ó da multa.

Logo temos, con respecto ás subvencións de AED, home, a nós parécenos que non é correcto por parte do Alcalde que faga unhas valoracións, dicindo o que da ou deixa de dar a AED comparando connosco.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Cal é a pregunta?

**PREGUNTA.- Xosé Crespo Iglesias.** Pregunta que lle fago. É vostede consciente do que negociabamos o anterior goberno ca AED para aforrar fondos propios con outras administracións?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-**Segundo, vostede sabe canto se lle dou a AED, na miña etapa, por exemplo, xestionando cousas nós coa Deputación ou coa Xunta de Galicia, ou con outras entidades, nalgún caso bancarias, perdón, quen xestionaba iso?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

É dicir, agora ven algo da Deputación... vostedes danlle...a revista e algo máis. Vostede, o chocolate do loro; vostedes danlle máis cartos do Concello porque non son capaces de xestionar con outras administracións, chámese Xunta de Galicia, chámense entidades financeiras, e chámese incluso Deputación. Que vergoña lles debería dar. Eu solo lle poño un dato e acórdome que a Deputación...

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Perdón, perdón. Non quero ser mal educado con

vostede, as pautas son as pautas. Preguntas por favor. Está?

**PREGUNTA.- D. Xosé Crespo Iglesias.** Perdón, estou tomando nota. Xestionou vostede como Alcalde para a AED, para a Asociación de Empresarios do Deza algunha subvención de outra administración para que lla deran alí como faciamos nós?

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**PREGUNTA.-** Dígame cal, si é que xestionou con algunha dígame cal e canto é a contía?

Porque loxicamente a vostede gústalle moito facer cadros comparativos, farémolos todos? non se preocupe que eu negociei moitas cousas pa AED, moitas, cursos etc, etc, moitas.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Non o dubido, veña.

**O Sr. Alcalde-Presidente** *dixo que respondería por escrito.*

**ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias.** Home eu non sei, si metelo coma un rogo ou coma unha pregunta, pero eu creo que non pode pasar desapercibido o feito do comportamento de algúns membros do goberno. Polo tanto eu voulle dar unha oportunidade ao Tenente Alcalde, que non debería, pero voulle dar unha oportunidade para que se o ten a ben se explique o que pasou o vinte de maio a noite, non hoxe. Explíquemo cando queira, o vinte maio a noite, porque temos versións contrapostas, e temos certos datos. É dicir: mire. Eu xa sei que é a vida privada, que é o que dixo vostede, ten razón, que é certo, pero como na política somos tan pejigueros todos, e a todo dios lle metemos o dedo non ollo ó outro, a política vai a eidos privados que non debería ir. Pero aquí se xogamos, xogamos todos, e se o Sr. Conde Roa, perdón de o Sr. Espadas, concelleiro de Santiago ten que dimitir porque colleu unha cogorza monumental un día e quedou atascado non medio dunha rúa, non me parece normal, que un membro do goberno de Lalín pois lle pasara o que creo que lle pasou. Por iso quero unha explicación. Entón si o ten a ben, non próximo pleno eu pídolle que dea unha pequena explicación e a cousa non vai a máis.

**D. Nicolás González Casares.** Eu tamén voulle facer un rogo, porque onte publicou vostede unha cousa non facebook, que as veces... si, unha cousa sobre min non facebook...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Home vostedes a nós que tal nons trata non xulgado?

**D. Nicolás González Casares.** Non, non, e voulle... eu non o metín non xulgado nunca, xente próxima ao PP si...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Vostede é do goberno que meteu a oposición non xulgado.

**D. Nicolás González Casares.** Quero dicirlle unha cousa, para que teña claro e teña claro todo este pleno, mire, hai sete meses aproximadamente recibín unha denuncia, por todos coñecida, van sete meses alá desa denuncia, non estou nin

investigado, nin me chamou a declarar ningún xuíz, entón quero que sexan conscientes da realidade, e a realidade é a que é, seguramente cando un xuíz non chama a unha persoa a declarar tras unha denuncia despois de sete meses será que a cousa non é tan grave, por exemplo chamou a outras persoas, entón bueno, que teñan precaución, e as cuestións que se advirten ou que se din, que eu tamén son unha persoa tranquila, creo que xa me vai coñecendo, teño días, son unha persoa tranquila, son unha persoa bastante... trato de ser serena e cabal, pero tamén teño a miña paciencia, vale, entón bueno, entenda vostede, que vostede antes falaba do pan dos seus fillos, eu non teño fillos pero pan faime falta como a calquera, e pode ser que teña necesidade non futuro de pan para os meus fillos, que inda estou a tempo...

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Iso sería necesario e obrigatorio.

**D. Nicolás González Casares.** Pero o que lle quero dicir con isto é que midamos moito, porque todos, creo que eu e o grupo que represento e tamén moitos membros do goberno, tamén estamos facendo un exercicio de responsabilidade, e non creo que ser sospeitoso de elevar o ton eu en ningún caso, non o creo, non o fago nunca, e trato de ser correcto, solo unha vez neste pleno metín a pata cunha persoa, e a verdade é que doeume bastante porque dinme conta e incluso non se deu conta case ninguén, pero esa persoa si que se decatou, é o único que fixen de elevar o ton nun pleno ou a incorrección, polo tanto quero que quede claro todo iso.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Tenente Alcalde, acepto o pulpo como animal de compañía. Só lles digo unha pequena reflexión, porque vostede antes de estar non goberno era a organización dun partido que a min me criticou moito non eido persoal, moito. Vostede sabeo. non podo dicir o mesmo do Sr. Cuíña, nin podo dicir o mesmo do Sr. Paco Vilariño, nin de Lara que non estaban. Pero vostede si, vostede si que me criticou moito non persoal, e iso así como lle doe a vostede, tamén me doe a min. Mire, eu solo lle digo unha cousa: por iso non quixen facer sangue, o que lle pasou a vostede en Vilatuxe, o que lle pasou a vostede o outro día, o que lle pasou... tres veces que pasou nesta lexislatura. Se me chega a pasar a min, asegúrolle que me desguazan. O que lle pasou a vostede, se me pasa a min, inda que fora do eido privado, que era, se me chega a pasar a min, desguázanme, desguázanme en anaquiños.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Solo por alusións a min. Como vostede recoñece, eu nunca me metín na súa vida privada. Nunca é nunca. E iso que vostede máis eu coñecémonos moi ben. Hai escasos días vostede si se meteu na miña vida privada nunha emisora de radio, incluso falando, terxiversando, pero bueno, falando incluso dalgunha empresa privada. Pero bueno, vouno dar por esquecido. Ten máis rogos e preguntas?

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, que non me tome o pelo, solo lle fago ese rogo, non me tome o pelo por favor.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Dixen algunha mentira do que acabo de dicir.

**D. Xosé Crespo Iglesias.** Si, porque vostede se me puidese enterrar dez metros baixo terra, enterrábame vivo, vivo, e vostede sabe que é así, e di o contrario, porque vostede di unha cousa e fai a contraria. E que sabes que pasa, o Tenente Alcalde ten

algúns defectos que as veces pois na vida persoal, pois pásalle como nos pasa a moitos e ao mellor se cadra comete erros, de acordo, pero vostede fala moi ben pero obra moi mal.

**O Sr. Alcalde-Presidente** *quedou enterado.*

**D. Nicolás González Casares.** Bueno. Se me desculpan vou a mesa de contratación.

**D. Rafael Cuíña Aparicio.** Temos que pechar un tema importante hoxe, o de Zobra precisamente.

Ten algunha cousa máis o Partido Popular? Entendo que non.

Sr. Cruz, ten algunha cuestión, algunha cousa? Fin do Pleno. Moitas gracias.

E, sendo as **catorce horas e trinta e catro minutos** do mesmo día non que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e non mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas